

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**17264** *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

Como comezaba afirmando a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), as sociedades actuais conceden grande importancia á educación que recibe a súa mocidade, na convicción de que dela dependen tanto o benestar individual como o colectivo. Mentres que para calquera persoa a educación é o medio máis adecuado para desenvolver ao máximo as súas capacidades, construír a súa personalidade, conformar a súa propia identidade e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica, para a sociedade é o medio máis idóneo para transmitir e, ao mesmo tempo, renovar a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan, extraer as máximas posibilidades das súas fontes de riqueza, fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo fundamental de lograr a necesaria cohesión social.

Esa convicción de que unha boa educación é a maior riqueza e o principal recurso dun país e dos seus cidadáns e cidadás foi xeneralizándose nas sociedades contemporáneas, que se dotaron de sistemas educativos nacionais cada vez máis desenvolvidos para facer realidade os seus propósitos nese ámbito. Visto o proceso con perspectiva histórica, pode dicirse que todos os países prestaron considerable atención aos seus sistemas de educación e formación, buscando ademais como adecuados do mellor modo posible ás circunstancias cambiantes e ás expectativas que neles se depositaban en cada momento histórico.

En consecuencia, os sistemas educativos experimentaron unha grande evolución, até chegar a presentar na actualidade unhas características claramente diferentes das que tiñan no momento da súa creación. E de aí deriva tanto o seu carácter dinámico como a necesidade de continuar actualizándoos de maneira permanente.

A universalización do ensino primario, obxectivo histórico temperán, xa se alcanzou nalgúns países a finais do século XIX. No século XX estableceuse e estendeuse o acceso xeneralizado da poboación á educación secundaria e, a finais deste, converteuse en obxectivo prioritario que a educación para todos fose de calidade. A partir dese momento as organizacións e entidades supranacionais foron propondo metas educativas cada vez máis ambiciosas, que se trasladaron ás diversas situacións nacionais.

España foise sumando de modo decidido a este proceso con varias leis educativas. A Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e de financiamento da reforma educativa (LXE), e a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE), declararon a educación como servizo público, posibilitando a súa xeneralización. Posteriormente, a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) estableceu en dez anos o período de obrigatoriedade escolar e impulsou a formación profesional. Como consecuencia deste proceso, a finais do século XX a mocidade española estaban escolarizada entre os seis e os dezaseis anos, e eran moitos os que comezaban antes a súa escolarización e a prolongaban despois.

A comezos do século XXI a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (LOCE), proclamaba desde o seu título o propósito de lograr unha educación de calidade e formulaba unha serie de medidas que foron obxecto de polémica e discusión. Desde eses anos, a sociedade española asumiu de modo decidido que cómpre mellorar a calidade da educación, pero tamén que a calidade e a equidade son dous principios indisolubles, como sinalaron as máis importantes avaliacións internacionais.

Esta convicción acerca da necesidade de acadar o éxito escolar de toda a mocidade levou o Ministerio de Educación e Ciencia a promover en 2004 un debate baseado na publicación do documento Unha educación de calidade para todos e entre todos. De acordo cos resultados do debate desenvolvido, a Lei orgánica de educación (LOE) de 2006 fixo seu o obxectivo irrenunciable de proporcionar unha educación de calidade a toda a cidadanía en todos os niveis do sistema educativo; é dicir, unha educación baseada na combinación dos principios de calidade e equidade.

Para alcanzar ese obxectivo tan ambicioso, a LOE subliñou a necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaborasen para conseguilo. En efecto, a responsabilidade do éxito escolar de todo o alumnado non só recae sobre o esforzo do alumnado individualmente considerado, senón tamén sobre o das súas familias, o profesorado, os centros docentes, as administracións educativas e, en última instancia, sobre a implicación da sociedade no seu conxunto. É dicir, para garantir unha educación de calidade para todos os cidadáns é imprescindible o compromiso de todos os compoñentes da comunidade educativa e do conxunto da sociedade. Unha das consecuencias máis relevantes do principio do esforzo compartido consiste na necesidade de levar a cabo unha escolarización equitativa do alumnado.

A LOE tamén adoptou un compromiso decidido cos obxectivos educativos formulados pola Unión Europea e a Unesco. Estas institucións propoñían mellorar a calidade e a eficacia dos sistemas de educación e de formación, mellorar a capacitación dos docentes, promover a sociedade do coñecemento, garantir o acceso de todos ás tecnoloxías da información e da comunicación, aumentar a matriculación nos estudos científicos, técnicos e artísticos, aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles e incrementar o investimento en recursos humanos. Finalmente, estas institucións propoñían fomentar a aprendizaxe ao longo de toda a vida. A Unesco propuxo desenvolver en todas as etapas educativas e na formación permanente un ensino que garantise a toda a cidadanía capacidades de aprender a ser, de aprender a saber, de aprender a facer e de aprender a convivir.

Co fin de conseguir que estes obxectivos puidesen alcanzarse, a LOE propuxo a construción de contornos de aprendizaxe abertos, a promoción da cidadanía activa, a igualdade de oportunidades e a cohesión social, así como a adquisición dos coñecementos e as competencias que permiten desenvolver os valores da cidadanía democrática, a vida en común, o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos.

Hai que destacar tamén que a LOE considerou imprescindible establecer procedementos de avaliación dos distintos ámbitos e axentes da actividade educativa, non só do alumnado. A propia lei definiu as avaliacións que deberían realizarse sobre os procesos educativos e as aprendizaxes do alumnado como elementos esenciais para coñecer o funcionamento de ambos e os resultados obtidos polo alumnado escolarizado nas etapas obrigatorias.

A todos estes obxectivos establecidos na LOE e de acordo cos obxectivos europeos, que continúan sendo válidos aínda, e que precisan de actualización, súmanselles outras propostas da recente Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable no relativo á educación. Non obstante, é certo que algunhas das propostas previstas en 2006, despois dos anos transcorridos, requiren a súa actualización para alcanzalas.

A dita actualización resulta, ademais, especialmente necesaria despois de que a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modificase algúns dos obxectivos mencionados. Pode afirmarse que a dita lei representou unha ruptura do equilibrio que se alcanzara na LOE entre diferentes visións e consideracións acerca da educación que deben necesariamente convivir nun sistema democrático e plural.

Así, a LOMCE propuxo unha ordenación académica que configuraba traxectorias ou itinerarios de desigual valor educativo para os estudantes de educación secundaria obrigatoria e que, ademais, conducían a títulos diferentes, tras a realización dunhas avaliacións externas de fin de etapa asociadas a esa diversidade de itinerarios. Hai que sinalar que tales avaliacións finais de etapa non chegaron a aplicarse, o que xerou diversos problemas no momento da titulación.

Por outra parte, a LOMCE desenvolveu un modelo curricular baseado na diferenciación de materias troncais, específicas e de libre configuración, e na introdución de estándares de aprendizaxe, que supuxo o abandono do modelo compartido tradicional de deseño curricular e produciu como efecto indesexado a multiplicación de materias e currículos diferentes.

En relación coa autonomía e goberno dos centros, a LOMCE limitou a participación dos distintos sectores da comunidade educativa, reducindo as competencias dos órganos Colexiados e transferindo parte delas a unha dirección escolar sobre cuxa selección adquiría un maior grao de control a Administración educativa. Nesa mesma dirección, introduciu a denominada especialización curricular dos centros educativos e adoptou algunhas outras medidas que implicaron, de feito, un aumento das desigualdades entre eles.

Finalmente, no que se refire á distribución das competencias en materia de educación, a LOMCE rompeu co equilibrio establecido polas leis anteriores, que atribuían á Administración central un 55 % das competencias curriculares no caso das comunidades autónomas con lingua cooficial, e un 65 % no resto. De feito, a nova distribución competencial limitaba a capacidade de decisión das comunidades autónomas na regulación das materias, as metodoloxías, as avaliacións de diagnóstico para a mellora educativa, a ordenación das ensinanzas, así como en materia de promoción e titulación.

A LOMCE recibiu moitas críticas e suscitou non pouca controversia no ámbito social e educativo, e foron moitas as persoas e organizacións que solicitaron a súa reversión. Os conflitos suscitados levaron mesmo á non aplicación de varias das principais medidas propostas na dita lei, o que orixinou algúns problemas indesexados.

En consecuencia, parece necesario revertir os cambios promovidos pola LOMCE, especialmente aqueles que encontraron maior oposición. Non obstante, como se sinalou máis arriba, non se trata simplemente de recuperar as disposicións legais preexistentes a 2013. Os anos transcorridos desde a aprobación da LOE aconsellan revisar algunhas das súas medidas e acomodalalas aos retos actuais da educación, que compartimos cos obxectivos fixados pola Unión Europea e a Unesco para a década 2020/2030.

Os anos que pasaron entre a aprobación da LOE (2006) e a actualidade non transcorreran en balde: a crise económica supuxo cambios importantes no papel da educación e na percepción que a sociedade ten desta. A educación sufriu a crise, padeceu –especialmente a de titularidade pública– os seus recortes, pero, á vez, serviu de refuxio para moitas persoas e revalorizou o seu papel: nun contexto de moi alto paro xuvenil reduciuse significativamente a taxa de abandono temperán da educación e a formación e incrementáronse as taxas de escolarización nas idades non obrigatorias, especialmente en formación profesional. A proposta legal que se presenta quere consolidar e afondar esta última tendencia e vincularse ás demandas de maior participación e recoñecemento no currículo dos movementos sociais que a crise impulsou. A educación debe aumentar a súa implicación na sociedade e no tecido produtivo, apostando pola formación profesional e pola revitalización dos órganos de participación, e non limitar o seu papel á xeración de persoas egresadas.

Así mesmo, o uso xeneralizado das tecnoloxías de información e da comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá acelerou cambios profundos na comprensión da realidade e na maneira de comprometerse e participar nela, nas capacidades para construír a propia personalidade e aprender ao longo da vida, na cultura e na convivencia democráticas, entre outros. Este cambio de enfoque require dunha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía, de como este impacto é diferente nas mulleres e os homes, e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e ambiente,

que se desenvolva tanto na competencia dixital do alumnado como na competencia dixital docente. En consecuencia, faise necesario que o sistema educativo dea resposta a esta realidade social e inclúa un enfoque da competencia dixital máis moderno e amplo, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Nestas novas circunstancias, faise necesario conceder importancia a varios enfoques que resultan claves para adaptar o sistema educativo ao que del exixen os tempos a que nos enfrentamos. En primeiro lugar, a lei inclúe o enfoque de dereitos da infancia entre os principios reitores do sistema, segundo o establecido na Convención sobre os dereitos do neno de Nacións Unidas (1989), e recoñece o interese superior do menor, o seu dereito á educación e a obrigaón que ten o Estado de asegurar o cumprimento efectivo dos seus dereitos.

En segundo lugar, adopta un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e fomenta en todas as etapas a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual, introducindo na educación secundaria a orientación educativa e profesional do alumnado con perspectiva inclusiva e non sexista.

En terceiro lugar, formula un enfoque transversal orientado a que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros educativos e unha maior personalización da aprendizaxe.

En cuarto lugar, recoñece a importancia de atender o desenvolvemento sustentable de acordo co establecido na Axenda 2030. Así, a educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía mundial debe incardinarse nos plans e programas educativos da totalidade do ensino obrigatorio, incorporando os coñecementos, capacidades, valores e actitudes que necesitan todas as persoas para vivir unha vida frutífera, adoptar decisións fundamentadas e asumir un papel activo –tanto no ámbito local como mundial– á hora de afrontar e resolver os problemas comúns a todos os cidadáns do mundo. A educación para o desenvolvemento sustentable e para a cidadanía mundial inclúe a educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como a educación para a transición ecolóxica, sen descoidar a acción local, imprescindibles para abordar a emerxencia climática, de modo que o alumnado coñeza que consecuencias teñen as nosas accións diarias no planeta e xerar, por conseguinte, empatía cara á súa contorna natural e social.

En quinto lugar, a lei insiste na necesidade de ter en conta o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que, forzosamente, afecta a actividade educativa. O desenvolvemento da competencia dixital non supón soamente o dominio dos diferentes dispositivos e aplicacións. O mundo dixital é un novo hábitat no cal a infancia e a mocidade viven cada vez máis: nel aprenden, relaciónanse, consomen e disfrutan do seu tempo de lecer. Co obxectivo de que o sistema educativo adopte o lugar que lle corresponde no cambio dixital, inclúese a atención ao desenvolvemento da competencia dixital dos e das estudantes de todas as etapas educativas, tanto a través de contidos específicos como nunha perspectiva transversal, e facendo fincapé na fenda dixital de xénero.

A adopción destes enfoques ten como obxectivo último reforzar a equidade e a capacidade inclusiva do sistema, cuxo principal eixe vertebrador é a educación comprensiva. Con isto faise efectivo o dereito á educación inclusiva como dereito humano para todas as persoas, recoñecido na Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, ratificada por España en 2008, para que este dereito chegue a aquelas persoas en situación de maior vulnerabilidade.

A cidadanía reclama un sistema educativo moderno, máis aberto, menos ríxido, multilingüe e cosmopolita que desenvolva todo o potencial e talento da nosa mocidade, cuestións que son amplamente compartidas pola comunidade educativa e pola sociedade española. En relación co benestar dos nenos e nenas, a OMS considera que as escolas e outros establecementos educativos son institucións privilexiadas para o benestar dos nenos e nenas. Polo tanto, o benestar nutricional dos nenos e nenas nas escolas debe ter unha importancia capital e sentar os alicerces para o benestar dos menores. Isto tamén é

congruente coa recomendación formulada en 2004 na Estratexia mundial sobre réxime alimentario, actividade física e saúde, pola que se instan os gobernos a adoptaren políticas que apoién un réxime alimentario saudable nas escolas. A promoción da saúde no ámbito educativo contribúe a que os grupos de poboación máis nova, independentemente de factores como clase social, xénero ou nivel educativo alcanzado polos seus pais e nais ou outras figuras parentais, desenvolvan unha vida máis saudable.

Pero garantir unha formación adecuada pasa necesariamente por proporcionar unha formación integral, que se centre no desenvolvemento das competencias, e que sexa, por unha parte equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias e á tecnoloxía e á actividade física e, por outra, na medida en que avanza a escolaridade, que poida ir proporcionando a formación básica imprescindible para seguir formándose. Deste modo, cómpre favorecer a ineludible presenza daqueles elementos que, como as matemáticas no campo das ciencias e a tecnoloxía ou as linguas no campo das humanidades e ciencias sociais constitúen a base necesaria e son claves para avanzar en cada campo de coñecemento. Só estas condicións garanten que a educación ten o necesario compoñente orientador, que favorece realmente todas as opcións formativas posteriores.

Así pois, a finalidade desta lei non é outra que establecer un renovado ordenamento legal que aumente as oportunidades educativas e formativas de toda a poboación, que contribúa á mellora dos resultados educativos do alumnado e satisfaga a demanda xeneralizada na sociedade española dunha educación de calidade para todos. Eses e non outros son os seus obxectivos centrais. Ademais, esta lei pretende cumprir as propostas do ámbito educativo incluídas no Informe da Subcomisión do Congreso para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero aprobado o 28 de setembro de 2017.

A presente lei orgánica, así como a normativa que se dite no seu desenvolvemento, en prol do respecto das competencias e singularidades establecidas na Constitución e incluídas nos estatutos de autonomía das diferentes comunidades autónomas, deberá garantir a orde competencial de cada unha das comunidades autónomas en materia educativa, con especial respecto á singularidade propia derivada dos dereitos históricos dos territorios forais, tal e como recoñece a disposición adicional primeira da Constitución.

De acordo con tales supostos, a lei estrutúrase nun artigo único de modificación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE). Este artigo inclúe noventa e nove puntos, en cada un dos cales se modifican parcialmente ou se dá nova redacción a setenta e sete artigos da LOE, dezanove disposicións adicionais e tres disposicións derradeiras, unha das cales modifica varios artigos da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. Incorpora a lei, ademais, oito disposicións adicionais, cinco transitorias que regulan distintos aspectos do período de implantación, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras relativas ao desenvolvemento regulamentario, o calendario de implantación e a entrada en vigor.

No título preliminar da LOE engádense ou modifícanse varios artigos en relación cos asuntos que se describen a continuación. Entre os principios e os fins da educación inclúese o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os dereitos do neno de Nacións Unidas, a inclusión educativa e a aplicación dos principios do deseño universal de aprendizaxe, é dicir, a necesidade de proporcionar ao alumnado múltiples medios de representación, de acción e expresión e de formas de implicación na información que se lle presenta.

En relación coa organización das ensinanzas e a aprendizaxe ao longo da vida, engádense unhas precisións sobre a educación básica, co fin de garantir a continuidade, coordinación e cohesión entre as dúas etapas que a compoñen e de resaltar que a súa finalidade consiste en universalizar os coñecementos e as competencias que permitan aprender a todos os alumnos e alumnas a aprender ao longo da vida e que lles faciliten a súa plena participación social e laboral.

Con respecto ao currículo, dáse unha nova redacción á súa definición, aos seus elementos básicos e á distribución de competencias entre o Goberno e as comunidades

autónomas. Nesta redacción trátase de garantir unha estrutura do currículo ao servizo dunha educación inclusiva e acorde coa adquisición de competencias, que valore, ademais, a diversidade.

Tamén se asegura unha formación común, garántese a homologación dos títulos, encoméndase ao Goberno a fixación dos obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación dos aspectos básicos do currículo que, en conxunto, constitúen o que se coñece como ensinanzas mínimas, e, ás administracións educativas, o establecemento do currículo das distintas ensinanzas. Recupérase a distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas no relativo aos contidos básicos das ensinanzas mínimas, que requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial e o 60 por cento para aquelas que non a teñan, e establécese, así mesmo, a asignación dunha porcentaxe aos centros. Ademais, faise referencia á posibilidade de establecer currículos mixtos de ensinanzas do sistema educativo español e doutros sistemas educativos, conducentes aos títulos respectivos.

No título I da LOE, na ordenación e os principios pedagóxicos da educación infantil, incorpórase o respecto á específica cultura da infancia que definen a Convención sobre os dereitos do neno e as observacións xerais do seu comité. Así mesmo, outórgase un mandato ao Goberno en colaboración coas administracións educativas para regular os requisitos mínimos que deben cumprir os centros que imparten o primeiro ciclo desta etapa.

Ofrécese unha nova redacción para a etapa de educación primaria, en que se recuperan os tres ciclos anteriormente existentes, reordenanse as áreas, que estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias do alumnado e poderán organizarse en ámbitos, e engádese no terceiro ciclo unha área de Educación en Valores Cívicos e Éticos, na cal se prestará especial atención ao coñecemento e respecto aos dereitos humanos e da infancia, aos recollidos na Constitución española, á educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía mundial, á función social dos impostos e a xustiza fiscal, á igualdade de mulleres e homes e ao valor do respecto á diversidade, fomentando o espírito crítico, a cultura de paz e non violencia e o respecto polo contorno e os animais.

Nesta etapa porase especial énfase en garantir a inclusión educativa, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Deberase dedicar un tempo diario á lectura, e establécese que a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a creación artística, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade e do espírito científico se traballarán en todas as áreas de educación primaria. De igual modo, traballarase a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, porase especial atención á educación emocional e en valores, entre os que se inclúe a igualdade entre homes e mulleres como pilar da democracia.

Regúlase a avaliación durante a etapa, baseada na consecución dos obxectivos e das competencias establecidas, que constitúen os criterios para a promoción de ciclo. Establécese que, cando o equipo docente considere que un alumno ou alumna non alcanzou as competencias previstas, poderá permanecer un ano máis no último curso deste ciclo, o que consistirá nunha medida excepcional que só se poderá adoptar unha vez durante a educación primaria, e que deberá ir acompañada dun plan específico e personalizado de apoio para a adquisición das competencias non alcanzadas. Por outra parte, establécese que cada alumno e alumna disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa aprendizaxe, os obxectivos alcanzados e as competencias adquiridas, segundo dispoñan as administracións educativas, co fin de garantir unha transición coas maiores garantías á etapa de educación secundaria obrigatoria.

No cuarto curso de educación primaria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias adquiridas polos seus alumnos e alumnas. Esta avaliación, responsabilidade das administracións educativas, terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros, para os alumnos e as súas familias e para o conxunto da

comunidade educativa. Estas avaliacións terán como marco de referencia o establecido no artigo 144.1 desta lei. A partir da análise dos resultados da dita avaliación, as administracións educativas promoverán que os centros educativos desenvolvan plans de actuación e adopten medidas de mellora da calidade e da equidade da educación e orienten a práctica docente.

Ofrécese tamén unha nova redacción dos artigos dedicados á educación secundaria obrigatoria. Nesta etapa débese propiciar a aprendizaxe competencial, autónoma, significativa e reflexiva en todas as materias que aparecen enunciadas no articulado, e que poderán integrarse en ámbitos. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a educación para a paz e non violencia e a creatividade traballaránse en todas as materias. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade entre homes e mulleres, a formación estética e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

En cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, precísanse as materias que deberá cursar todo o alumnado, ademais doutras tres entre un conxunto que establecerá o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas. Neste cuarto curso, que terá carácter orientador para o alumnado, co fin de facilitar a elección de materias por parte dos alumnos e alumnas, poderanse establecer agrupacións das materias mencionadas en distintas opcións, orientadas cara ás diferentes modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional.

Ás materias establecidas con carácter obrigatorio engádese a posibilidade de ofrecer materias optativas, coa novidade de que poidan configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto de colaboración cun servizo á comunidade. Nun dos cursos da etapa, todo o alumnado cursará a Educación en Valores Cívicos e Éticos, que prestará especial atención á reflexión ética e incluírá contidos referidos ao coñecemento e respecto dos dereitos humanos e da infancia, aos recollidos na Constitución española, á educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía mundial, á igualdade de mulleres e homes e ao valor do respecto á diversidade, fomentando o espírito crítico e a cultura de paz e non violencia.

Por outra parte, establécense os principios pedagóxicos que deben orientar as propostas dos centros ao seu alumnado. Estas propostas deben estar presididas polo principio de inclusión educativa. Recupéranse os denominados programas de diversificación curricular, que permiten modificar o currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, para o alumnado que non estea en condicións de promocionar a terceiro. Os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes alcanzaranse cunha metodoloxía específica. Estes programas de diversificación curricular estarán orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Regúlase a avaliación das aprendizaxes dos alumnos e alumnas de educación secundaria obrigatoria, que será continua, formativa e integradora. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro serán adoptadas de forma colexiada polo equipo docente, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumno ou alumna. Os alumnos e alumnas promocionarán de curso cando o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permita seguir con éxito o curso seguinte e se considere que ten expectativas favorables de recuperación e que a dita promoción beneficiará a súa evolución académica. En todo caso, promocionará quen alcanzase os obxectivos das materias ou ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias. Os proxectos educativos dos centros regularán as actuacións do equipo docente responsable da avaliación, de acordo co establecido polas administracións educativas. A permanencia no mesmo curso debe entenderse como unha medida de carácter excepcional, polo que só se poderá utilizar unha vez no mesmo curso e dúas veces, como máximo, ao longo do ensino obrigatorio.

Ao finalizar o segundo curso de educación secundaria obrigatoria entregarase a cada alumno ou alumna e aos seus pais, nais ou titores legais un consello orientador, que incluíra un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias establecidas, así como unha proposta da opción máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

No segundo curso de educación secundaria obrigatoria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias adquiridas polo seu alumnado. Esta avaliación, que será responsabilidade das administracións educativas, terá carácter informativo, formativo e orientador para alumnos e alumnas, para os centros, para as familias e para o conxunto da comunidade educativa. Estas avaliacións terán como marco de referencia o establecido no artigo 144.1 desta lei.

Por outra parte, o equipo docente poderá propor a alumnos, alumnas e aos seus pais, nais ou titores legais, a través do consello orientador, a incorporación do alumno ou alumna a un ciclo formativo de carácter básico. Estes ciclos garantirán a adquisición das competencias da educación secundaria obrigatoria nun contorno vinculado ao mundo profesional. A superación desas ensinanzas conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Para favorecer a xustificación no ámbito laboral das competencias profesionais adquiridas, quen supere un destes ciclos recibirá, así mesmo, o título de técnico básico na especialidade correspondente.

Quen non obteña o título recibirá unha certificación académica en que se farán constar os ámbitos e módulos profesionais superados e a súa correspondencia con unidades de competencia asociadas ao Catálogo nacional de cualificacións. Esta certificación dará dereito, a quen o solicite, á expedición pola Administración laboral do certificado ou certificados de profesionalidade ou acreditación parcial correspondentes.

Os ciclos formativos de grao básico concretan, así, o esforzo do sistema educativo para garantir que ningún alumno ou alumna quede fóra del sen un título de educación secundaria obrigatoria. O contrario implica un custo social e persoal que a sociedade non pode nin debe permitirse. Para facelo posible deben proporcionarse ao alumnado destes ciclos as oportunidades reais de aprender que necesitan, pois os resultados non cambiarán se non se cambia profundamente a práctica educativa. Cómpre adecuar ás necesidades do grupo e de cada alumno ou alumna a organización dos espazos, os tempos e as metodoloxías, propoñendo actividades motivadoras e traballo en equipo arredor de proxectos vinculados á súa vida e ao contexto laboral do ciclo; é importante tamén proporcionar situacións reais e satisfactorias de aprendizaxe, relacións, reforzos e expectativas de logro reforzadoras da autoestima. A titoría, a orientación educativa e profesional e a colaboración coa familia e o contorno do alumnado serán actuacións relevantes.

Os alumnos e alumnas que ao rematar educación secundaria obrigatoria alcanzasen as competencias e os obxectivos da etapa obterán o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, de acordo coas decisións adoptadas de forma colexiada polo seu profesorado. Este título permitirá acceder ao bacharelato, á formación profesional de grao medio e, unha vez superada a proba correspondente, aos ciclos de grao medio de artes plásticas e deseño e ás ensinanzas deportivas de grao medio; así mesmo, permitirá o acceso ao mundo laboral.

É importante resaltar que todos os alumnos ou alumnas que finalicen a educación secundaria obrigatoria, ademais de poder incorporarse ao mundo laboral, deben ter opcións de formación posterior. Por esta razón, os alumnos e alumnas que non obteñan o título correspondente recibirán unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias. Así mesmo, recibirán un consello orientador individualizado que incluíra unha proposta sobre a opción ou opcións académicas ou profesionais máis convenientes para continuar o seu proceso formativo.

As modalidades de bacharelato que poderán ofrecer as administracións educativas e, se for o caso, os centros docentes, serán as de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, Artes e Xeral. O bacharelato organizarase en materias comúns, de



modalidade e optativas. Nesta lei menciónanse as que se consideran comúns. Corresponde ás administracións educativas a ordenación das materias optativas. Os centros concretarán a oferta destas materias no seu proxecto educativo. Por outra parte, o Goberno, oídas as comunidades autónomas, fixará as condicións en que o alumnado poida realizar o bacharelato en tres cursos, en réxime ordinario, sempre que as súas circunstancias persoais, permanentes ou transitorias, o aconsellen.

Con respecto á avaliación no bacharelato, o profesorado de cada materia decidirá, ao rematar o curso, se o alumno ou alumna logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os alumnos e alumnas promocionarán de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. Para obter o título será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Non obstante, considérase a posibilidade de que, excepcionalmente, o equipo docente poida decidir a obtención do título de bacharel por parte do alumno ou alumna que supere todas as materias salvo unha, sempre que se considere que alcanzou os obxectivos vinculados a ese título, de modo análogo aos procedementos de compensación que existen no ensino universitario.

Con respecto ao acceso aos estudos universitarios, é conveniente resaltar que alumnos e alumnas deberán superar unha única proba que, xunto coas cualificacións obtidas no bacharelato, valorará, con carácter obxectivo, a madurez académica e os coñecementos adquiridos nel, así como a capacidade para seguir con éxito os estudos universitarios. As características básicas das probas de acceso á universidade serán establecidas polo Goberno, logo de consulta á Conferencia Sectorial de Educación e á Conferencia Xeral de Política Universitaria, e con informe previo do Consello de Universidades e do Consello Escolar do Estado. Esta proba terá en conta as modalidades de bacharelato e as vías que poden seguir os alumnos e alumnas e versará sobre materias do segundo curso. As administracións educativas e as universidades organizarán a proba de acceso e garantirán a súa adecuación ao currículo do bacharelato, así como a coordinación entre as universidades e os centros que imparten esa etapa.

A formación profesional é tamén obxecto de varias revisións, con dúas finalidades; unha delas, a mellora no recoñecemento social dos itinerarios formativos de formación profesional, para aproximarnos ás taxas de alumnado que opta por esta vía no resto dos países europeos; a segunda, a flexibilización das ensinanzas e a axilización dos procesos de incorporación de novos contidos. Para isto, por un lado, establécese que comprende os ciclos formativos de grao básico, de grao medio e de grao superior, así como os cursos de especialización, todos eles cunha organización modular, de duración variable, que integre os contidos teórico-prácticos adecuados aos diversos campos profesionais. Por outra parte, os títulos de formación profesional estarán referidos, con carácter xeral, ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, e o currículo destas ensinanzas axustarase ás exigencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

Con respecto ao acceso aos distintos ciclos, establécese, en primeiro lugar, que o acceso aos ciclos formativos de grao básico requirirá ter feitos quince anos, ou facelos durante o ano natural en curso, ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso e que o equipo docente propuxese aos pais, nais ou titores legais a incorporación do alumno ou alumna a un ciclo formativo de grao básico.

En segundo lugar, poderá cursar a formación profesional de grao medio quen estea en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Por último, poderá cursar a formación profesional de grao superior quen estea en posesión do título de bacharel ou do título de técnico de grao medio. Tamén poderá acceder á formación profesional quen, carecendo dos requisitos académicos, supere unha proba de acceso regulada ou un curso de formación preparatorio de acceso, regulados polo Goberno, en colaboración coas administracións educativas.

Así mesmo, régulase o contido e a organización da oferta das ensinanzas de formación profesional, que corresponde ás administracións educativas, no ámbito das súas

competencias. O currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da cal poderá quedar exento quen acredite unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. Os ciclos poderán ser autorizados e implantados nos centros que sinala esta lei.

Finalmente, régúlase a avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos, que se realizará por módulos profesionais e ámbitos no caso dos ciclos formativos de grao básico. E sinalase que a superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais e, se for o caso, ámbitos que o compoñan.

Con respecto ás titulacións dos ciclos de formación profesional, hai que resaltar que os alumnos e alumnas que superen un ciclo formativo de grao básico recibirán o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, que permitirá o acceso a calquera ensinanza postobrigatoria. Quen non supere na súa totalidade as ensinanzas dos ciclos formativos de grao básico, ou de cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior, recibirá unha certificación académica dos módulos profesionais e, se for o caso, ámbitos ou materias superados, que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

A lei inclúe tamén algunhas precisións acerca das ensinanzas artísticas, particularmente a relativa a que o alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de música e danza ou as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño obterá o título de bacharel na súa modalidade de Artes se supera as materias comúns do bacharelato, aínda que non realizase o bacharelato da dita modalidade.

No título II da LOE, sobre equidade na educación, preténdese subliñar que a educación pública constitúe o eixe vertebrador do sistema educativo. Con ese propósito, entre outras medidas, insístese na atención especial que as administracións educativas deben prestar á escola rural, proporcionándolle os medios e sistemas organizativos necesarios para atender as súas necesidades, e favorecendo a permanencia no sistema educativo da mocidade das zonas rurais e insulares máis aló da educación básica.

Por outra parte, a escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo deberá estar rexida polos principios de inclusión e participación, calidade, equidade, non discriminación e igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo e accesibilidade universal para todo o alumnado.

Para impulsar a equidade do sistema educativo, fortalécense no capítulo segundo deste título os obxectivos e as actuacións que deben levar a cabo as administracións educativas ante as persoas, grupos, contornos sociais e ámbitos territoriais que se encontren en situación de vulnerabilidade socioeducativa e cultural, co fin de eliminar as barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación e aprendizaxe. Con isto quérense asegurar os axustes razoables en función das necesidades individuais e prestar o apoio necesario para fomentar o seu máximo desenvolvemento educativo e social, de maneira que todos poidan acceder a unha educación inclusiva, en igualdade de condicións cos demais.

Por outra parte, sinalase que, na admisión do alumnado en centros públicos e privados concertados, as administracións públicas garantirán o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e non discriminación e a liberdade de elección de centro por pais, nais ou titores legais e atenderán a unha adecuada e equilibrada distribución entre os centros escolares do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Así mesmo, velarán para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza.

No título IV da LOE, sobre centros docentes, establécese que a programación da rede de centros debe asegurar a existencia de prazas públicas en todas as áreas ou zonas de escolarización ou de influencia que se establezan, unha vez considerada a oferta existente de centros públicos e privados concertados. Así mesmo, co fin de garantir os dereitos e liberdades de todos os interesados, os principios de programación e participación deben ser tidos en conta na confección da oferta de prazas en centros educativos.

Con respecto aos centros privados concertados, sinálase que corresponde ás comunidades autónomas o desenvolvemento do réxime de concertos educativos, a partir da regulación xeral establecida polo Goberno. O concerto establecerá os dereitos e obrigacións recíprocas en canto a réxime económico, duración, prórroga e extinción, número de unidades escolares concertadas e demais condicións, con suxeición ás disposicións reguladoras do réxime de concertos.

Por outra parte, dado que o sistema educativo non pode ser alleo aos desafíos que presenta o cambio climático do planeta, os centros docentes deben converterse nun lugar de custodia e coidado do noso ambiente. Por iso deben promover unha cultura da sustentabilidade ambiental, da cooperación social, desenvolvendo programas de estilos de vida sustentable e fomentando a reciclaxe e o contacto cos espazos verdes.

No título V da LOE establécese que a participación da comunidade educativa na organización, o goberno, o funcionamento e a avaliación dos centros debe ser garantida polas administracións educativas. Dispónse que a comunidade educativa participará no goberno dos centros a través do consello escolar. O profesorado participará tamén na toma de decisións pedagóxicas que corresponden ao claustro, aos órganos de coordinación docente e aos equipos de profesores e profesoras que impartan clase no mesmo curso.

Por outra parte, sinálase que, no exercicio da súa autonomía, os centros poden adoptar experimentacións, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de áreas ou materias, nos termos que establezan as administracións educativas e cumprindo algunhas condicións que se especifican. Defínese cales deben ser os aspectos que deben recoller os proxectos educativos de centro, relativos aos valores, aos obxectivos e ás prioridades de actuación, así como algúns aspectos que deben, necesariamente, incorporar. Como novidade, establécese que o proxecto educativo debe incluír un plan de mellora do centro, que se revisará periodicamente.

En relación cos órganos colegiados de goberno e de coordinación docente dos centros públicos, restablécese o equilibrio anterior á LOMCE na atribución de competencias entre dirección e consello escolar no goberno dos centros, e realízase unha nova asignación de competencias ao consello escolar do centro educativo. A dirección dos centros educativos identifícase como factor clave para a calidade do sistema educativo e apóstase por un modelo de dirección profesional que se alia coas recomendacións europeas sobre esta figura, que debe conxugar a responsabilidade institucional da xestión do centro como organización, a xestión administrativa, a xestión de recursos e o liderado e dinamización pedagóxica, desde un enfoque colaborativo, e a lóxica de buscar o equilibrio entre tarefas administrativas e pedagóxicas. Constitúe unha prioridade do sistema educativo contar cunha dirección de calidade nos centros. A función directiva debe ser estimulante e motivadora, de modo que os docentes máis cualificados se animen a asumir esta responsabilidade. Para isto, establécese a necesidade de superar unha formación específica por quen finalmente asuma o cargo para unha tarefa que obterá en todo caso o recoñecemento da Administración. Modifícase a regulación dos procesos de selección e nomeamento do director ou directora. A selección será realizada no centro por unha comisión constituída por representantes do centro correspondente; destes representantes na comisión, un terzo será profesorado elixido polo claustro e outro terzo será elixido por e entre os membros do consello escolar que non son profesores ou profesoras. Ademais, establécese a incorporación da figura dun director ou directora con experiencia e con traxectoria no exercicio da dirección en centros similares.

No título VI da LOE, en relación coa finalidade da avaliación do sistema educativo, dispónse que os resultados das avaliacións que se leven a cabo, independentemente do ámbito territorial estatal ou autonómico en que se apliquen, non poden ser utilizados para realizar e facer públicas valoracións individuais do alumnado ou para establecer clasificacións dos centros.

Ofrécese unha nova redacción relativa á avaliación xeral do sistema educativo que propón como novidade que no último curso de educación primaria e de educación

secundaria obrigatoria se levará a cabo, con carácter mostral e plurianual, unha avaliación das competencias adquiridas polo alumnado. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros e informativo para o alumnado, as súas familias e para o conxunto da comunidade educativa.

As avaliacións de diagnóstico son obxecto tamén dunha nova regulación, cuxos aspectos esenciais son os seguintes. Primeiro, os centros docentes realizarán unha avaliación a todos os seus alumnos e alumnas en cuarto curso de educación primaria e en segundo curso de educación secundaria obrigatoria. A finalidade desta avaliación será diagnóstica. O equipo docente incorporará a análise dos resultados desta avaliación para valorar a necesidade de adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Segundo, corresponde ás administracións educativas desenvolver e controlar as avaliacións de diagnóstico en que participen os centros delas dependentes e proporcionar os modelos e apoios pertinentes co fin de que todos os centros poidan realizar de modo adecuado estas avaliacións, que terán carácter formativo e interno. As ditas avaliacións tomarán como referencia un marco común de avaliación que se elaborará mediante a colaboración do Instituto Nacional de Avaliación Educativa e os organismos correspondentes das administracións educativas.

Así mesmo, na disposición adicional cuadraxésimo primeira engádese a necesidade de que a comunidade educativa teña un coñecemento profundo da historia da democracia en España desde as súas orixes até a actualidade. O estudo e análise da nosa memoria democrática permitirá asentarse os valores cívicos e contribuirá na formación de cidadás e cidadáns máis libres, tolerantes e con sentido crítico. O estudo da memoria democrática deberá enfocarse, en todo caso, desde unha perspectiva de xénero, facendo especial fincapé na loita das mulleres por alcanzar a plena cidadanía.

Nas disposicións propias desta lei inclúense once disposicións adicionais referentes a diversos asuntos, como os centros autorizados para impartir a modalidade de ciencias e tecnoloxía en bacharelato e a vixencia das titulacións que pretenden a adaptación ás previsións contidas nesta lei. Especialmente innovadoras, polo seu alcance social ou por responderen aos actuais requirimentos profesionais, son as disposicións adicionais referentes á adaptación dos centros e extensión do primeiro ciclo de educación infantil, á evolución das modalidades de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, así como as relativas a próximas regulacións das ensinanzas artísticas, do desenvolvemento da profesión docente e do profesorado do corpo de profesores técnicos de formación profesional, declarado a extinguir. Igualmente, pretenden a adecuación do sistema educativo a novas demandas, exixencias que deben reflectirse nas prioridades nos programas de cooperación territorial, na necesidade de contar cun plan de contingencia para situacións de emerxencia e no cumprimento do cuarto obxectivo de desenvolvemento sustentable e da Axenda 2030. Establécese, por último, a necesidade de incrementar o gasto público educativo.

Así mesmo, inclúense seis disposicións transitorias. Catro delas fan referencia aos períodos de transición que se establecen entre o vello e o novo sistema en relación coas antigas probas finais de etapa, ao acceso á universidade, á obtención do título de educación secundaria obrigatoria ao superar a formación profesional básica, á adaptación dos centros que escolarizan alumnado do primeiro ciclo de educación infantil ou á aplicación das normas regulamentarias.

Nas seis disposicións derradeiras propias incorpóranse as modificacións da Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, que é necesario actualizar; da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (artigo 42.3), para adaptar o acceso aos estudos universitarios á eliminación da avaliación final de bacharelato, así como do artigo 7.1 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, co fin de simplificar e responder con maior axilidade á actualización das cualificacións profesionais identificadas no sistema produtivo. Inclúese tamén unha disposición derradeira que modifica e adapta ao contexto educativo a recentemente aprobada Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e engádese dúas disposicións derradeiras relativas á

entrada en vigor e ao calendario de implantación da nova lei, que combina a conveniencia de incorporar os cambios previstos sen excesiva dilación coa necesidade de que as administracións dispoñan de tempo para a regulación daqueles aspectos que exixen unha preparación máis laboriosa.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a letra a), engádense uns novos parágrafos a bis) e r) e modifícanse as letras b), k) e l) do artigo 1 nos seguintes termos:

«a) O cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os dereitos do neno, adoptada por Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, ratificada o 30 de novembro de 1990, e os seus protocolos facultativos, recoñecendo o interese superior do menor, o seu dereito á educación, a non ser discriminado e a participar nas decisións que o afecten e a obriga do Estado de asegurar os seus dereitos.»

«a bis) A calidade da educación para todo o alumnado, sen que exista discriminación ningunha por razón de nacemento, sexo, orixe racial, étnica ou xeográfica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.»

«b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre mulleres e homes, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de calquera tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, ratificada en 2008 por España.»

«k) A educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e, en especial, no do acoso escolar e ciberacoso co fin de axudar o alumnado a recoñecer toda forma de maltrato, abuso sexual, violencia ou discriminación e reaccionar fronte a ela.»

«l) O desenvolvemento da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, o respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar, o fomento da igualdade efectiva de mulleres e homes a través da consideración do réxime da coeducación de nenos e nenas, a educación afectivo-sexual, adaptada ao nivel madurativo, e a prevención da violencia de xénero, así como o fomento do espírito crítico e da cidadanía activa.»

«r) A educación para a transición ecolóxica con criterios de xustiza social como contribución á sustentabilidade ambiental, social e económica.»

Un bis. Modifícase a redacción das letras b), e), i) e k) do número 1 e o número 2 do artigo 2, que quedan redactados como segue:

«b) A educación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, relixión, convicción, idade, de discapacidade, orientación ou identidade sexual, enfermidade, ou calquera outra condición ou circunstancia.»

«e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos, así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e os dereitos

dos animais e o ambiente, en particular cara ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.»

«i) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais, de coidados de colaboración social.»

«k) A preparación para o exercicio da cidadanía, para a inserción na sociedade que o rodea e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.»

«2. Os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade do ensino e, en especial, a cualificación e formación do profesorado, o seu traballo en equipo, a dotación de recursos educativos, humanos e materiais, as condicións ambientais e de saúde do centro escolar e o seu contorno, a investigación, a experimentación e a renovación educativa, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas, a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión, a función directiva, a orientación educativa e profesional, a inspección educativa e a avaliación.»

Dous. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 2 bis coa seguinte redacción:

«1. Para os efectos desta lei, enténdese por Sistema educativo español o conxunto de administracións educativas, profesionais da educación e outros axentes, públicos e privados, que desenvolven funcións de regulación, de financiamento ou de prestación de servizos para o exercicio do dereito á educación en España, e os titulares deste dereito, así como o conxunto de relacións, estruturas, medidas e accións que se desenvolvan para o efecto.»

«3. Para a consecución dos fins previstos no artigo 2, o Sistema educativo español contará cos órganos de participación e cooperación e cos instrumentos recollidos na normativa aplicable para o efecto.»

Dous bis. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 3, que quedan redactados como segue:

«3. A educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e os ciclos formativos de grao básico constitúen a educación básica.

4. A educación secundaria divídese en educación secundaria obrigatoria e educación secundaria postobrigatoria. Constitúen a educación secundaria postobrigatoria o bacharelato, a formación profesional de grao medio, as ensinanzas artísticas profesionais tanto de música e de danza como de artes plásticas e deseño de grao medio e as ensinanzas deportivas de grao medio.»

Tres. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *O ensino básico.*

1. O ensino básico a que se refire o artigo 3.3 desta lei é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas.

2. O ensino básico comprende dez anos de escolaridade e desenvólvese, de forma regular, entre os seis e os dezaseis anos de idade. Non obstante, os alumnos e alumnas terán dereito a permanecer en réxime ordinario cursando o ensino básico até os dezaioito anos de idade, feitos no ano en que finalice o curso, nas condicións establecidas na presente lei.

Co fin de garantir a continuidade, coordinación e cohesión entre as dúas etapas da educación básica, as administracións educativas adoptarán as oportunas medidas de carácter organizativo e curricular.

As administracións públicas promoverán que os alumnos e alumnas menores de idade que superasen os 16 anos reciban algún tipo de formación académica ou profesional que poidan compatibilizar coa súa actividade laboral e que lles permita

continuar a súa formación. Así mesmo, favorecerán que quen alcanzase a idade límite para cursar a educación obrigatoria sen obter o título poida continuar a súa formación a través de distintas ofertas formativas.

3. Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptárase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender a diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme os principios do deseño universal de aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira.

4. O ensino básico persegue un dobre obxectivo de formación persoal e de socialización, integrando de forma equilibrada todas as dimensións. Debe procurar ao alumnado os coñecementos e competencias indispensables para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas dos distintos ámbitos da vida, crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo e inserirse e participar activamente na sociedade en que vivirán e no coidado do contorno natural e do planeta.»

Tres bis. Engádesse un novo artigo 5 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5 bis. *A educación non formal.*

A educación non formal, no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e na mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.»

Catro. O artigo 6 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 6. *Currículo.*

1. Para os efectos do disposto nesta lei, enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas na presente lei.

No caso das ensinanzas de formación profesional consideraranse parte do currículo os resultados de aprendizaxe.

2. O currículo irá orientado a facilitar o desenvolvemento educativo dos alumnos e alumnas, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoos para o exercicio pleno dos dereitos humanos, dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual. En ningún caso poderá supor unha barreira que xere abandono escolar ou impida o acceso e disfrute do dereito á educación.

3. Co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, fixará, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas. Para a

formación profesional fixará, así mesmo, os resultados de aprendizaxe correspondentes ás ensinanzas mínimas.

4. As ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial e o 60 por cento para aquelas que non a teñan.

5. As administracións educativas establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas na presente lei, do cal formarán parte os aspectos básicos sinalados en números anteriores. Os centros docentes desenvolverán e completarán, se for o caso, o currículo das diferentes etapas e ciclos no uso da súa autonomía e tal como se recolle no capítulo II do título V da presente lei. As administracións educativas determinarán a porcentaxe dos horarios escolares de que disporán os centros docentes para garantir o desenvolvemento integrado de todas as competencias da etapa e a incorporación dos contidos de carácter transversal a todas as áreas, materias e ámbitos.

As administracións educativas poderán, se así o consideran, exceptuar os cursos de especialización das ensinanzas de formación profesional destas porcentaxes e poderán establecer a súa oferta cunha duración a partir do número de horas previsto no currículo básico de cada un deles.

6. As administracións educativas revisarán periodicamente os currículos para adecualos aos avances do coñecemento, así como aos cambios e novas exixencias do seu ámbito local, da sociedade española e do contexto europeo e internacional.

7. O Goberno incluirá na estrutura orgánica do Ministerio de Educación e Formación Profesional unha unidade que, en cooperación coas comunidades autónomas, desenvolva as funcións a que se refiren os números terceiro e cuarto deste artigo e contribúa á actualización permanente dos currículos que constitúen as ensinanzas mínimas, sen prexuízo do previsto para a actualización de currículos de ensinanzas de formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

8. Os títulos correspondentes ás ensinanzas reguladas por esta lei serán homologados polo Estado e expedidos polas administracións educativas nas condicións previstas na lexislación vixente e nas normas básicas e específicas que para o efecto se diten.

9. No marco da cooperación internacional en materia de educación, o Goberno, de acordo co establecido no número 1 do artigo 6 bis, poderá establecer currículos mixtos de ensinanzas do sistema educativo español e doutros sistemas educativos, conducentes aos títulos respectivos.»

Cinco. O artigo 6 bis queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 6 bis. *Distribución de competencias.*

1. Corresponde ao Goberno:

- a) A ordenación xeral do sistema educativo.
- b) A programación xeral do ensino, nos termos establecidos nos artigos 27 e seguintes da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- c) A fixación das ensinanzas mínimas a que se refire o artigo anterior.
- d) A regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e das normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.
- e) A alta inspección e demais facultades que, conforme o artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, lle corresponden para garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos.

2. Así mesmo, corresponden ao Goberno aquelas materias que lle encomendan a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e esta lei.



3. Corresponde ás comunidades autónomas o exercicio das súas competencias estatutarias en materia de educación e o desenvolvemento das disposicións da presente lei orgánica.»

Seis. O artigo 9 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 9. *Programas de cooperación territorial.*

1. O ministerio competente en materia de educación promoverá programas de cooperación territorial co fin de alcanzar os obxectivos educativos de carácter xeral referidos ao alumnado, profesorado e centros, reforzar as competencias dos estudantes, favorecer o coñecemento e aprecio por parte do alumnado da riqueza cultural e lingüística das distintas comunidades autónomas, así como contribuír á solidariedade interterritorial e ao equilibrio territorial na compensación de desigualdades.

2. Os programas a que se refire este artigo serán desenvolvidos e xestionados polas administracións educativas competentes, nos termos do acordo ou convenio que, se for o caso e para estes efectos, se subscriba.

3. Nos programas de cooperación territorial terase en conta, como criterio para a distribución territorial de recursos económicos, a singularidade destes programas en termos orientados a favorecer a igualdade de oportunidades. Valoraranse especialmente o volume de alumnado escolarizado en relación cos obxectivos do programa nos centros públicos e privados concertados, as zonas rurais ou urbanas desfavorecidas socialmente, a despoboación ou dispersión demográfica e a insularidade.»

Sete. O artigo 12 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 12. *Principios xerais.*

1. A educación infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende nenas e nenos desde o nacemento até os seis anos de idade.

2. Os centros que acollan de maneira regular durante o calendario escolar nenos e nenas con idades entre cero e seis anos deberán ser autorizados polas administracións educativas como centros de educación infantil.

3. A educación infantil ten carácter voluntario e a súa finalidade é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social, cognitivo e artístico do alumnado, así como á educación en valores cívicos para a convivencia.

4. Con obxecto de respectar a responsabilidade fundamental das nais e pais ou titores legais nesta etapa, os centros de educación infantil cooperarán estreitamente con eles.

5. A programación, a xestión e o desenvolvemento da educación infantil atenderán, en todo caso, á compensación dos efectos que as desigualdades de orixe cultural, social e económica teñen na aprendizaxe e evolución infantil, así como á detección precoz e atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo.»

Sete bis. Modifícase a letra e) do artigo 13 e engádese unha nova letra h), coa seguinte redacción:

«e) Relacionarse cos demais en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.»

«h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade de xénero.»

Oito. Modifícanse os números 2, 3, 5, 6 e 7 do artigo 14 e engádese un novo número 8, coa seguinte redacción:

«2. O carácter educativo dun e doutro ciclo será recollido nunha proposta pedagóxica por todos os centros que impartan educación infantil.

3. En ambos os ciclos da educación infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento do contorno, dos seres vivos que nel conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Tamén se incluírán a educación en valores, a educación para o consumo responsable e sustentable e a promoción e educación para a saúde. Ademais, facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada e igualitaria, e adquiran autonomía persoal.»

«5. As administracións educativas fomentarán o desenvolvemento de todas as linguaxes e modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia que definen a Convención sobre os dereitos do neno e as observacións xerais do seu comité. Con esta finalidade, e sen que resulte exixible para afrontar a educación primaria, poderán favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación e na expresión visual e musical, e en calquera outra que as administracións educativas autonómicas determinen.

Corresponde, así mesmo, ás administracións educativas fomentar unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da educación infantil, especialmente no último ano.

6. Os métodos de traballo en ambos os ciclos basearanse nas experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas, nas actividades e no xogo, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

7. O Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, determinará os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil de acordo co previsto no presente capítulo. Así mesmo, regulará os requisitos de titulación dos seus profesionais e os que teñen que cumprir os centros que impartan o dito ciclo, relativos, en todo caso, á relación numérica alumno-profesor, ás instalacións e ao número de postos escolares.

8. Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva de todo o alumnado, reflectirase no desenvolvemento curricular a necesaria continuidade entre esta etapa e a educación primaria, o que requirirá a estreita coordinación entre o profesorado de ambas as etapas. Para tal fin, ao finalizar a etapa o titor ou titora emitirá un informe sobre o desenvolvemento e necesidades de cada alumno ou alumna.»

Oito bis. Modifícase o artigo 15 coa seguinte redacción:

«1. As administracións públicas incrementarán progresivamente a oferta de prazas públicas no primeiro ciclo co fin de atender todas as solicitudes de escolarización da poboación infantil de cero a tres anos. Así mesmo, coordinarán as políticas de cooperación entre elas e con outras entidades para asegurar a oferta educativa neste ciclo. Para tal fin, determinarán as condicións en que poderán establecerse convenios coas corporacións locais, con outras administracións e entidades privadas sen fins de lucro. Todos os centros deberán estar autorizados pola Administración educativa correspondente e supervisados por ela.

2. O segundo ciclo da educación infantil será gratuito. Co fin de atender as demandas das familias, as administracións educativas garantirán unha oferta

suficiente de prazas nos centros públicos e concertarán con centros privados, no contexto da súa programación educativa.

3. Os centros poderán ofrecer o primeiro ciclo de educación infantil, o segundo ou ambos. En todo caso, as administracións educativas promoverán a existencia de centros públicos que incorporen a educación infantil con outras etapas educativas posteriores.

4. De acordo co que establezan as administracións educativas, o primeiro ciclo da educación infantil poderá ofrecerse en centros que abrangan o ciclo completo ou unha parte del. Aqueles centros cuxa oferta sexa de, ao menos, un ano completo do citado ciclo deberán incluír no seu proxecto educativo a proposta pedagóxica a que se refire o número 2 do artigo 14 e deberán contar co persoal cualificado nos termos recollidos no artigo 92.

5. As administracións educativas asegurarán a coordinación entre os equipos pedagóxicos dos centros que actualmente imparten distintos ciclos e destes cos centros de educación primaria.»

Nove. Modifícase o número 3 do artigo 16 coa seguinte redacción:

«3. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado cunha perspectiva global, e adaptárase aos seus ritmos de traballo.»

Nove bis. Modifícanse as letras a), c), d), i) k), l) e n) do artigo 17 coa seguinte redacción:

«a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.»

«c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.»

«i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.»

«k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.»

«n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.»

Dez. O artigo 18 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 18. *Organización.*

1. A etapa de educación primaria comprende tres ciclos de dous anos académicos cada un e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador, estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias do alumnado e poderán organizarse en ámbitos.

2. As áreas desta etapa educativa son as seguintes:

- a) Coñecemento do medio natural, social e cultural, que se poderá desdobrar en Ciencias da natureza e ciencias sociais.
- b) Educación artística, que se poderá desdobrar en Educación plástica e visual, por unha parte, e Música e danza, por outra.
- c) Educación física.
- d) Lingua castelá e literatura e, se a houber, Lingua propia e literatura.
- e) Lingua estranxeira.
- f) Matemáticas.

3. Ás áreas incluídas no número anterior, engadirase nalgún dos cursos do terceiro ciclo a Educación en valores cívicos e éticos. Nesta área incluíranse contidos referidos á Constitución española, ao coñecemento e respecto dos dereitos humanos e da infancia, á educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía mundial, á igualdade entre homes e mulleres, ao valor do respecto á diversidade e ao valor social dos impostos, fomentando o espírito crítico e a cultura de paz e non violencia.

4. As administracións educativas poderán engadir unha segunda lingua estranxeira ou outra lingua cooficial ou unha materia de carácter transversal.

5. As aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias recibirán especial consideración.

6. No conxunto da etapa, a orientación e a acción titorial acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado. Así mesmo, fomentárase na etapa o respecto mutuo e a cooperación entre iguais, con especial atención á igualdade de xénero.

7. Na área Lingua propia e literatura naquelas comunidades autónomas que posúan a dita lingua propia con carácter oficial poderán establecerse exencións de cursar ou de ser avaliados da dita área nas condicións previstas na normativa autonómica correspondente. A área Lingua propia e literatura recibirá o tratamento que as comunidades autónomas afectadas determinen, e garantirá, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais. »

Once. O artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 19. *Principios pedagóxicos.*

1. Nesta etapa porase especial énfase en garantir a inclusión educativa; na atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, participación e convivencia; na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

2. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas. De igual modo, traballaranse a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, porase especial atención á educación emocional e en valores e á potenciación da aprendizaxe significativa para o desenvolvemento das competencias transversais que promovan a autonomía e a reflexión.

3. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura todos os centros educativos dedicarán un tempo diario a esta, nos termos recollidos no seu proxecto educativo.

Co obxecto de facilitar a dita práctica, as administracións educativas promoverán plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e

linguaxes. Para isto contarase, se for o caso, coa colaboración das familias e do voluntariado, así como o intercambio de boas prácticas.

4. Co obxecto de fomentar a integración das competencias, dedicarase un tempo do horario lectivo á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

5. As administracións educativas impulsarán que os centros establezan medidas de flexibilización na organización das áreas, as ensinanzas, os espazos e os tempos e promovan alternativas metodolóxicas, co fin de personalizar e mellorar a capacidade de aprendizaxe e os resultados de todo o alumnado.

6. Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas no ensino e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en especial para aquel que presente dificultades na súa comprensión e expresión. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.»

Doce. O artigo 20 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 20. *Avaliación durante a etapa.*

1. A avaliación do alumnado será continua e global e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

2. As administracións educativas desenvolverán orientacións para que os centros docentes poidan elaborar plans de reforzo ou de enriquecemento curricular que permitan mellorar o nivel competencial do alumnado que o requira.

3. Ao finalizar cada un dos ciclos o titor ou titora emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno ou alumna, e indicará, se for o caso, as medidas de reforzo que se deben considerar no ciclo ou etapa seguinte.

Se, nalgún caso, e tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, se considera que debe permanecer un ano máis no mesmo curso, organizarase un plan específico de reforzo para que durante ese curso poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só se poderá adoptar unha vez durante a etapa e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno ou alumna disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e as competencias desenvolvidas, segundo dispoñan as administracións educativas. Así mesmo, as administracións educativas establecerán os pertinentes mecanismos de coordinación entre os centros de educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

5. Os referentes da avaliación no caso de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirilles promocionar de ciclo ou etapa.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

6. Naquelas comunidades autónomas que posúan máis dunha lingua oficial de acordo cos seus estatutos, o alumnado poderá estar exento de realizar a avaliación da área Lingua propia e literatura segundo a normativa autonómica correspondente.»

Doce bis. Engádese un artigo 20 bis novo, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 20 bis. *Atención ás diferenzas individuais.*

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de

apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornos socialmente desfavorecidos. Nos ditos contornos, as administracións procederán a un axuste das ratios alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.»

Trece. O artigo 21 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 21. *Avaliación de diagnóstico.*

No cuarto curso de educación primaria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias adquiridas polo seu alumnado. Esta avaliación, que será responsabilidade das administracións educativas, terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias, e para o conxunto da comunidade educativa. Estas avaliacións, de carácter censual, terán como marco de referencia o establecido no artigo 144.1 desta lei.

No marco dos plans de mellora a que se refire o artigo 121 e a partir da análise dos resultados da avaliación de diagnóstico, as administracións educativas promoverán que os centros elaboren propostas de actuación que contribúan a que o alumnado alcance as competencias establecidas, permitan adoptar medidas de mellora da calidade e a equidade da educación e orienten a práctica docente.»

Catorce. Modifícanse os números 2, 3 e 5 e engádesse un novo número 8 ao artigo 22 coa seguinte redacción:

«2. A finalidade da educación secundaria consiste en lograr que os alumnos e alumnas adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motriz; en desenvolver e consolidar neles os hábitos de estudo e de traballo, así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores, para a súa inserción laboral, e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións da vida como cidadáns.

3. Na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. Neste ámbito incorporárase a perspectiva de xénero. Así mesmo, teranse en conta as necesidades educativas específicas do alumnado con discapacidade.»

«5. Entre as medidas sinaladas no número anterior recolleranse as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os agrupamentos flexibles, os desdobramentos de grupos, a oferta de materias optativas, programas de reforzo e medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.»

«8. Así mesmo, porase especial atención na potenciación da aprendizaxe de carácter significativo para o desenvolvemento das competencias que promovan a autonomía e a reflexión.»

Catorce bis. Modifícanse as letras e) e k) do artigo 23, que quedan redactadas como segue:

«e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización.»

«k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais

relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.»

Quince. Suprímese o artigo 23 bis.

Dezaseis. O artigo 24 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 24. *Organización dos cursos primeiro a terceiro de educación secundaria obrigatoria.*

1. As materias dos cursos primeiro a terceiro da etapa, que se poderán agrupar en ámbitos, serán as seguintes:

- a) Bioloxía e xeoloxía.
- b) Educación física.
- c) Educación plástica, visual e audiovisual.
- d) Física e química.
- e) Xeografía e historia.
- f) Lingua castelá e literatura e, se a houber, Lingua cooficial e literatura.
- g) Lingua estranxeira.
- h) Matemáticas.
- i) Música.
- j) Tecnoloxía e dixitalización.

As administracións educativas poderán incluír unha segunda lingua estranxeira entre as materias a que se refire este punto.

2. En cada un dos cursos todos os alumnos e alumnas cursarán as materias seguintes:

- a) Bioloxía e xeoloxía e/ou Física e química.
- b) Educación física.
- c) Xeografía e historia.
- d) Lingua castelá e literatura e, se a houber, Lingua cooficial e literatura.
- e) Lingua estranxeira.
- f) Matemáticas.

Así mesmo, en cada un dos tres primeiros cursos incluírase, ao menos, unha materia do ámbito artístico.

3. Así mesmo, no conxunto dos tres cursos, os alumnos e alumnas cursarán algunha materia optativa, que tamén poderá configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinar ou de colaboración cun servizo á comunidade. As administracións educativas regularán esta oferta, que deberá incluír, ao menos, Cultura clásica, unha segunda Lingua estranxeira e unha materia para o desenvolvemento da competencia dixital. No caso da segunda Lingua estranxeira, garantirase a súa oferta en todos os cursos.

4. Para favorecer a transición entre educación primaria e educación secundaria obrigatoria, na organización desta última, as administracións educativas procurarán que os alumnos e alumnas de primeiro e segundo cursen un máximo dunha materia máis que as áreas que compoñan o último ciclo de educación primaria.

5. Sen prexuízo do seu tratamento específico, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores e a creatividade traballaranse en todas as materias. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a igualdade de xénero e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

6. Os centros educativos poderán organizar, de acordo co que regulen as administracións educativas, programas de reforzo ou de enriquecemento curricular, así como outras medidas educativas para o alumnado que o requira para poder seguir con éxito as ensinanzas de educación secundaria.

7. Os centros educativos poderán establecer organizacións didácticas que impliquen impartir conxuntamente diferentes materias dun mesmo ámbito, de acordo co seu proxecto educativo.

8. Na área Lingua propia e literatura naquelas comunidades autónomas que posúan a dita lingua propia con carácter oficial, poderán establecerse exencións de cursar ou de seren avaliados da dita área nas condicións previstas na normativa autonómica correspondente. A área Lingua propia e literatura recibirá o tratamento que as comunidades autónomas afectadas determinen garantindo, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais.»

Dezasete. O artigo 25 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 25. *Organización do cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.*

1. As materias que deberá cursar todo o alumnado de 4.º curso serán as seguintes:

- a) Educación física.
- b) Xeografía e historia.
- c) Lingua castelá e literatura e, se a houber, Lingua cooficial e literatura. Lingua estranxeira.
- d) Matemáticas, con dúas opcións diferenciadas.

2. Ademais das materias enumeradas no punto anterior, os alumnos e alumnas deberán cursar tres materias dun conxunto que establecerá o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas.

3. Os alumnos e as alumnas poderán cursar unha ou máis materias optativas de acordo co marco que establezan as administracións educativas, que terá en conta, se for o caso, a continuidade das materias a que se refire o artigo 24.3. Estas materias poderán configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto de colaboración cun servizo á comunidade.

4. Este cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral. Co fin de orientar a elección dos alumnos e alumnas, poderanse establecer agrupacións das materias mencionadas no número segundo en distintas opcións, orientadas cara ás diferentes modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional, fomentando a presenza equilibrada de ambos os sexos nas diferentes ramas de estudo. En todo caso, o alumnado deberá poder alcanzar o nivel de adquisición das competencias establecido para educación secundaria obrigatoria por calquera das opcións que se establezan.

5. Os centros deberán ofrecer a totalidade das opcións citadas no número segundo. Só se poderá limitar a elección dos alumnos e alumnas cando haxa un número insuficiente destes para algunha das materias ou opcións, determinado a partir de criterios obxectivos establecidos previamente pola Administración educativa correspondente.

6. Sen prexuízo do seu tratamento específico, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.



7. Nalgún curso da etapa todos os alumnos e alumnas cursarán a materia de Educación en valores cívicos e éticos. Na dita materia, que prestará especial atención á reflexión ética, incluíranse contidos referidos ao coñecemento e respecto dos dereitos humanos e da infancia, aos recollidos na Constitución española, á educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía mundial, á igualdade de mulleres e homes, ao valor do respecto á diversidade e ao papel social dos impostos e a xustiza fiscal, fomentando o espírito crítico e a cultura de paz e non violencia.

8. Na área Lingua propia e literatura naquelas comunidades autónomas que posúan a dita lingua propia con carácter oficial poderán establecerse exencións de cursar ou de ser avaliados da dita área nas condicións previstas na normativa autonómica correspondente. A área Lingua propia e literatura recibirá o tratamento que as comunidades autónomas afectadas determinen e garantírase, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais.»

Dezaoito. Modifícanse os números 1, 2 e 6 do artigo 26, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Os centros elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado desta etapa atendendo á súa diversidade. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

As administracións educativas determinarán as condicións específicas en que poderá configurarse unha oferta organizada por ámbitos e dirixida a todo o alumnado ou ao alumno ou alumna para quen se considere que o seu avance se pode ver beneficiado deste modo.

2. Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias establecidas e fomentárase a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. Co fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo a esta na práctica docente de todas as materias.

Para fomentar a integración das competencias traballadas, dedicarse un tempo do horario lectivo á realización de proxectos significativos e relevantes e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.»

«6. A lingua castelá ou a lingua cooficial só se utilizarán como apoio no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras. No dito proceso priorizaranse a comprensión e a expresión oral.

Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas no ensino e avaliación das linguas estranxeiras para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presenta dificultades na súa comprensión e expresión.»

Dezanove. O artigo 27 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 27. *Programas de diversificación curricular.*

1. O Goberno e as administracións educativas definirán, no ámbito das súas respectivas competencias, as condicións para establecer a modificación e a adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, para o alumnado que o requira tras a oportuna valoración. Neste suposto, os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes alcanzaranse cunha metodoloxía específica a través dunha organización do currículo en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, se for o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.

2. Os programas de diversificación curricular estarán orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, por parte de quen presente dificultades relevantes de aprendizaxe tras recibir, se for o caso, medidas

de apoio no primeiro ou segundo curso, ou a quen esta medida de atención á diversidade lle sexa favorable para a obtención do título.

3. Ao finalizar o segundo curso, quen non estea en condicións de promocionar a terceiro poderá incorporarse, unha vez oído o propio alumno ou alumna e os seus pais, nais ou titores legais, a un programa de diversificación curricular, tras a oportuna avaliación.

4. As administracións educativas garantirán ao alumnado con necesidades educativas especiais que participe nestes programas os recursos de apoio que, con carácter xeral, se prevexan para este alumnado no Sistema educativo español.»

Vinte. O artigo 28 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 28. *Avaliación e promoción.*

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

2. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro serán adoptadas de forma colexiada polo equipo docente, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumno ou alumna.

3. Para os efectos do disposto no número anterior, os alumnos e alumnas promocionarán de curso cando o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lles permita seguir con éxito o curso seguinte e se xulgue que ten expectativas favorables de recuperación e que a dita promoción beneficiará a súa evolución académica. En todo caso, promocionará quen alcanzase os obxectivos das materias ou ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias. Os proxectos educativos dos centros regularán as actuacións do equipo docente responsable da avaliación, de acordo co establecido polas administracións educativas.

4. Quen promociione sen superar todas as materias seguirá os plans de reforzo que estableza o equipo docente, que revisará periodicamente a aplicación personalizada deles en diferentes momentos do curso académico e, en todo caso, ao finalizar este.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos ditos plans, de acordo co disposto polas administracións educativas. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos nos números anteriores.

5. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para solucionar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna. En todo caso, o alumno ou alumna poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. Independentemente de que se esgotase o máximo de permanencias, de forma excepcional no cuarto curso poderase permanecer nel un ano máis, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa, caso en que se poderá prolongar un ano o límite de idade a que se refire o número 2 do artigo 4.

6. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

7. Quen ao finalizar o cuarto curso de educación secundaria obrigatoria non obtivese a titulación establecida no artigo 31.1 desta lei poderá alcanzala a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido pola Administración educativa competente.

8. Os alumnos e alumnas que cursen os programas de diversificación curricular a que se refire o artigo 27 serán avaliados de conformidade cos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación fixados en cada un dos respectivos programas.

9. Ao finalizar o segundo curso entregarase aos pais, nais ou titores legais de cada alumno ou alumna un consello orientador. O dito consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores legais ou, se for o caso, ao alumno ou alumna da opción máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

10. Os referentes da avaliación, no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirilles a promoción ou titulación.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.»

Vinte e un. O artigo 29 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 29. *Avaliación de diagnóstico.*

No segundo curso de educación secundaria obrigatoria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias alcanzadas polo seu alumnado. Esta avaliación, que será responsabilidade das administracións educativas, terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias e para o conxunto da comunidade educativa. Estas avaliacións, de carácter censal, terán como marco de referencia o establecido no artigo 144.1 desta lei.

No marco dos plans de mellora a que se refire o artigo 121 e a partir da análise dos resultados da avaliación de diagnóstico, as administracións educativas promoverán que os centros elaboren propostas de actuación que contribúan a que o alumnado alcance as competencias establecidas, permitan adoptar medidas de mellora da calidade e a equidade da educación e orienten a práctica docente.»

Vinte e dous. O artigo 30 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 30. *Ciclos formativos de grao básico.*

1. O equipo docente poderá propor a pais, nais ou titores legais e ao propio alumno ou alumna, a través do consello orientador, a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico cando o perfil académico e vocacional do alumno ou alumna así o aconselle, sempre que cumpra os requisitos establecidos no artigo 41.1 desta lei. As administracións educativas determinarán a intervención do propio alumnado, das súas familias e dos equipos ou servizos de orientación neste proceso. Os ciclos formativos de grao básico irán dirixidos preferentemente a quen presente maiores posibilidades de aprendizaxe e de alcanzar as competencias de educación secundaria obrigatoria nun contorno vinculado ao mundo profesional, velando para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza, co obxectivo de preparalo para a continuación da súa formación.

2. Os ciclos formativos de grao básico facilitarán a adquisición das competencias de educación secundaria obrigatoria a través de ensinanzas organizadas nos seguintes ámbitos:

a) Ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais, que incluírá as seguintes materias: 1.º Lingua castelá. 2.º Lingua estranxeira de iniciación profesional. 3.º Ciencias sociais. 4.º se for o caso, Lingua cooficial.

b) Ámbito de Ciencias Aplicadas, que incluíra as seguintes materias: 1.º Matemáticas aplicadas. 2.º Ciencias aplicadas.

c) Ámbito Profesional, que incluíra, ao menos, a formación necesaria para obter unha cualificación de nivel 1 do Catálogo nacional das cualificacións profesionais a que se refire o artigo 7 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Así mesmo, poderanse incluír outras ensinanzas que contribúan ao desenvolvemento das competencias.

3. Os criterios pedagóxicos con que se desenvolverán os programas formativos destes ciclos adaptaranse ás características específicas do alumnado, adoptando unha organización do currículo desde unha perspectiva aplicada, e fomentarán o desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais, o traballo en equipo e a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, a titoría e a orientación educativa e profesional terán unha especial consideración, ao realizaren un acompañamento socioeducativo personalizado. As administracións educativas promoverán a cooperación e participación de axentes sociais do contorno, outras institucións e entidades, especialmente as corporacións locais, as asociacións profesionais, as organizacións non gobernamentais e outras entidades empresariais e sindicais, para o desenvolvemento destes programas.

4. A superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo de grao básico conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Para favorecer a xustificación no ámbito laboral das competencias profesionais adquiridas, o alumnado a que se refire este número recibirá, así mesmo, o título de técnico básico na especialidade correspondente.

5. Os referentes da avaliación, no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirilles a promoción ou titulación.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.»

Vinte e tres. O artigo 31 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 31. *Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.*

1. Obterán o título de graduado en educación secundaria obrigatoria os alumnos e alumnas que ao rematar a educación secundaria obrigatoria adquirisen as competencias establecidas e alcanzasen os obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no número 10 do artigo 28. En calquera caso, todos os alumnos e alumnas recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa. Esta certificación será tida en conta nos procesos de acreditación e para a continuación da aprendizaxe ao longo da vida.

As decisións sobre a obtención do título ao final desta serán adoptadas de forma colexiada polo profesorado do alumno ou alumna.

2. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria permitirá acceder ao bacharelato, á formación profesional de grao medio e, de superar, se for o caso, a proba correspondente, aos ciclos de grao medio de artes plásticas e deseño e ás ensinanzas deportivas de grao medio; así mesmo, permitirá o acceso ao mundo laboral.

3. Todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluíra unha proposta sobre a opción ou opcións académicas, formativas ou profesionais máis convenientes. Este consello orientador garantirá que todo o alumnado encontre unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

4. As administracións educativas, ao organizaren as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, determinarán

as partes da proba que ten superadas cada un dos aspirantes de acordo coa súa historia académica previa.»

Vinte e catro. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 32 nos seguintes termos:

«1. O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madurez intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional e capacitar para o acceso á educación superior.»

«2. Poderá acceder aos estudos de bacharelato quen estea en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Así mesmo, poderá acceder aos estudos de bacharelato quen estea en posesión de calquera dos títulos de formación profesional, de artes plásticas e deseño ou de ensinanzas deportivas e aqueles outros casos previstos na lei.»

«3. O bacharelato comprende dous cursos, desenvolverase en modalidades diferentes, organizarase de modo flexible e, se for o caso, en distintas vías, co fin de que poida ofrecer unha preparación especializada aos alumnos e alumnas acorde coas súas perspectivas e intereses de formación ou permita a incorporación á vida activa unha vez finalizado este.

O Goberno, logo de consulta coas comunidades autónomas, fixará as condicións en que o alumnado poida realizar o bacharelato en tres cursos, en réxime ordinario, sempre que as súas circunstancias persoais, permanentes ou transitorias, o aconsellen. Neste caso, considerarase a posibilidade de que o alumnado curse simultaneamente materias de ambos os cursos de bacharelato.»

Vinte e cinco. Modifícanse as letras b), c), m) e n) e engádese unha nova letra o) ao artigo 33, que queda redactado deste modo:

«b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na historia e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.»

«m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.»

Vinte e seis. O artigo 34 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 34. *Organización xeral do bacharelato.*

1. As modalidades do bacharelato que poderán ofrecer as administracións educativas e, se for o caso, os centros docentes serán as seguintes:

- a) Ciencias e Tecnoloxía.
- b) Humanidades e Ciencias Sociais.
- c) Artes.
- d) Xeral.

2. O bacharelato organizarase en materias comúns, en materias de modalidade e en materias optativas.

3. O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá a estrutura das modalidades, as materias específicas de cada modalidade e o número destas materias que deben cursar os alumnos e alumnas.

4. Os alumnos e alumnas poderán elixir entre a totalidade das materias de modalidade establecidas. Cada unha das modalidades poderá organizarse en distintas vías que faciliten unha especialización do alumnado para a súa incorporación aos estudos posteriores ou á vida laboral. Os centros ofrecerán a totalidade das materias e, se for o caso, vías de cada modalidade. Só se poderá limitar a elección de materias e vías por parte dos alumnos e alumnas cando haxa un número insuficiente deles, segundo os criterios obxectivos establecidos previamente polas administracións educativas.

5. Cando a oferta de materias nun centro quede limitada por razóns organizativas, as administracións educativas facilitarán que os alumnos e alumnas poidan cursar algunha materia noutros centros ou mediante a modalidade de educación a distancia.

6. As materias comúns do bacharelato serán as seguintes:

- a) Educación física.
- b) Filosofía.
- c) Historia da filosofía.
- d) Historia de España.
- e) Lingua castelá e literatura e, se a houber, Lingua cooficial e literatura.
- f) Lingua estranxeira.

7. Corresponde ás administracións educativas a ordenación das materias optativas. Os centros poderán facer propostas doutras optativas propias, que requirirán a aprobación previa por parte da Administración educativa correspondente.

8. O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, regulará o réxime de recoñecemento recíproco entre os estudos de bacharelato e os ciclos formativos de grao medio de formación profesional, de ensinanzas artísticas e de ensinanzas deportivas, co fin de que poidan ser tidos en conta os estudos superados, mesmo cando non se alcanzase a titulación correspondente.

9. Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas no ensino e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presenta dificultades na súa comprensión e expresión. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.»

Vinte e sete. Suprímese o artigo 34 bis.

Vinte e oito. Suprímese o artigo 34 ter.

Vinte e oito bis. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 35, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. As actividades educativas no bacharelato favorecerán a capacidade do alumno para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación apropiados. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado incorporando a perspectiva de xénero.»

«3. Na organización dos estudos de bacharelato prestarase especial atención aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo. Para estes efectos, estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado.»

Vinte e nove. O artigo 36 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 36. *Avaliación e promoción.*

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias. O profesorado de cada materia decidirá, ao finalizar o curso, se o alumno ou alumna logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. Os alumnos e alumnas promocionarán de primeiro a segundo de bacharelato cando superasen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Os centros educativos deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

3. Os alumnos e alumnas poderán realizar unha proba extraordinaria das materias que non superasen, nas datas que determinen as administracións educativas.

4. Naquelas comunidades autónomas que posúan máis dunha lingua oficial de acordo cos seus estatutos, o alumnado poderá estar exento de realizar a avaliación da materia Lingua propia e literatura, segundo a normativa autonómica correspondente.»

Trinta. Suprímese o artigo 36 bis.

Trinta e un. O artigo 37 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 37. *Título de bacharel.*

1. Para obter o título de bacharel será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as condicións e procedementos para que, excepcionalmente, o equipo docente poida decidir a obtención do título de bacharel polo alumno ou alumna que superase todas as materias agás unha, sempre que nela non se producise unha inasistencia continuada e non xustificada e se considere que alcanzou os obxectivos e competencias vinculados a ese título.

2. Non obstante o anterior, o alumnado que teña o título de técnico ou técnica en formación profesional poderá obter o título de bacharel pola superación das materias necesarias para alcanzar os obxectivos xerais do bacharelato, que serán determinadas en todo caso polo Goberno nos termos recollidos no artigo 44 da presente lei.

3. Así mesmo, poderá obter o título de bacharel quen teña o título de técnico en artes plásticas e deseño e supere as materias necesarias para alcanzar os obxectivos xerais do bacharelato, que serán determinadas en todo caso polo Goberno, de acordo co réxime de validacións regulado para cada unha das citadas ensinanzas.

4. Tamén poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes quen superase as ensinanzas profesionais de música ou de danza e as materias comúns do bacharelato.

5. O título de bacharel facultará para acceder ás distintas ensinanzas que constitúen a educación superior establecidas no artigo 3.5.»

Trinta e dous. O artigo 38 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 38. *Proba de acceso á universidade.*

1. Para acceder aos estudos universitarios será necesaria a superación dunha proba que, xunto coas cualificacións obtidas en bacharelato, valorará, con carácter

obxectivo, a madurez académica e os coñecementos adquiridos nel, así como a capacidade para seguir con éxito os estudos universitarios.

2. Poderá presentarse á proba de acceso á universidade quen estea en posesión do título de bacharel, con independencia da modalidade e da vía cursadas. A proba terá validez para o acceso ás distintas titulacións das universidades españolas.

3. O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as características básicas da proba de acceso á universidade, despois de consultar a Conferencia Xeral de Política Universitaria e con informe previo do Consello de Universidades e do Consello Escolar do Estado.

4. As administracións educativas e as universidades organizarán a proba de acceso e garantirán a adecuación desta ás competencias vinculadas ao currículo do bacharelato, así como a coordinación entre as universidades e os centros que imparten bacharelato para a súa organización e realización.

5. A proba de acceso á universidade realizarase adoptando as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, a non discriminación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e a accesibilidade universal das persoas con discapacidade que se presenten.

6. De acordo co disposto no artigo 42 da Lei orgánica 6/2001, de universidades, e o número 1 deste artigo, o Goberno establecerá a normativa básica que permita ás universidades fixar os procedementos de admisión de quen superase a proba de acceso. Poderá participar nestes procedementos, en igualdade de condicións, todo o alumnado que cumpra as condicións para o acceso, con independencia de onde realizase os seus estudos previos, da matriculación e incorporación destes á universidade da súa elección, así como de se presentan necesidade específica de apoio educativo ou discapacidade.»

Trinta e tres. Modifícase o artigo 39, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais. A regulación contida na presente lei refírese á formación profesional que forma parte do sistema educativo.

2. A formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida.

3. A formación profesional no sistema educativo comprende os ciclos formativos de grao básico, de grao medio e de grao superior, así como os cursos de especialización. Todos eles terán unha organización modular, de duración variable, que integre os contidos teórico-prácticos adecuados aos diversos campos profesionais.

Así mesmo, o Goberno poderá aprobar a inclusión na formación profesional do sistema educativo doutros programas formativos.

4. Os títulos de formación profesional estarán referidos, con carácter xeral, ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais. O currículo destas ensinanzas axustarase ás exixencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional e ao establecido no artigo 6.4 da presente lei, coa excepción dos cursos de especialización, para os cales cada Administración educativa terá capacidade para aplicar ou non o citado artigo 6.4.



O Goberno desenvolverá regulamentariamente as medidas que resulten necesarias para permitir a correspondencia, para efectos de equivalencia e validación, dos certificados de profesionalidade a que se refire ao artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, cos títulos de formación profesional do sistema educativo a través das unidades de competencia acreditadas.

5. Os estudos de formación profesional regulados nesta lei poderán realizarse tanto nos centros educativos que nela se regulan como nos centros integrados e, con carácter excepcional logo de autorización das administracións educativas competentes, en centros de referencia nacional.

6. O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas. Aqueles aspectos do currículo, regulados por normativa básica, dos títulos da formación profesional que requiran revisión e actualización poderán ser modificados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, logo de informe do Consello Xeral da Formación Profesional e do Consello Escolar do Estado, mantendo en todo caso o carácter básico do currículo resultante da dita actualización.

As comunidades autónomas establecerán os procedementos de detección das necesidades de formación profesional nos sectores produtivos existentes nos seus respectivos ámbitos territoriais, que serán tidos en conta co fin de que o Goberno garanta o deseño das titulacións baixo os principios de eficacia e axilidade dos procedementos e de adecuación ao tecido produtivo autonómico.

7. Nos estudos de formación profesional prestarase especial atención aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo, mantendo como un dos principios destas ensinanzas a inclusión educativa. Para estes efectos, estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado.»

Trinta e catro. Modifícase a letra h) e engádese unha nova letra k) ao número 1 e modifícase o número 2 do artigo 40 nos seguintes termos:

«1. (...)

h) Desenvolver as competencias de innovación e emprendemento que favorezan a súa empregabilidade e desenvolvemento profesional.»

«k) Preparar o alumnado en materia de dixitalización no seu sector produtivo.»

«2. Os ciclos formativos de grao básico contribuirán, ademais, a que o alumnado adquiera as competencias de educación secundaria obrigatoria.»

Trinta e cinco. O artigo 41 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 41. *Condicións de acceso e admisión.*

1. O acceso aos ciclos formativos de grao básico requirirá o cumprimento simultáneo das seguintes condicións:

a) Ter feitos quince anos ou facelos durante o ano natural en curso.

b) Ter feito o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter feito o segundo curso.

c) Propor o equipo docente aos pais, nais ou titores legais a incorporación do alumno ou alumna a un ciclo formativo de grao básico, de conformidade co indicado no artigo 30.

2. O acceso a ciclos formativos de grao medio requirirá unha das seguintes condicións:

a) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

b) Ter superado un curso de formación específico preparatorio para o acceso a ciclos de grao medio en centros públicos ou privados autorizados pola Administración educativa.

c) Ter superado unha proba de acceso.

d) Estar en posesión do título de técnico básico.

Nos supostos de acceso ao abeiro das letras b) e c), requirirase ter dezasete anos como mínimo, feitos no ano de realización da proba.

3. O acceso a ciclos formativos de grao superior requirirá unha das seguintes condicións:

a) Estar en posesión do título de bacharel.

b) Posuír o título de técnico de grao medio de formación profesional.

c) Ter superado un curso de formación específico preparatorio para o acceso a ciclos de grao superior en centros públicos ou privados autorizados pola Administración educativa.

d) Ter superado unha proba de acceso.

e) Estar en posesión dun título de técnico superior de formación profesional ou grao universitario.

Nos supostos de acceso ao abeiro das letras c) e d), requirirase ter dezanove anos como mínimo, feitos no ano de realización da proba.

4. As administracións educativas convocarán, periodicamente, as probas de acceso a que se refiren os números 2 e 3 para todos os ciclos formativos que oferten. Estas probas deberán acreditar, para a formación profesional de grao medio, as competencias de educación secundaria obrigatoria e, para a formación profesional de grao superior, a madurez en relación coas competencias da educación secundaria postobrigatoria. Estas probas realizaranse adoptando as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, a non discriminación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e a accesibilidade universal das persoas con discapacidade que se presenten, incluída a realización de axustes razoables.

No caso de alumnado que, tras cursar a formación profesional básica, non superase o ciclo na súa totalidade, pero si todos os módulos do ámbito profesional, as administracións educativas poderán establecer unha proba de acceso de carácter específico adaptada ao perfil profesional do ciclo formativo.

5. As administracións educativas ofertarán cursos de formación específicos preparatorios para o acceso á formación profesional de grao medio e grao superior, destinados a alumnos e alumnas que carezan dos requisitos de acceso, que respectarán os principios de accesibilidade e non discriminación. A superación da totalidade ou de parte destes cursos terá efectos de exencións totais ou parciais da proba de acceso. Así mesmo, terase en conta para efectos de exención estar en posesión dun certificado de profesionalidade relacionado co ciclo formativo que se pretende cursar ou acreditar unha determinada cualificación ou experiencia laboral.

6. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das probas de avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7. Poderá acceder a un curso de especialización de formación profesional quen estea en posesión dun título de técnico ou de técnico superior asociado a este ou cumpra os requisitos que para cada curso de especialización se determinen.»

Trinta e seis. O artigo 42 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 42. *Contido e organización da oferta.*

1. Corresponde ás administracións educativas, no ámbito das súas competencias, programar a oferta das ensinanzas de formación profesional.

Os estudos de formación profesional recollidos nesta lei poderán realizarse nos centros educativos que nela se regulan, así como nos centros integrados de formación profesional a que se refire o artigo 11 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

O Goberno, logo de consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional, establecerá os requisitos básicos que deberán reunir os centros que impartan ofertas de formación profesional conducentes á obtención de títulos de formación profesional.

O Goberno promoverá que os centros autorizados para impartir formación profesional do sistema educativo, que reúnan os requisitos necesarios, poidan impartir formación profesional para o emprego, de acordo co recollido na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

2. Os ciclos formativos de grao básico constarán de tres ámbitos, tal como establece o artigo 30.2 da presente lei. O ámbito profesional incluírá unha serie de módulos profesionais que conterán, ao menos, as unidades de competencia correspondentes a unha cualificación de nivel 1 do Catálogo nacional das cualificacións profesionais.

Os ciclos formativos de grao medio e de grao superior e cursos de especialización terán carácter modular.

Todos os ciclos formativos incluírán unha fase práctica dual de formación nos centros de traballo, da cal poderá quedar exento quen acredite unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. As administracións educativas regularán esta fase e a mencionada exención.

Os cursos de especialización complementarán ou profundarán nas competencias de quen xa dispoña dun título de formación profesional ou cumpra as condicións de acceso que para cada un se determine.

3. A formación profesional promoverá a integración de contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos e garantirá que o alumnado adquira as competencias relacionadas coa dixitalización, as habilidades para a xestión da carreira, a innovación, o emprendemento, a versatilidade tecnolóxica, a xestión do coñecemento e do seu proxecto profesional, o compromiso co desenvolvemento sustentable e a prevención de riscos laborais e ambientais e a responsabilidade profesional.

4. Os alumnos e alumnas poderán permanecer cursando un ciclo formativo, con carácter xeral, durante un tempo máximo que non supere o dobre dos cursos asignados ao ciclo.

Cando as circunstancias persoais do alumno ou alumna con necesidade específica de apoio educativo o aconsellen para a consecución dos obxectivos destas ensinanzas, este alumnado poderá contar cun curso adicional, así como coa matrícula parcial en cada un dos cursos. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas.

Así mesmo, estableceranse adaptacións do currículo, baseadas en medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, no ensino e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en especial para aquel que presenta dificultades na súa expresión e comprensión, caso en que a avaliación terá como referencia a adaptación realizada.

5. As administracións educativas poderán organizar ofertas específicas de ciclos formativos de grao básico dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais, destinadas a aqueles casos en que non sexa posible a súa inclusión en ofertas ordinarias e as súas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade, e poderán escolarizarse ao menos até os 21 anos.

6. As administracións educativas poderán autorizar e organizar programas formativos específicos destinados a persoas maiores de 17 anos que abandonaron o sistema educativo sen cualificación, co fin de permitirles a obtención dun título de

formación profesional ou dunha certificación académica en que se farán constar os módulos profesionais superados e, se for o caso, a súa correspondencia con unidades de competencia asociadas ao Catálogo nacional de cualificacións.

Igualmente, as administracións educativas poderán autorizar, excepcionalmente, ciclos formativos de grao básico específicos para quen fixese, ao menos, 17 anos cando concorran circunstancias de historia escolar que o aconsellen.

6 bis. As administracións educativas poderán organizar programas formativos de actualización profesional que respondan ás necesidades emerxentes do sistema produtivo, que terán validez no seu ámbito territorial até a súa inclusión no Catálogo de titulacións e acreditacións de formación profesional aprobadas polo Goberno.

7. No marco do establecido nos aspectos básicos do currículo de cada título e da organización modular dos ciclos formativos e cursos de especialización de formación profesional, as administracións educativas promoverán a flexibilidade e a especialización da súa oferta formativa co obxectivo de promover a innovación e a empregabilidade.

8. O Goberno regulará as condicións e requisitos básicos que permitan o desenvolvemento das modalidades semipresencial e a distancia da formación profesional.

9. Corresponde ás administracións educativas desenvolver un sistema de orientación profesional axustado e eficaz, que contribúa á consideración de todo tipo de opcións formativas e profesionais e fomenta a igualdade efectiva de mulleres e homes.

10. O Goberno promoverá a transferencia de innovación e experiencias de éxito, e o avance da calidade das ensinanzas de formación profesional.»

Trinta e seis bis. Modifícase o número 2 do artigo 42 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, regulará as condicións e requisitos básicos que permitan o desenvolvemento polas administracións educativas da formación profesional dual no ámbito do sistema educativo.»

Trinta e sete. O artigo 43 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 43. *Avaliación.*

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizarase por módulos profesionais, tendo en conta a globalidade do ciclo desde a perspectiva das novas metodoloxías de aprendizaxe. No caso dos ciclos formativos de grao básico, a avaliación realizarase por ámbitos.

2. A superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais ou nos ámbitos que o compoñen e, no caso das organizacións curriculares diferentes aos módulos profesionais, de todos os resultados de aprendizaxe, e as competencias profesionais, persoais e sociais que neles se inclúen.»

Trinta e oito. O artigo 44 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 44. *Títulos e validacións.*

1. Os alumnos e alumnas que superen un ciclo formativo de grao básico recibirán o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Aqueles que obteñan este título tras superaren un ciclo formativo de grao básico recibirán, así mesmo, o título de técnico básico na especialidade correspondente.

2. Os alumnos e alumnas que superen os ciclos formativos de grao medio da formación profesional recibirán o título de técnico ou técnica do perfil profesional correspondente.

O título de técnico ou técnica de formación profesional permitirá o acceso aos ciclos formativos de grao superior da formación profesional do sistema educativo e das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

3. Os alumnos e alumnas que superen os ciclos formativos de grao superior da formación profesional obterán o título de técnico ou técnica superior.

O título de técnico ou técnica superior permitirá o acceso, logo de superación dun procedemento de admisión, aos estudos universitarios de grao.

4. Quen non supere na súa totalidade as ensinanzas dos ciclos formativos de grao básico, medio ou superior, ou cursos de especialización, recibirá unha certificación académica dos módulos profesionais e das competencias adquiridas e, se for o caso, ámbitos ou materias superados, que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias adquiridas en relación co Sistema nacional das cualificacións e da formación profesional. Esta certificación dará dereito, a quen o solicite, á expedición pola Administración competente do certificado ou acreditacións profesionais correspondentes.

5. O Goberno regulará o réxime de validacións e equivalencias entre os ciclos formativos de grao medio e superior da formación profesional e o resto de ensinanzas e estudos oficiais, oídos os correspondentes órganos colexiados. En todo caso, respectarase o establecido na Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, pola que se modifican as leis orgánicas 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional; 2/2006, do 3 de maio, de educación, e 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, en materia de colaboración entre a formación profesional superior e o ensino universitario.

6. O título de técnico superior permitirá o acceso, logo de superación dun procedemento de admisión, aos estudos universitarios de grao, así como ás validacións dos créditos universitarios que correspondan.»

Trinta e nove. O artigo 46 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 46. *Ordenación das ensinanzas.*

1. O currículo das ensinanzas artísticas profesionais será definido polo procedemento establecido no artigo 6 desta lei.

2. A definición do contido das ensinanzas artísticas superiores, así como a súa avaliación, farase no contexto da ordenación da educación superior española no marco europeo e coa participación do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e, se for o caso, do Consello de Universidades.

3. O Goberno manterá a actualización dos aspectos básicos do currículo das distintas ensinanzas artísticas. Aqueles aspectos do currículo, regulados por normativa básica, dos títulos de ensinanzas artísticas que requiran revisión e actualización poderán ser modificados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, logo de informe do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e do Consello Escolar do Estado, mantendo en todo caso o carácter básico do currículo resultante da dita actualización.»

Corenta. O artigo 50 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 50. *Titulacións.*

1. A superación das ensinanzas profesionais de música ou de danza dará dereito á obtención do título profesional correspondente.

2. O alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de música ou de danza poderá obter o título de bacharel na súa modalidade de Artes nas condicións establecidas no número 4 do artigo 37 desta lei.»

Corenta e un. Modifícanse os números 2 e 5 do artigo 52, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. Poderá acceder ao grao superior de artes plásticas e deseño quen teña o título de bacharel ou o de técnico ou técnica de formación profesional e supere unha proba que permita demostrar as aptitudes necesarias para cursar con aproveitamento as ensinanzas de que se trate. Así mesmo, poderá acceder a estas ensinanzas quen estea en posesión do título de técnico ou técnica de artes plásticas e deseño.»

«5. As administracións educativas regularán as probas mencionadas nos números anteriores e as exencións da parte que proceda das probas previstas para o acceso sen reunir os requisitos académicos.

As administracións educativas poderán programar e ofertar cursos destinados á preparación das probas para o acceso a un ciclo de grao medio por parte de quen non obtívase o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. As cualificacións obtidas nestes cursos serán tidas en conta na nota final da respectiva proba de acceso.»

Corenta e dous. Modifícanse os números 1, 2 e 4 do artigo 53, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. O alumnado que supere o grao medio de artes plásticas e deseño recibirá o título de técnico ou técnica de artes plásticas e deseño na especialidade correspondente. O título de técnico ou técnica de artes plásticas e deseño permite o acceso aos ciclos formativos de grao superior de ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño e das ensinanzas da formación profesional do sistema educativo.»

«2. O alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de grao medio de artes plásticas e deseño obterá o título de bacharel na súa modalidade de Artes nas condicións establecidas no número 3 do artigo 37 desta lei.»

«4. O Goberno, oído o Consello de Universidades, regulará o réxime de validacións entre os estudos universitarios e os ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño.»

Corenta e tres. Modifícase o número 3 do artigo 54, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. O alumnado que superase os estudos superiores de música ou de danza obterá o título de grao en ensinanzas artísticas superiores de música ou danza na especialidade que corresponda, que será equivalente, para todos os efectos, ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable exixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título de grao en ensinanzas artísticas superiores de música ou danza.»

Corenta e catro. Modifícase o número 3 do artigo 55, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. O alumnado que superase as ensinanzas de arte dramática obterá o título de grao en ensinanzas artísticas superiores de arte dramática na especialidade que corresponda, que será equivalente, para todos os efectos, ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable exixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título de grao en ensinanzas artísticas superiores de arte dramática.»

Corenta e cinco. Modifícase o número 2 do artigo 56, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. O alumnado que superase estes estudos obterá o título de grao en ensinanzas artísticas superiores de conservación e restauración de bens culturais

na especialidade que corresponda, que será equivalente, para todos os efectos, ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable exixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título de grao en ensinanzas artísticas superiores de conservación e restauración de bens culturais.»

Corenta e seis. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 57, que quedan redactados nos seguintes termos:

«3. Os estudos superiores de artes plásticas, entre os que se inclúen os estudos superiores de cerámica e os estudos superiores do vidro, conducirán ao título de grao en ensinanzas artísticas superiores de artes plásticas na especialidade que corresponda, que será equivalente, para todos os efectos, ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable exixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título de grao en ensinanzas artísticas superiores de artes plásticas.

4. Os estudos superiores de deseño conducirán ao título de grao en ensinanzas artísticas superiores de deseño na especialidade que corresponda, que será equivalente, para todos os efectos, ao título universitario de grao. Sempre que a normativa aplicable exixa estar en posesión do título universitario de grao, entenderase que cumpre este requisito quen estea en posesión do título de grao en ensinanzas artísticas superiores de deseño.»

Corenta e sete. Modifícase o número 4 do artigo 63, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. O currículo das ensinanzas deportivas axustarase ás exixencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional e ao establecido no artigo 6.3 da presente lei.»

Corenta e oito. Modifícanse os números 2 e 3 e inclúese un novo número 6 do artigo 64 nos seguintes termos:

«2. Para acceder ás ensinanzas de grao medio será necesario estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Para acceder ao grao superior será necesario estar en posesión do título de técnico deportivo, na modalidade ou especialidade deportiva que se determine por vía regulamentaria, e ademais de, ao menos, un dos seguintes títulos:

- a) Título de bacharel.
- b) Título de técnico superior.
- c) Título universitario.

Tamén poderá acceder aos graos medio e superior destas ensinanzas quen, carecendo dos títulos ou certificados indicados no parágrafo anterior, supere unha proba de acceso regulada polas administracións educativas. Para acceder por esta vía ao grao medio requirirase ter a idade de dezasete anos e dezanove para o grao superior, feitos no ano de realización da proba, sempre que se acredite que se está en posesión do título de técnico deportivo da correspondente modalidade ou especialidade deportiva.

As probas a que se refire o parágrafo anterior deberán permitir acreditar para o grao medio os coñecementos e habilidades suficientes e para o grao superior a madurez en relación cos obxectivos do bacharelato, para cursar con aproveitamento as ditas ensinanzas, de acordo cos criterios que estableza o Goberno.»

«3. No caso de determinadas modalidades ou especialidades deportivas, poderá requirirse, ademais, a superación dunha proba específica realizada polas administracións educativas, acreditar méritos deportivos, experiencia profesional ou deportiva, ou as tres condicións de forma conxunta. O Goberno, en colaboración

coas comunidades autónomas, regulará as características da proba, dos méritos deportivos e da experiencia profesional ou deportiva, de tal maneira que se demostre que se teñen as condicións necesarias para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes, así como a validación destes por experiencia profesional, deportiva ou formación acreditada.»

«6. Aqueles aspectos do currículo, regulados por normativa básica, dos títulos de ensinanzas deportivas que requiran revisión e actualización poderán ser modificados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, logo de informe do Consello Superior de Deportes e do Consello Escolar do Estado, mantendo en todo caso o carácter básico do currículo resultante da dita actualización.»

Corenta e oito bis. Modifícase a letra h) e engádese unha letra i) nova ao número 3 do artigo 66 nos seguintes termos:

«h) Adquirir, ampliar e renovar os coñecementos, habilidades e destrezas necesarias para a creación de empresas e para o desempeño de actividades e iniciativas empresariais, da economía dos cidadáns, da colaboración social e de compromiso cidadán.

i) Desenvolver actitudes e adquirir coñecementos vinculados ao desenvolvemento sustentable e para os efectos do cambio climático e as crises ambientais, de saúde ou económicas e promover a saúde e os hábitos saudables de alimentación, e reducir o sedentarismo.»

Corenta e oito ter. Modifícase o número 1 do artigo 67 e engádese un novo número 10, cuxa redacción queda nos seguintes termos:

«1. Poderá incorporarse á educación de persoas adultas quen faga dezaioito anos no ano en que comece o curso.

Ademais das persoas adultas, excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas os maiores de dezaseis anos que o soliciten e que teñan un contrato laboral que non lles permita acudir aos centros educativos en réxime ordinario ou sexan deportistas de alto rendemento. Así mesmo, as administracións educativas poderán autorizar, excepcionalmente, o acceso a estas ensinanzas aos e ás maiores de dezaseis anos, en que concorran circunstancias que lles impidan acudir a centros educativos ordinarios e que estean debidamente acreditadas e reguladas, e a quen non estivese escolarizado no sistema educativo español.»

«10. As administracións educativas, en colaboración coas administracións competentes en materia de emprego, impulsarán medidas de orientación profesional que fomenten a aprendizaxe ao longo da vida e a mellora da cualificación das persoas adultas, garantindo as ofertas de formación necesarias.»

Corenta e nove. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 68, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. Corresponde ás administracións educativas, no ámbito das súas competencias, organizar periodicamente probas para que as persoas maiores de dezaioito anos poidan obter directamente o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Ademais, as administracións educativas velarán por que se adopten as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social e a accesibilidade universal das persoas con discapacidade que se presenten ás ditas probas.»

«3. Para quen fíxese, ao menos, dezaioito anos no ano de inicio do curso, as administracións educativas poderán establecer ciclos formativos de grao básico.»



Corenta e nove bis. Engádesse un artigo 70 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 70 bis. *Tecnoloxías dixitais e formación de adultos.*

1. Co fin de lograr, nas ensinanzas de adultos, unha mellor adaptación ás necesidades persoais de formación e aos ritmos individuais de aprendizaxe con garantías de calidade, os poderes públicos impulsarán o desenvolvemento de formas de ensino que resulten da aplicación preferente das tecnoloxías dixitais á educación.
2. En concordancia co anterior, potenciarase o desenvolvemento de iniciativas formativas e a elaboración de materiais didácticos en soporte electrónico. Facilitaranse a extensión das ensinanzas a distancia e o seu acceso a través das tecnoloxías dixitais. »

Corenta e nove ter. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 71, cuxa redacción queda nos seguintes termos:

- «1. As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na presente lei.
2. Corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.»

Corenta e nove quáter. Modifícase o número 5 do artigo 72, cuxa redacción queda nos seguintes termos:

- «5. As administracións educativas poderán colaborar con outras administracións ou entidades públicas ou privadas, institucións ou asociacións, para facilitar a escolarización, unha mellor incorporación deste alumnado ao centro educativo, a promoción do éxito educativo e a prevención do abandono escolar temperán.»

Corenta e nove quinquies. Modifícase o artigo 73, cuxa redacción queda nos seguintes termos:

«Artigo 73. *Ámbito.*

1. Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
2. O sistema educativo disporá dos recursos necesarios para a detección precoz dos alumnos con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, e para que poidan alcanzar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos os alumnos. Pata tal efecto, as administracións educativas dotarán estes alumnos do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade.»

Cincuenta. Modifícanse os números 2, 3, 4 e 5 do artigo 74, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. A identificación e valoración das necesidades educativas deste alumnado realizaranas, o máis axiña posible, profesionais especialistas e nos termos que determinen as administracións educativas. Neste proceso serán preceptivamente oídos e informados os pais, nais ou tutores legais do alumnado. As administracións educativas regularán os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

3. Ao finalizar cada curso avaliarase o grao de consecución dos obxectivos establecidos de maneira individual para cada alumno. A dita avaliación permitirá proporcionar a orientación adecuada e modificar a atención educativa prevista, así como o réxime de escolarización, que tenderá a lograr a continuidade, a progresión ou a permanencia do alumnado no máis inclusivo.

4. Corresponde ás administracións educativas promover a escolarización na educación infantil do alumnado que presente necesidades educativas especiais e desenvolver programas para a súa adecuada escolarización nos centros de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Para atender adecuadamente a dita escolarización, a relación numérica entre profesorado e alumnado poderá ser inferior á establecida con carácter xeral.

5. Corresponde, así mesmo, ás administracións educativas favorecer que o alumnado con necesidades educativas especiais poida continuar a súa escolarización de maneira adecuada en todos os niveis educativos pre e postobrigatorios; adaptar as condicións de realización das probas establecidas nesta lei para aquelas persoas con discapacidade que así o requiran; proporcionar os recursos e apoios complementarios necesarios e proporcionar as atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos dalgún tipo durante o curso escolar.»

Cincuenta bis. Modifícase o artigo 75, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 75. *Inclusión educativa, social e laboral.*

1. Cando as circunstancias persoais do alumno ou alumna con necesidades educativas especiais o aconsellen para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá contar cun curso adicional. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas.

2. Con obxecto de reforzar a inclusión educativa, as administracións educativas poderán incorporar á súa oferta educativa as linguas de signos españolas.

3. Coa finalidade de facilitar a inclusión social e laboral do alumnado con necesidades educativas especiais que non poida alcanzar os obxectivos da educación obrigatoria, as administracións públicas fomentarán ofertas formativas adaptadas ás súas necesidades específicas.

4. As administracións educativas establecerán unha reserva de prazas nas ensinanzas de formación profesional para o alumnado con discapacidade.»

Cincuenta ter. Modifícanse o título do capítulo II do título II e o artigo 80, que quedan redactados nos seguintes termos:

## «CAPÍTULO II

### **Equidade e compensación das desigualdades en educación**

Artigo 80. *Principios.*

1. Co fin de facer efectivo o principio de equidade no exercicio do dereito á educación, as administracións públicas desenvolverán accións dirixidas cara ás

persoas, grupos, contornos sociais e ámbitos territoriais que se encontren en situación de vulnerabilidade socioeducativa e cultural co obxectivo de eliminar as barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, asegurando con isto os axustes razoables en función das súas necesidades individuais e prestando o apoio necesario para fomentar o seu máximo desenvolvemento educativo e social, de maneira que poidan acceder a unha educación inclusiva, en igualdade de condicións cos demais.

2. As políticas de compensación reforzarán a acción do sistema educativo de forma que se eviten desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

3. Corresponde ao Estado e ás comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos de competencia fixar os seus obxectivos prioritarios co fin de lograr unha educación de maior equidade.»

Cincuenta quáter. Modifícase o artigo 81, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 81. *Escolarización.*

1. Corresponde ás administracións educativas asegurar unha actuación preventiva e compensatoria garantindo as condicións máis favorables para a escolarización de todos os nenos cuxas condicións persoais ou sociais supoñan unha desigualdade inicial para acceder ás distintas etapas da educación. A escolarización do alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa rexerese polos principios de participación e inclusión e asegurará a súa non discriminación nin segregación e a igualdade efectiva no acceso e a permanencia no sistema educativo. Con este fin, as administracións educativas adoptarán as medidas necesarias para actuar de forma preventiva co alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa con obxecto de favorecer o seu éxito escolar.

2. Naqueles centros escolares, zonas xeográficas ou contornos sociais nos cales exista concentración de alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa, as administracións educativas desenvolverán iniciativas para compensar esta situación. Con este fin, poderanse establecer actuacións socioeducativas conxuntas a nivel territorial coas administracións locais e entidades sociais, incluíndo unha especial atención á oferta educativa extraescolar e de ocio educativo, así como accións de acompañamento e titorización co alumnado que se encontre nesta situación e coas súas familias.

As ditas iniciativas e actuacións realizaranse de maneira que se evite a segregación deste alumnado dentro dos centros educativos.

3. As administracións educativas adoptarán as medidas necesarias para desenvolver accións de acompañamento e titorización co alumnado que se encontre nesta situación e coas súas familias.

4. Sen prexuízo do disposto no capítulo I deste mesmo título, as administracións educativas dotarán os centros públicos e privados concertados dos recursos humanos e materiais necesarios para compensar a situación dos alumnos que teñan especiais dificultades para alcanzar os obxectivos educativos, debido ás súas condicións sociais. »

Cincuenta e un. Modifícase o título, os números 1 e 2, e engádense novos números 3 a 6 ao artigo 82, que quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 82. *Igualdade de oportunidades no ámbito rural.*

1. As administracións educativas prestarán especial atención aos centros educativos no ámbito rural, considerando as peculiaridades do seu contorno educativo e a necesidade de favorecer a permanencia no sistema educativo do alumnado das zonas rurais máis aló do ensino básico. Para tal efecto, as administracións educativas terán en conta o carácter específico da escola rural e

proporcionarlle os medios e sistemas organizativos necesarios para atender as súas necesidades particulares e garantir a igualdade de oportunidades.

2. Na educación primaria, as administracións educativas garantirán a todos os alumnos un posto escolar gratuito no seu propio municipio ou zona de escolarización establecida.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, na educación básica, naquelas zonas rurais en que se considere aconsellable, poderanse escolarizar os nenos nun municipio próximo ao da súa residencia para garantir a calidade do ensino. Neste suposto as administracións educativas prestarán de forma gratuita os servizos escolares de transporte e, se for o caso, comedor e internado.

A planificación do transporte do alumnado ao seu centro realizarase minimizando o tempo de desprazamento.

3. As administracións educativas impulsarán o incremento da escolarización do alumnado de zona rural nas ensinanzas non obrigatorias. Así mesmo, procurarán unha oferta diversificada destas ensinanzas, relacionada coas necesidades do contorno, adoptando as oportunas medidas para que a dita oferta proporcione unha formación de calidade, especialmente con programas de formación profesional vinculados ás actividades e recursos do contorno, nos centros de educación secundaria e formación profesional das áreas rurais.

4. Para garantir a igualdade de oportunidades no ámbito rural, realizarase un axuste razoable dos criterios para a organización da optatividade do alumnado de educación secundaria nos centros que polo seu tamaño poidan vela restrinxida.

5. As administracións educativas facilitarán a dotación dos centros do ámbito rural con recursos humanos suficientes e fomentarán a formación específica do profesorado das zonas rurais, favorecendo a súa vinculación e identificación cos proxectos educativos do centro. Así mesmo, dotarán á escola rural de materiais de aprendizaxe e de recursos educativos na internet.

Por outro lado, impulsarase a realización de prácticas nos centros educativos do medio rural por parte de estudantes universitarios e de formación profesional.

6. A planificación da escolarización nas zonas rurais deberá contar con recursos económicos suficientes para o mantemento da rede de centros rurais, o transporte e comedor do alumnado que o requira e o equipamento con dispositivos e redes informáticas e de telecomunicación e acceso á internet.»

Cincuenta e dous. Modifícanse os números 2, 3 e 4 e engádense os novos números 5 e 6 ao artigo 83, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. O Estado establecerá, con cargo aos seus orzamentos xerais, e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, un sistema xeral de bolsas e axudas ao estudo, co fin de que todas as persoas, con independencia do seu lugar de residencia, gocen das mesmas condicións no exercicio do dereito á educación.

As comunidades autónomas, de acordo co previsto nos seus estatutos de autonomía, poderán regular o seu propio sistema de bolsas e axudas ao estudo, cando se desenvolvan con cargo ao seu propio orzamento en exercicio das súas competencias.

3. Para estes efectos, o Goberno regulará de forma básica con carácter de mínimos, as modalidades e contías das bolsas e axudas ao estudo a que se refire o número anterior, as condicións económicas e académicas que deben reunir os beneficiarios, así como os supostos de incompatibilidade, revogación, reintegro e cantos requisitos sexan precisos para asegurar a igualdade no acceso ás citadas bolsas e axudas, preservando as competencias das comunidades autónomas que, con cargo aos seus orzamentos, regulen e xestionen un sistema de bolsas e axudas ao estudo.

4. Co fin de articular un sistema eficaz de verificación e control das bolsas e axudas concedidas e de coordinar as bolsas e axudas con outras políticas dirixidas

á compensación das desigualdades na educación, Estableceranse os procedementos necesarios de información, coordinación e cooperación entre as diferentes administracións educativas.»

5. As convocatorias que se realicen do sistema xeral de bolsas respectarán o dereito subxectivo a recibilas por parte daqueles beneficiarios que cumpran as condicións económicas e académicas que se determinen, sen que se poida establecer un límite ao número delas.

6. Con independencia do sistema xeral de bolsas a que se refiren os parágrafos anteriores, as comunidades autónomas poderán ofertar bolsas e axudas para o fomento do estudo con cargo aos seus fondos propios, conforme o establecido nos seus correspondentes estatutos de autonomía.»

Cincuenta e tres. Modifícanse os números 1 a 7 do artigo 84, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. As administracións educativas regularán a admisión de alumnos e alumnas en centros públicos e privados concertados de tal forma que se garanta o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por parte de pais, nais ou tutores legais. Na dita regulación disporanse as medidas necesarias para evitar a segregación do alumnado por motivos socioeconómicos ou doutra natureza. En todo caso, atenderase a unha adecuada e equilibrada distribución entre os centros escolares do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. Sen prexuízo do establecido nos números 6 e 7 deste artigo, cando non existan prazas suficientes o proceso de admisión rexeráse polos criterios prioritarios de existencia de irmáns ou irmás matriculados no centro; proximidade do domicilio ou do lugar de traballo dalgún dos seus pais, nais ou tutores legais e a renda *per cápita* da unidade familiar. Así mesmo, terase en conta que os pais, nais ou tutores legais traballen no centro, a condición legal de familia numerosa, de alumnado nacido de parto múltiple, de familia monoparental, a situación de acollemento familiar do alumno ou alumna, a concorrencia de discapacidade no alumno ou alumna ou nalgún dos seus pais, nais ou irmáns e irmás e a condición de vítima de violencia de xénero ou de terrorismo. Ningún destes criterios terá carácter excluínte nin poderá supor máis do 30 % do total da puntuación máxima, salvo a proximidade ao domicilio, que poderá superar ese límite.

3. En ningún caso haberá discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, relixión, opinión, discapacidade, idade, enfermidade, orientación sexual ou identidade de xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

4. As administracións educativas poderán solicitar a colaboración doutras instancias administrativas para garantir a autenticidade dos datos que os interesados e os centros acheguen no proceso de admisión do alumnado.

5. Corresponde ás administracións educativas establecer o procedemento e as condicións para a adscrición de centros públicos, respectando a posibilidade de libre elección de centro. Os centros públicos adscritos a outros centros públicos que impartan etapas diferentes consideraranse centros únicos para efectos de aplicación dos criterios de admisión do alumnado establecidos na presente lei. Así mesmo, nos centros públicos que ofrezan varias etapas educativas o procedemento inicial de admisión realizarase ao comezo da que corresponda á menor idade.

6. Nos procedementos de admisión de alumnos e alumnas en centros públicos que impartan educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, cando non existan prazas suficientes, terá prioridade quen proceda dos centros de educación infantil, educación primaria ou educación secundaria obrigatoria, respectivamente, que teñan adscritos. No caso dos centros privados concertados, seguirase un procedemento análogo, sempre que as ditas ensinanzas estean concertadas.

7. Así mesmo, terán preferencia na área ou zona de escolarización que corresponda ao domicilio ou ao lugar de traballo, indistintamente, dalgún dos seus pais, nais ou titores legais aqueles alumnos e alumnas cuxa escolarización en centros públicos ou privados concertados veña motivada por traslado da unidade familiar debido á mobilidade forzosa de calquera dos pais, nais ou titores legais, a unha discapacidade sobrevida de calquera dos membros da familia ou a un cambio de residencia derivado de actos de violencia de xénero.»

Cincuenta e catro. Modifícase o artigo 86, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As administracións educativas garantirán a igualdade na aplicación das normas de admisión, o que inclúe o establecemento das mesmas áreas de escolarización ou influencia para os centros públicos e privados concertados, dun mesmo municipio ou ámbito territorial, en función das ensinanzas que imparten e dos postos escolares autorizados.

As áreas de influencia determinaranse, oídas as administracións locais, de modo que permitan garantir a aplicación efectiva dos criterios prioritarios de proximidade ao domicilio e cubran no posible unha poboación socialmente heteroxénea.

En ningún caso as características propias dun centro ou da súa oferta educativa, tales como as derivadas do feito de que o centro imparta ensinanzas plurilingües, de que tivese recoñecida unha especialización curricular ou participase nunha acción destinada a fomentar a calidade, poderán supor modificación dos criterios de admisión.

2. Sen prexuízo das competencias que lles son propias, as administracións educativas poderán constituír comisións ou órganos de garantías de admisión que deberán, en todo caso, constituírse cando a demanda de prazas nalgún centro educativo do ámbito de actuación da comisión supere a oferta, incluídas as prazas reservadas para o alumnado con necesidades de apoio educativo. Estas comisións recibirán dos centros toda a información e documentación precisa para o exercicio destas funcións e supervisarán o proceso de admisión do alumnado, o cumprimento das normas que o regulan, especialmente as relativas a evitar a segregación do alumnado por motivos socioeconómicos ou doutra natureza, e proporán ás administracións educativas as medidas que consideren adecuadas. Particularmente, velarán pola presenza equilibrada do alumnado con necesidade específica de apoio educativo ou que se encontre en situación socioeconómica desfavorecida entre os centros sostidos con fondos públicos do seu ámbito de actuación. Estas comisións ou órganos estarán integrados por representantes da Administración educativa, da Administración local, das familias, do profesorado, do alumnado, se for o caso, e dos centros públicos e privados concertados, designados polas organizacións destes colectivos ou institucións, e deberán promover, na súa composición, o principio de representación equilibrada de mulleres e homes.

3. As familias poderán presentar ao centro en que desexen escolarizar os seus fillos e fillas, ante a comisión ou órgano de garantías de admisión ou ante a administración educativa, as solicitudes de admisión, que, en todo caso, deberán ser tramitadas. Os centros docentes deberán ser informados das solicitudes de admisión que os afecten.»

Cincuenta e cinco. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 87 nos seguintes termos:

«1. Co fin de asegurar a calidade educativa para todos, a cohesión social e a igualdade de oportunidades, as administracións garantirán unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e disporán as medidas necesarias para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza. Para isto, establecerán unha proporción equilibrada do alumnado con necesidade específica de apoio educativo

que deba ser escolarizado en cada un dos centros públicos e privados concertados e garantirán os recursos persoais e económicos necesarios aos centros para ofrecer o dito apoio. Así mesmo, establecerán as medidas que se deban adoptar cando se concentre unha elevada proporción de alumnado de tales características nun centro educativo, que irán dirixidas a garantir o dereito á educación en condicións de igualdade de todos os alumnos e alumnas.

2. Para facilitar a escolarización e garantir o dereito á educación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, as administracións educativas deberán reservarlle até o final do período de preinscripción e matriculas, derivadas tanto da avaliación ordinaria como extraordinaria, unha parte das prazas dos centros públicos e das autorizadas aos centros privados concertados. Esta reserva poderá manterse até o inicio do curso escolar.

Así mesmo, autorizarán un incremento de até un dez por cento do número máximo de alumnos e alumnas por aula nos centros públicos e privados concertados, ben para atender necesidades inmediatas de escolarización do alumnado de incorporación tardía ben por necesidades que veñan motivadas por traslado da unidade familiar en período de escolarización extraordinaria debido á mobilidade forzosa de calquera dos pais, nais ou titores legais, ou debido ao inicio dunha medida de acollemento familiar no alumno ou a alumna.»

Cincuenta e cinco bis. Modifícase o artigo 88, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 88. *Garantías de gratuidade.*

1. Para garantir a posibilidade de escolarizar todos os alumnos sen discriminación por motivos socioeconómicos, en ningún caso poderán os centros públicos ou privados concertados percibir cantidades das familias por recibir as ensinanzas de carácter gratuíto, impor ás familias a obrigaón de facer achegas a fundacións ou asociacións nin establecer servizos obrigatorios, asociados ás ensinanzas, que requiran achega económica por parte das familias dos alumnos. No marco do disposto no artigo 51 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, quedan excluídas desta categoría as actividades extraescolares e os servizos escolares, que, en todo caso, terán carácter voluntario. As actividades complementarias que se consideren necesarias para o desenvolvemento do currículo deberán programarse e realizarse de forma que non supoñan discriminación por motivos económicos.

As actividades complementarias que teñan carácter estable non poderán formar parte do horario escolar do centro.

2. As administracións educativas dotarán os centros dos recursos necesarios para facer efectiva a gratuidade das ensinanzas que nesta lei se declaran gratuítas e establecerán medidas para que a situación socioeconómica do alumnado non supoña unha barreira para o acceso ás actividades complementarias e os servizos escolares. As administracións educativas supervisarán o cumprimento por parte dos centros educativos do presente artigo.»

Cincuenta e cinco ter. Modifícase o número 1, letras a) e g), do artigo 91, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As funcións do profesorado son, entre outras, as seguintes:

a) A programación e o ensino das áreas, materias, módulos ou ámbitos curriculares que teñan encomendados.»

«g) A contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores da cidadanía democrática e da cultura de paz.»

Cincuenta e cinco quáter. Modifícase o artigo 94, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 94. *Profesorado de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.*

Para impartir as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato será necesario ter o título de grao universitario ou titulación equivalente, ademais da formación pedagóxica e didáctica de nivel de posgrao, de acordo co disposto no artigo 100 da presente lei, sen prexuízo da habilitación doutras titulacións que, para efectos de docencia, poida establecer o Goberno para determinadas áreas, logo de consulta ás comunidades autónomas.»

Cincuenta e cinco quinquies. Modifícase o artigo 95, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 95. *Profesorado de formación profesional.*

1. Para impartir ensinanzas de formación profesional exixíranse os mesmos requisitos de titulación e formación establecidos no artigo anterior para a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

2. As administracións educativas poderán, con carácter excepcional, atribuír docencia no ámbito da formación profesional, cando así se requira, como profesores especialistas a quen estea en posesión dunha titulación de técnico ou técnica de formación profesional, técnico ou técnica superior de formación profesional, técnico ou técnica auxiliar ou técnico ou técnica especialista de formación profesional e, se for o caso, doutras titulacións asociadas á familia profesional.

Así mesmo, e co mesmo carácter, poderase atribuír docencia no ámbito da formación profesional a profesionais do sector produtivo asociado ao título ou curso correspondente.

3. O Goberno regulará regulamentariamente as condicións de acceso e desempeño das funcións docentes do profesorado especialista que prestará os seus servizos en réxime de contratación laboral.

4. O Ministerio de Educación e Formación Profesional determinará regulamentariamente os requisitos específicos e condicións para o desempeño de actividades docentes dos profesores especialistas.»

Cincuenta e cinco sexies. Modifícase o número 1 do artigo 96, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para exercer a docencia das ensinanzas artísticas será necesario estar en posesión do título de grao universitario ou titulación equivalente para efectos de docencia, sen prexuízo da intervención educativa doutros profesionais no caso das ensinanzas de artes plásticas e deseño de grao medio e de grao superior e da habilitación doutras titulacións que, para efectos de docencia, poida establecer o Goberno para determinados módulos, logo de consulta ás comunidades autónomas. No caso das ensinanzas artísticas profesionais requirírase, así mesmo, a formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100 desta lei.»

Cincuenta e cinco septies. Modifícase o número 1 do artigo 98, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para exercer a docencia nas ensinanzas deportivas será necesario estar en posesión do título de grao universitario ou titulación equivalente para efectos de docencia. Requirírase, así mesmo, a formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100 desta lei. O Goberno habilitará outras titulacións para a docencia en determinados módulos e bloques logo de consulta ás comunidades autónomas.»



Cincuenta e cinco octies. Engádese un número 5 ao artigo 100, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. O ministerio competente en ensino universitario xunto ás administracións educativas garantirán, a través dos órganos de coordinación universitaria, a oferta de formación pedagóxica e didáctica a que se refire o número 2, de modo que quede asegurado que o sistema educativo dispón de suficientes profesionais en todas as ensinanzas e especialidades, así como o dereito de toda a cidadanía ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de mérito e capacidade.»

Cincuenta e cinco nonies. Modifícanse os números 2 e 3 e engádese un novo número 5 ao artigo 102, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. Os programas de formación permanente deberán recoller a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, educación inclusiva, atención á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros. Así mesmo, deberán incluír formación específica en materia de igualdade nos termos establecidos no artigo sete da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como formación específica en materia de acoso e malos tratos no ámbito dos centros docentes. Do mesmo modo, deberán incluír formación específica en prevención, detección e actuación fronte á violencia contra a infancia.

3. As administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación e a formación tanto en dixitalización como en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, mediante o establecemento de programas específicos de formación nestes ámbitos. Igualmente, correspóndelles fomentar programas de investigación e innovación, impulsando o traballo colaborativo e as redes profesionais e de centros para o fomento da formación, a autoavaliación e a mellora da actividade docente.»

«5. As administracións educativas impulsarán acordos cos colexios profesionais ou outras institucións que contribúan a mellorar a calidade da formación permanente do profesorado.»

Cincuenta e cinco decies. Modifícase o número 4 do artigo 106, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Corresponde ás administracións educativas dispor os procedementos para que os resultados da valoración da función docente sexan tidos en conta de modo preferente nos concursos de traslados e no desenvolvemento profesional docente xunto coas actividades de formación, investigación e innovación.»

Cincuenta e seis. O artigo 109 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 109. *Programación da rede de centros.*

1. Na programación da oferta de prazas, as administracións educativas harmonizarán as exixencias derivadas da obriga que teñen os poderes públicos de garantir o dereito de todos á educación, mediante unha oferta suficiente de prazas públicas, en condicións de igualdade e os dereitos individuais de alumnos e alumnas, pais, nais e titores legais.

En todo caso, perseguirase o obxectivo de cohesión social e a consideración da heteroxeneidade de alumnado como oportunidade educativa.

2. As ensinanzas reguladas nesta lei programaranas as administracións educativas tendo en conta a oferta existente de centros públicos e a autorizada nos centros privados concertados, asegurando o dereito á educación e articulando o principio de participación efectiva dos sectores afectados como mecanismo idóneo

para atender adecuadamente os dereitos e liberdades e a elección de todos os interesados. Os principios de programación e participación son correlativos e cooperantes na elaboración da oferta, que comportará unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, como garantía da equidade e calidade do ensino.

3. No marco da programación xeral da rede de centros de acordo cos principios anteriores, as administracións educativas programarán a oferta educativa de modo que garantan a existencia de prazas públicas suficientes, especialmente nas zonas de nova poboación.

4. As administracións educativas deberán ter en conta as consignacións orzamentarias existentes e o principio de economía e eficiencia no uso dos recursos públicos.

5. As administracións educativas promoverán un incremento progresivo de postos escolares na rede de centros de titularidade pública.»

Cincuenta e seis bis. Modifícase o título do artigo 110 e engádense os dous novos números 3 e 4, nos seguintes termos:

«Artigo 110. *Accesibilidade, sustentabilidade e relacións co contorno.*»

«3. Co fin de promover unha cultura da sustentabilidade ambiental e da cooperación social para protexer a nosa biodiversidade, as administracións educativas favorecerán, en coordinación coas institucións e organizacións do seu contorno, a sustentabilidade dos centros, a súa relación co medio natural e a súa adaptación ás consecuencias derivadas do cambio climático. Así mesmo, garantirán os camiños escolares seguros e promoverán desprazamentos sustentables nos diferentes ámbitos territoriais como fonte de experiencia e aprendizaxe vital.

4. Os centros, como espazos abertos á sociedade dos cales son elemento nuclear, promoverán o traballo e a coordinación coas administracións, entidades e asociacións do seu contorno inmediato creando comunidades educativas abertas, motores da transformación social e comunitaria.»

Cincuenta e seis ter. Modifícase o número 1 do artigo 111, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os centros públicos que ofrecen educación infantil denominaranse escolas infantís, os que ofrecen educación primaria, colexios de educación primaria, os que ofrecen educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, institutos de educación secundaria. Os centros que ofrecen unicamente ensinanzas de formación profesional denominaranse institutos de formación profesional, e centros integrados cando impartan todas as ofertas formativas de formación profesional.»

Cincuenta e sete. Modifícase o parágrafo primeiro do número 1 do artigo 111 bis e engádense un último parágrafo ao dito número; modifícanse os números 2, 3, 5 e 6 e engádense un novo número 7, nos seguintes termos:

«1. O Ministerio de Educación e Formación Profesional establecerá, logo de consulta ás comunidades autónomas, os estándares que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas de información utilizados no Sistema educativo español, no marco do Esquema Nacional de Interoperabilidade previsto no artigo 42 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.»

(...)

«No marco da implantación das citadas medidas, dentro dos sistemas de información propios da xestión académica e administrativa regularase un número identificativo para cada alumno ou alumna, co fin de facilitar o intercambio da

información relevante, o seguimento das traxectorias educativas individualizadas, incluídas as medidas educativas que, se for o caso, se puideron aplicar, e atender demandas da estatística estatal e internacional e das estratexias europeas para os sistemas de educación e formación. En calquera caso, a dita regulación atenderá á normativa relativa á privacidade e protección de datos persoais.»

«2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Por isto deberán, respectando os estándares de interoperabilidade, permitir aos alumnos e alumnas o acceso, desde calquera sitio e en calquera momento, aos contornos de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes en que estuden, con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. Así mesmo, promoverán os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornos virtuais de aprendizaxe.»

«3. O Ministerio de Educación e Formación Profesional impulsará, logo de consulta ás comunidades autónomas, a compatibilidade dos formatos que poidan ser soportados polas ferramentas e contornos virtuais de aprendizaxe no ámbito dos contidos educativos dixitais públicos, co obxecto de facilitar o seu uso con independencia da plataforma tecnolóxica en que se alberguen.»

«5. As administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarse a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.»

«6. O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, logo de consulta ás comunidades autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.»

«7. As administracións públicas velarán polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións.

En todo caso, as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e os recursos didácticos que se empreguen axustaranse á normativa reguladora dos servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, e concienciarán no respecto dos dereitos de terceiros.»

Cincuenta e oito. Modifícase o número 3 e engádesse un novo número 6 ao artigo 112 coa seguinte redacción:

«3. Os centros que escolaricen alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en proporción maior á establecida con carácter xeral ou para a zona en que se localicen, recibirán os recursos complementarios humanos e materiais necesarios para atender adecuadamente a este alumnado. Para tal fin, a proporción de alumnado por profesor poderá ser inferior á establecida no número 1 do artigo 157.»

«6. As administracións educativas poderán establecer compromisos con aqueles centros que, en uso da súa autonomía e baseándose na análise das súas avaliacións internas ou externas, adopten decisións ou proxectos que sexan valorados polas ditas administracións de especial interese para o contexto socioeconómico do centro, para o desenvolvemento do currículo ou para a súa

organización e para a inclusión e a atención á diversidade do alumnado. As administracións educativas e os centros farán un seguimento e valoración dos resultados obtidos tomando como referencia os obxectivos propostos.»

Cincuenta e nove. Modifícanse os números 1, 2, 4 e 6 e suprímese o número 8 do artigo 116 nos seguintes termos:

«1. Os centros privados que ofrezan ensinanzas declaradas gratuítas nesta lei e satisfagan necesidades de escolarización, no marco do disposto nos artigos 108 e 109, poderán acollerse ao réxime de concertos educativos nos termos legalmente establecidos. Os centros que accedan ao réxime de concertación educativa deberán formalizar coa Administración educativa que proceda o correspondente concerto.»

«2. Entre os centros que cumpran os requisitos establecidos no número anterior, terán preferencia para acollerse ao réxime de concertos aqueles que atendan poboacións escolares de condicións económicas desfavorables, os que realicen experiencias de interese pedagóxico para o sistema educativo, os que fomenten a escolarización de proximidade e os que estean constituídos e funcionen en réxime de cooperativa, cuxa especificidade será obxecto de recoñecemento na normativa correspondente.»

«4. Corresponde ás comunidades autónomas ditar as normas necesarias para o desenvolvemento do réxime de concertos educativos, de acordo co previsto no presente artigo e no marco do disposto nos artigos 108 e 109. O concerto establecerá os dereitos e obrigacións recíprocas en canto a réxime económico, duración, prórroga e extinción deste, número de unidades escolares concertadas, rendición de contas, plans de actuación e adopción de medidas en función dos resultados académicos obtidos, e demais condicións, con suxeición ás disposicións reguladoras do réxime de concertos. En todo caso, as administracións educativas recollerán nas súas normativas específicas o disposto no número segundo deste artigo.»

«6. As administracións educativas poderán concertar, con carácter preferente, as ensinanzas de ciclos formativos de grao básico que, conforme o previsto na presente lei, os centros privados concertados de educación secundaria obrigatoria impartan so seu alumnado. Os ditos concertos terán carácter xeral.»

Sesenta. Modifícanse os números 1, 2 e 5 do artigo 119, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. As administracións educativas garantirán a participación activa da comunidade educativa nas cuestións relevantes da organización, o goberno, o funcionamento e a avaliación dos centros, fomentando a dita participación especialmente no caso do alumnado, como parte do seu proceso de formación.»

«2. A comunidade educativa participará no goberno dos centros a través do seu consello escolar. O profesorado participará tamén na toma de decisións pedagóxicas que corresponden ao claustro, aos órganos de coordinación docente e aos equipos de profesores e profesoras que impartan clase no mesmo curso ou ciclo.»

«5. Os centros terán, ao menos, os seguintes órganos colexiados de goberno: consello escolar e claustro do profesorado. Na composición do consello escolar deberase promover a presenza equilibrada de mulleres e homes.»

Sesenta e un. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 120, que quedan redactados nos seguintes termos:

«3. As administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan dar resposta e viabilidade aos proxectos educativos e propostas de organización que elaboren,

unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados. Os centros sostidos con fondos públicos deberán render contas dos resultados obtidos.»

«4. Os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de ámbitos, áreas ou materias, nos termos que establezan as administracións educativas e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin se impoñan achegas ás familias nin exixencias para as administracións educativas.»

Sesenta e dous. Modifícanse os números 1 e 2, engádense dous novos números 2 bis e 2 ter e suprímense os números 7 e 8 do artigo 121, que queda redactados nos seguintes termos:

«1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo, incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sustentable, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

O proxecto educativo do centro recollerá, así mesmo, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.»

«2. O dito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características do contorno social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais do contorno. O proxecto recollerá, ao menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción tutorial, os plans de convivencia e de lectura, e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta lei e na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade, particularmente de mulleres e homes.»

«2 bis. Os centros adoptarán as medidas necesarias para compensar as carencias que poidan existir na competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e, se for o caso, nas linguas cooficiais, tomando como referencia a análise realizada previamente e incluíndo a dita análise e tales medidas no seu proxecto educativo.

As administracións educativas adoptarán as iniciativas necesarias para facilitar aos centros a aplicación das ditas medidas.»

«2 ter. O proxecto educativo incorporará un plan de mellora, que se revisará periodicamente, no cal, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, se formulen as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e o contorno.»

Sesenta e tres. Modifícase o número 3 do artigo 122, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Os centros docentes públicos poderán obter recursos complementarios, logo de aprobación do seu consello escolar, nos termos que establezan as administracións educativas, dentro dos límites que a normativa vixente establece. Estes recursos non poderán provir das actividades levadas a cabo polas asociacións

de pais, nais e de alumnos e alumnas en cumprimento dos seus fins e deberán ser aplicados aos seus gastos, de acordo co que as administracións educativas establezan.»

Sesenta e catro. Suprímense os números 3, 4 e 5 e modifícase o número 2 do artigo 122 bis nos seguintes termos:

«2. As administracións educativas fomentarán accións de calidade educativa que poderán dirixirse, de maneira específica, a aspectos dunha etapa ou ensinanza das impartidas polo centro ou, de maneira xeral, a aspectos asociados a unha consideración integral do centro, e poderán tomar como referencia diversos modelos de análise e xestión. Para tal fin, os centros docentes que desenvolvan estas accións deberán presentar unha planificación estratéxica que incluíra os obxectivos perseguidos, os resultados que se pretenden obter, a xestión que se debe desenvolver coas correspondentes medidas para lograr os resultados esperados, así como o marco temporal e a programación de actividades.

A realización das accións de calidade educativa estará sometida a rendición de contas polo centro docente.»

Sesenta e cinco. Modifícase o número 2 do artigo 123, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. As administracións públicas poderán delegar nos órganos de goberno dos centros públicos a adquisición de bens, contratación de obras, servizos e subministración, de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e, se for o caso, coa lexislación autonómica en materia de contratación do sector público, e cos límites que na normativa correspondente se fixen. O exercicio da autonomía dos centros para administrar estes recursos estará sometido ás disposicións que as administracións públicas establezan para regular o proceso de contratación, de realización e de xustificación do gasto.»

Sesenta e seis. Engádesse o número 5 do artigo 124, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. As administracións educativas regularán os protocolos de actuación fronte a indicios de acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero e calquera outra manifestación de violencia, así como os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade. As directoras, directores ou titulares de centros educativos responsabilizaranse de que a comunidade educativa estea informada dos protocolos de actuación existentes, así como da execución e o seguimento das actuacións previstas nestes. En todo caso, deberán garantirse os dereitos das persoas afectadas.»

Sesenta e sete. Modifícase o número 5 e inclúese un novo número 9 do artigo 126, que quedan redactados da seguinte maneira:

«5. O alumnado poderá ser elixido membro do consello escolar a partir do primeiro curso de educación secundaria obrigatoria. Non obstante, os alumnos e as alumnas dos dous primeiros cursos de educación secundaria obrigatoria non poderán participar na selección ou no cesamento de quen exerza a dirección. O alumnado de educación primaria participará no consello escolar do centro nos termos que establezan as administracións educativas.»

«9. Sen prexuízo das competencias do claustro de profesorado en relación coa planificación e organización docente, as decisións que adopte o consello escolar deberán aprobarse preferiblemente por consenso. Para os casos en que non resulte posible alcanzar o dito consenso, as administracións educativas regularán as maiorías necesarias para a adopción de decisións polo Consello Escolar, á vez que determinarán a necesidade de aprobación por maioría cualificada daquelas decisións con especial incidencia na comunidade educativa.»

Sesenta e oito. O artigo 127 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 127. *Competencias do consello escolar.*

O consello escolar do centro terá as seguintes competencias:

- a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas a que se refire o capítulo II do título V da presente lei.
- b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director ou directora do centro nos termos que a presente lei establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. Se for o caso, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propor a revogación do nomeamento do director ou directora.
- e) Decidir sobre a admisión do alumnado con suxeición ao establecido nesta lei e disposicións que a desenvolvan.
- f) Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e a protección dos dereitos da infancia.
- g) Propor medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o consello escolar, por instancia de pais, nais ou titores legais ou, se for o caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propor, se for o caso, as medidas oportunas.
- i) Promover, progresivamente, a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar para a mellora da calidade e a sustentabilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- j) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais e con outros centros, entidades e organismos.
- k) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- l) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa súa calidade.
- m) Aprobar o proxecto de orzamento do centro.
- n) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa.»

Sesenta e nove. O artigo 131 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 131. *O equipo directivo.*

1. A dirección dos centros educativos debe conxugar a responsabilidade institucional da xestión do centro como organización, a xestión administrativa, a xestión de recursos e o liderado e dinamización pedagóxica, desde un enfoque colaborativo, buscando o equilibrio entre tarefas administrativas e pedagóxicas.
2. O equipo directivo, órgano executivo de goberno dos centros públicos, estará integrado polo director ou directora, o ou a xefe de estudos, o secretario ou secretaria e cantos cargos determinen as administracións educativas.
3. O equipo directivo traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme as instrucións do director ou directora e as funcións específicas legalmente establecidas.
4. O director ou directora, logo de comunicación ao claustro de profesores e ao consello escolar, formulará proposta de nomeamento e cesamento á Administración educativa dos cargos de xefe de estudos e secretario ou secretaria de entre o profesorado con destino no dito centro.
5. Todos os membros do equipo directivo cesarán nas súas funcións ao termo do seu mandato ou cando se produza o cesamento do director ou directora.
6. As administracións educativas favorecerán o exercicio da función directiva nos centros docentes, mediante a adopción de medidas que permitan mellorar a actuación dos equipos directivos en relación co persoal e os recursos materiais e mediante a organización de programas e cursos de formación.»

Setenta. O artigo 132 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 132. *Competencias do director ou directora.*

Son competencias do director ou directora:

- a) Desempeñar a representación do centro, representar a Administración educativa nel e facerlle chegar a esta as propostas, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.
- b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao claustro do profesorado e ao consello escolar.
- c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro.
- d) Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.
- e) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- f) Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impor as medidas correctoras que correspondan aos alumnos e alumnas, en cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ao consello escolar no artigo 127 desta lei. Para tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.
- g) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co contorno, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos e alumnas.
- h) Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.
- i) Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do consello escolar e do claustro do profesorado do centro e executar os acordos adoptados, no ámbito das súas competencias.
- j) Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como autorizar os gastos de acordo co orzamento do centro, ordenar os pagamentos e



visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo isto de acordo co que establezan as administracións educativas.

k) Propor á Administración educativa o nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo, logo de información ao claustro do profesorado e ao consello escolar do centro.

l) Promover experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia, ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de áreas ou materias, de acordo co recollido no artigo 120.4.

m) Fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

n) Deseñar a planificación e organización docente do centro, recollida na programación xeral anual.

ñ) Calquera outra que lle sexa encomendada pola Administración educativa.»

Setenta e un. Modifícanse as letras b) e c) do número 1 do artigo 134, que quedan redactadas nos seguintes termos:

«b) Ter exercido funcións docentes como funcionario de carreira, durante un período de, ao menos, cinco anos, nalgunha das ensinanzas que ofrece o centro a que se opta.

c) As administracións educativas poderán considerar como requisito a formación a que se refire o número 6 do artigo 135.»

Setenta e dous. O artigo 135 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 135. *Procedemento de selección.*

1. Para a selección dos directores ou directoras nos centros públicos, a excepción dos centros integrados de formación profesional, as administracións educativas convocarán concurso de méritos e establecerán os criterios obxectivos e o procedemento de valoración do proxecto presentado e dos méritos do candidato, entre os que incluírán a superación dun programa de formación sobre o desenvolvemento da función directiva, impartido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional ou polas administracións educativas das comunidades autónomas, con validez en todo o territorio nacional.

2. A selección será realizada no centro por unha comisión constituída por representantes da Administración educativa e do centro correspondente.

3. Corresponde ás administracións educativas determinar o número total de vogais das comisións. Ao menos un terzo dos membros da comisión será profesorado elixido polo claustro e outro terzo será elixido por e entre os membros do consello escolar que non son docentes. Ademais, entre os membros da comisión deberá haber, ao menos, un director ou directora en activo en centros que impartan as mesmas ensinanzas que aquel en que se desenvolve o procedemento de selección, cun ou máis períodos de exercicio con avaliación positiva do traballo desenvolvido.

4. A selección do director ou directora, que terá en conta a valoración obxectiva dos méritos académicos e profesionais acreditados polos aspirantes e a valoración do proxecto de dirección orientado a lograr o éxito escolar de todo o alumnado, que deberá incluír, entre outros, contidos en materia de igualdade entre mulleres e homes, non discriminación e prevención da violencia de xénero, será decidida democraticamente polos membros da comisión, de acordo cos criterios establecidos polas administracións educativas.

5. A selección realizarase valorando especialmente as candidaturas do profesorado do centro.

6. Quen superase o procedemento de selección deberá superar un programa de formación sobre competencias para o desempeño da función directiva, de

maneira previa ao seu nomeamento. As características desta formación serán establecidas polo Goberno, en colaboración coas administracións educativas, e terá validez en todo o Estado. Así mesmo, estableceranse as excepcións que corresponda aos aspirantes que realizen cursos de formación destas características antes da presentación da súa candidatura ou acrediten experiencia no exercicio da función directiva con avaliación positiva do seu traballo.

As administracións educativas tamén poderán establecer as condicións en que os directores e directoras deban realizar módulos de actualización no desempeño da función directiva.»

Setenta e tres. O artigo 136 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 136. *Nomeamento.*

1. A Administración educativa nomeará director ou directora do centro que corresponda, sen prexuízo do establecido no artigo 11.5 da Lei 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, por un período de catro anos, a quen superase o programa de formación a que se refire o número sexto do artigo 135 desta lei.

2. O nomeamento dos directores ou directoras poderá renovarse, por períodos de igual duración, logo de avaliación positiva do traballo desenvolvido ao final destes, oído o consello escolar. Os criterios e procedementos desta avaliación serán públicos. As administracións educativas poderán fixar un límite máximo para a renovación dos mandatos.»

Setenta e tres bis. O artigo 137 queda redactado nos seguintes termos:

«En ausencia de candidaturas, no caso de centros de nova creación ou cando a comisión correspondente non seleccionase ningún aspirante, sen prexuízo do establecido no artigo 11.5 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e a normativa que a desenvolve, a Administración educativa, oído o consello escolar, nomeará director ou directora por un período máximo de catro anos un funcionario ou funcionaria docente, que deberá superar o programa de formación sobre o desenvolvemento da función directiva previsto no artigo 135.1.»

Setenta e catro. Engádese un novo número 2 ao artigo 140, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A finalidade establecida no número anterior non poderá amparar que os resultados das avaliacións do sistema educativo, independentemente do ámbito territorial estatal ou autonómico en que se apliquen, poidan ser utilizados para valoracións individuais do alumnado ou para establecer clasificacións dos centros.»

Setenta e catro bis. O artigo 141 queda redactado nos seguintes termos:

«A avaliación estenderase a todos os ámbitos educativos regulados nesta lei e aplicarase sobre os procesos de ensino e aprendizaxe, e os seus resultados, sobre o contexto educativo, con especial referencia á escolarización e admisión do alumnado, aos recursos educativos, á actividade do profesorado, á función directiva, ao funcionamento dos centros educativos, á inspección e ás propias administracións educativas.»

Setenta e cinco. O artigo 143 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 143. *Avaliación xeral do sistema educativo.*

1. O Instituto Nacional de Avaliación Educativa, en colaboración coas administracións educativas, no marco da avaliación xeral do sistema educativo,

realizará as avaliacións que permitan obter datos representativos, tanto do alumnado e dos centros das comunidades autónomas como do conxunto do Estado. Estas avaliacións versarán sobre as competencias establecidas no currículo e desenvolveranse no ensino primario e secundario. A Conferencia Sectorial de Educación velará para que estas avaliacións se realicen con criterios de homoxeneidade.

Para estes efectos, o Instituto Nacional de Avaliación Educativa establecerá, en colaboración cos departamentos e órganos de avaliación educativa das comunidades autónomas, os estándares básicos metodolóxicos e científicos que garantan a calidade, validez e fiabilidade das avaliacións.

Os departamentos e órganos de avaliación educativa das comunidades autónomas levarán a cabo nos seus respectivos ámbitos de competencia a aplicación das avaliacións acordadas, en colaboración co Instituto Nacional de Avaliación Educativa.

2. Para tal fin, no último curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, o Instituto Nacional de Avaliación Educativa e os organismos correspondentes das administracións educativas, de acordo co establecido no número anterior, levarán a cabo, con carácter mostral e plurianual, unha avaliación das competencias adquiridas polos alumnos ou alumnas. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros, e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

3. O Instituto Nacional de Avaliación Educativa, en colaboración coas administracións educativas, coordinará a participación española nas avaliacións internacionais.

4. O Instituto Nacional de Avaliación Educativa, en colaboración coas administracións educativas, elaborará o Sistema estatal de indicadores básicos da educación, que contribuirá ao coñecemento do sistema educativo e a orientar a toma de decisións das institucións educativas e de todos os sectores implicados na educación. Os ditos indicadores de avaliación, desagregados por sexo, incluírán información que permitirá valorar o grao de equidade alcanzado polo sistema educativo e da súa evolución ao longo dos cursos. Os datos necesarios para a súa elaboración deberán ser facilitados ao Ministerio de Educación e Formación Profesional polas administracións educativas das comunidades autónomas.

Do mesmo modo, o Ministerio de Educación e Formación Profesional achegará ás administracións educativas autonómicas a información correspondente ao seu ámbito de competencia en materia de avaliación educativa, en particular aquela derivada das avaliacións mostrais previstas no número 1, incluídas as bases de datos. Así mesmo, porá á disposición das comunidades autónomas os métodos e procedementos levados a cabo para a súa análise e para a presentación de resultados.

5. Co fin de posibilitar o diagnóstico de debilidades e o deseño e implantación de medidas de mellora da calidade do Sistema educativo español, o Ministerio de Educación e Formación Profesional, en colaboración coas administracións educativas, arbitrará os mecanismos para posibilitar a incorporación de información adicional ao tratamento estatístico conxunto, que permita unha mellor análise dos factores que afectan as traxectorias e o rendemento educativo e a comparación baseada no valor engadido.»

Setenta e seis. O artigo 144 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 144. *Avaliacións de diagnóstico.*

1. O Instituto Nacional de Avaliación Educativa e os organismos correspondentes das administracións educativas colaborarán na realización dun marco común de avaliación que sirva como referencia das avaliacións de diagnóstico recollidas nos artigos 21 e 29 desta lei. Os centros docentes realizarán unha

avaliación a todos os seus alumnos e alumnas en cuarto curso de educación primaria e en segundo curso de educación secundaria obrigatoria, segundo dispoñan as administracións educativas. A finalidade desta avaliación será diagnóstica e nela comprobarase, ao menos, o grao de dominio da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. Os centros educativos terán en conta os resultados destas avaliacións no deseño dos seus plans de mellora.

2. No marco das súas respectivas competencias, corresponde ás administracións educativas desenvolver e controlar as avaliacións de diagnóstico en que participen os centros delas dependentes e proporcionar os modelos e apoios pertinentes co fin de que todos os centros poidan realizar de modo adecuado estas avaliacións, que terán carácter formativo e interno.

3. Corresponde ás administracións educativas regular a forma en que os resultados destas avaliacións de diagnóstico que realizan os centros, así como os plans de actuación que deriven delas, e ser postos en coñecemento da comunidade educativa. En ningún caso, os resultados destas avaliacións poderán ser utilizados para o establecemento de clasificacións dos centros.

4. Estas avaliacións, así como as reguladas no artigo anterior, terán en conta o alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade, incluídas, nas condicións de realización das ditas avaliacións, as adaptacións e recursos que tivese.»

Setenta e seis bis. Engádesse un número 2 ao artigo 146 nos seguintes termos e pásase a a numerar como número 1 o parágrafo existente:

«2. A avaliación da función directiva de centros, servizos e programas será realizada polo corpo de inspectores de educación e formará parte das súas competencias.»

Setenta e sete. Modifícase o número 2 do artigo 147, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. O Ministerio de Educación e Formación Profesional publicará, periodicamente, as conclusións de interese xeral das avaliacións efectuadas polo Instituto Nacional de Avaliación Educativa en colaboración coas administracións educativas e dará a coñecer a información que ofrezca periodicamente o Sistema estatal de indicadores.»

Setenta e sete bis. Modifícase o número 1 do artigo 148, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. É competencia e responsabilidade dos poderes públicos a inspección, supervisión e avaliación do sistema educativo.»

Setenta e sete ter. Modifícase o artigo 149, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 149. *Ámbito.*

Corresponde ao Estado a alta inspección educativa, para garantir o cumprimento das facultades que lle están atribuídas en materia de ensino nas comunidades autónomas, a observancia dos principios e normas constitucionais aplicables e demais normas básicas que desenvolven o artigo 27 da Constitución.»

Setenta e sete quáter. Modifícase a letra e) do número 1 do artigo 150, que queda redactada nos seguintes termos:

«e) Verificar a adecuación da concesión das subvencións e bolsas financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado aos criterios xerais que establezan as disposicións do Estado.»

Setenta e sete quinquies. Modifícanse as letras a) e h) do artigo 151, que quedan redactadas nos seguintes termos:

«a) Supervisar, avaliar e controlar, desde o punto de vista pedagóxico e organizativo, o funcionamento dos centros educativos, así como os proxectos e programas que desenvolvan, con respecto ao marco de autonomía que esta lei ampara.»

«h) Orientar os equipos directivos na adopción e seguimento de medidas que favorezan a convivencia, a participación da comunidade educativa e a resolución de conflitos, impulsando e participando, cando sexa necesario, nos procesos de mediación.»

Setenta e sete sexies. Modifícanse as letras a) e d) do artigo 153 e engádense as dúas letras novas e) e f), nos seguintes termos:

«a) Coñecer, supervisar e observar todas as actividades que se realicen nos centros, tanto públicos como privados, aos cales terán libre acceso.»

«d) Participar nas reunións dos órganos colexiados ou de coordinación docente dos centros, respectando o exercicio da autonomía que a lei lles recoñece, así como formar parte de comisións, xuntas e tribunais, cando así se determine.

e) Elevar informes e facer requirimentos cando se detecten incumprimentos na aplicación da normativa, e levantar actas, xa sexa por iniciativa propia ou por instancia da autoridade administrativa correspondente.

f) Calquera outra que lle sexa atribuída polas administracións educativas, dentro do ámbito das súas competencias.»

Setenta e sete septies. Engádense un novo artigo 153 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 153 bis. *Principios de actuación da inspección educativa.*

a) Respecto aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas, defensa do interese común e os valores democráticos e evitación de calquera conduta que poida xerar discriminación por razón de orixe, xénero, orientación sexual, relixión opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

b) Profesionalidade e independencia de criterio técnico.

c) Imparcialidade e eficiencia na consecución dos obxectivos fixados.

d) Transparencia en canto aos fins das súas actuacións, os instrumentos e as técnicas utilizados.»

Setenta e oito. Modifícase o número 3 da disposición adicional segunda, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. No marco da regulación das ensinanzas de educación primaria e educación secundaria obrigatoria, poderase establecer o ensino non confesional de cultura das relixións.»

Setenta e oito bis. Modifícase o número 1 e o primeiro parágrafo do número 2 da disposición adicional terceira, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Os profesores que impartan o ensino confesional das relixións deberán cumprir os requisitos de titulación establecidos para as distintas ensinanzas reguladas na presente lei, así como os establecidos nos acordos subscritos entre o Estado español e as diferentes confesións relixiosas.

2. Os profesores que, non pertencendo aos corpos de funcionarios docentes, impartan a enseñanza confesional das relixións nos centros públicos farano en réxime de contratación laboral, de conformidade co Estatuto dos traballadores, coas respectivas administracións competentes. A regulación do seu réxime laboral farase

coa participación dos representantes do profesorado. Accederase ao destino mediante criterios obxectivos de igualdade, mérito e capacidade. Estes profesores percibirán as retribucións que correspondan no respectivo nivel educativo aos profesores interinos.»

Setenta e oito ter. Modifícase o número 3 da disposición adicional cuarta, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. A supervisión dos libros de texto e outros materiais curriculares é competencia das administracións educativas e constituirá parte do proceso ordinario de inspección que exerce a Administración educativa sobre a totalidade de elementos que integran o proceso de ensino e aprendizaxe, que debe velar polo respecto aos principios e valores contidos na Constitución e ao disposto na presente lei.»

Setenta e nove. A disposición adicional quinta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional quinta. *Calendario escolar.*

O calendario escolar, que fixarán anualmente as administracións educativas, comprenderá un mínimo de 175 días lectivos para as ensinanzas obrigatorias.»

Setenta e nove bis. Modifícanse a letra c) e os dous últimos parágrafos do número 1 da disposición adicional sétima, que quedan redactados nos seguintes termos:

«c) O corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional, que desempeñará as súas funcións na formación profesional e, excepcionalmente, nas condicións que se establezan, na educación secundaria obrigatoria.»

(...)

«O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, poderá establecer as condicións e os requisitos para que os funcionarios pertencentes a algún dos corpos docentes recollidos no número anterior poidan, excepcionalmente, desempeñar funcións nunha etapa ou, se for o caso, ensinanzas distintas das asignadas ao seu corpo con carácter xeral. Para tal desempeño, determinarase a titulación, formación ou experiencia que se consideren necesarias. En todo caso, considerarase a estes efectos o profesorado dos centros que impartan conxuntamente ensinanzas de educación primaria e educación secundaria.

Os corpos e escalas declarados a extinguir pola presente lei, así como por normas anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, rexeranse polo establecido naquelas disposicións, e seralles de aplicación o sinalado para efectos de mobilidade na disposición adicional décimo segunda desta lei.»

Setenta e nove ter. Modifícase a disposición adicional novena, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional novena. *Requisitos para o ingreso nos corpos de funcionarios docentes.*

1. Para o ingreso no corpo de mestres, serán requisitos indispensables estar en posesión do título de mestre ou o título de grao correspondente e superar o correspondente proceso selectivo.

2. Para o ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, será necesario estar en posesión do título de grao universitario ou titulación equivalente para efectos de docencia, ademais da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 desta lei, así como superar o correspondente proceso selectivo.

3. Para o ingreso nos corpos de profesores de música e artes escénicas e de catedráticos de música e artes escénicas, será necesario estar en posesión do título

de grao universitario ou titulación equivalente para efectos de docencia, ademais de, no caso do corpo de profesores de música e artes escénicas, excepto nas especialidades propias de Arte Dramática, a formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 desta lei, así como superar o correspondente proceso selectivo. O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as condicións para permitir o ingreso no corpo de catedráticos de música e artes escénicas, mediante concurso de méritos, a personalidades de recoñecido prestixio nos seus respectivos campos profesionais.

4. Para o ingreso no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, será necesario estar en posesión do título de grao ou titulación equivalente para efectos de docencia, ademais da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 desta lei, así como superar o correspondente proceso selectivo.

5. Para o ingreso no corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño será necesario estar en posesión da titulación de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes para efectos de docencia, ademais da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 desta lei, así como superar o correspondente proceso selectivo.

6. Para o ingreso no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas será necesario estar en posesión do título de grao ou titulación equivalente para efectos de docencia, ademais da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 desta lei, así como superar o correspondente proceso selectivo.

7. Para o ingreso no corpo de profesores de ensino secundario no caso de materias ou áreas de especial relevancia para a formación profesional, para o ingreso no corpo de profesores de artes plásticas e deseño no caso de materias de especial relevancia para a formación específica artístico-plástica e deseño, así como para o ingreso no corpo de mestres de taller no caso de determinadas áreas ou materias, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, poderá determinar, para efectos de docencia, a equivalencia doutras titulacións distintas ás exixidas nesta disposición adicional. No caso de que o ingreso sexa ao corpo de mestres de taller, poderá exixirse, ademais, unha experiencia profesional nun campo laboral relacionado coa materia ou área a que se aspire.»

Oitenta. Modifícase a disposición adicional décima, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional décima. *Requisitos para o acceso aos corpos de catedráticos e inspectores.*

1. Para acceder ao corpo de catedráticos de ensino secundario será necesario pertencer ao corpo de profesores de ensino secundario e estar en posesión do título de grao universitario correspondente ou titulación equivalente para efectos de docencia, así como superar o correspondente proceso selectivo.

2. Para acceder ao corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño será necesario pertencer ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e estar en posesión do título de grao universitario correspondente ou titulación equivalente, para efectos de docencia, así como superar o correspondente proceso selectivo.

3. Para acceder ao corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas, será necesario pertencer ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e estar en posesión do título de grao universitario correspondente ou titulación equivalente, para efectos de docencia, así como superar o correspondente proceso selectivo.

4. Sen prexuízo da posibilidade de ingreso regulado na disposición adicional novena, número 4, para acceder ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas será necesario pertencer ao corpo de profesores de música e artes escénicas e estar en posesión do título de grao universitario correspondente ou titulación equivalente, para efectos de docencia, así como superar o correspondente proceso selectivo.

5. Para acceder ao corpo de inspectores de Educación será necesario pertencer a algún dos corpos que integran a función pública docente con, ao menos, unha experiencia de oito anos neles e estar en posesión do título de doutoramento, máster universitario, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou título equivalente e superar o correspondente proceso selectivo, así como, se for o caso, acreditar o coñecemento da lingua cooficial da comunidade autónoma de destino, de acordo coa súa normativa.»

Oitenta e un. Modifícase o número 4 da disposición adicional décimo segunda.

«4. O acceso ao corpo de inspectores de Educación realizarase mediante concurso-oposición. Os aspirantes deberán contar cunha antigüidade mínima de oito anos nalgún dos corpos que integran a función pública docente e unha experiencia docente de igual duración. As administracións educativas convocarán o concurso-oposición correspondente con suxeición aos seguintes criterios:

a) Na fase de concurso valorarase a traxectoria profesional dos candidatos e os seus méritos específicos como docentes, o desempeño de cargos directivos con avaliación positiva e a pertenza a algún dos corpos de catedráticos a que se refire esta lei.

b) A fase de oposición consistirá na valoración da capacidade de liderado pedagóxico e na avaliación das competencias propias da función inspectora dos aspirantes, así como os coñecementos pedagóxicos, de administración e lexislación educativa para o seu desempeño.

c) Nas convocatorias de acceso ao corpo de inspectores, as administracións educativas poderán reservar até un terzo das prazas para a provisión mediante concurso de méritos destinado ao profesorado que, reunindo os requisitos xerais, exercese con avaliación positiva, ao menos durante tres mandatos, o cargo de director ou directora.

Os candidatos seleccionados mediante o concurso-oposición deberán realizar para a súa adecuada preparación un período de prácticas de carácter selectivo, ao finalizar o cal serán nomeados, se for o caso, funcionarios de carreira do corpo de inspectores de educación.»

Oitenta e un bis. Modifícase o número 4 da disposición adicional décimo quinta, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Os municipios cooperarán coas administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes públicos.»

Oitenta e dous. A disposición adicional décimo oitava queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo oitava. *Procedementos de consulta.*

As referencias no articulado desta lei ás consultas previas ás comunidades autónomas enténdense realizadas no seo da Conferencia Sectorial.

Así mesmo, a negociación colectiva, consulta e acordo nos asuntos que o precisen entenderanse realizados, respectivamente, a través das mesas sectoriais de negociación do ensino público e do ensino concertado.»

Oitenta e dous bis. Modifícase o número 2 da disposición adicional vixésimo terceira, que queda redactado nos seguintes termos:

«Disposición adicional vixésimo terceira. *Datos persoais dos alumnos.*

2. Os pais ou tutores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información a que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro



docente suporá o tratamento dos seus datos e, se for o caso, a cesión de datos procedentes do centro en que estivo escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información a que se refire este número será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, e non se poderá tratar con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso.»

Oitenta e tres. A disposición adicional vixésimo quinta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional vixésimo quinta. *Fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.*

1. Co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres, os centros sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos desenvolverán o principio de coeducación en todas as etapas educativas, de conformidade co disposto pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e non separarán o alumnado polo seu xénero.

2. Con obxecto de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades e para garantir a efectividade do principio contido na letra l) do artigo 1, os centros educativos incorporarán medidas para desenvolver a igualdade efectiva entre homes e mulleres nos respectivos plans de acción tutorial e de convivencia.

3. Os centros educativos deberán, necesariamente, incluír e xustificar no seu proxecto educativo as medidas que desenvolven para favorecer e formar en igualdade en todas as etapas educativas, incluída a educación para a eliminación da violencia de xénero, o respecto polas identidades, culturas, sexualidades e a súa diversidade, e a participación activa para facer realidade a igualdade.

4. En todo caso, as administracións educativas impulsarán o incremento da presenza de alumnas en estudos do ámbito das ciencias, tecnoloxía, enxeñaría, artes e matemáticas, así como nas ensinanzas de formación profesional con menor demanda feminina. Do mesmo modo, as administracións educativas tamén promoverán a presenza de alumnado masculino naqueles estudos en que exista, de forma notoria, unha maior matrícula de mulleres que de homes.

5. As administracións educativas promoverán que os currículos e os libros de texto e demais materiais educativos fomenten o igual valor de mulleres e homes e non conteñan estereotipos sexistas ou discriminatorios.

Así mesmo, incluírán estes contidos nos programas de formación inicial do profesorado.»

Oitenta e tres bis. Modifícase o número 2 da disposición adicional vixésimo novena, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. No seo da Conferencia Sectorial constituirase unha comisión en que participarán as organizacións empresariais e sindicais máis representativas no ámbito do ensino privado concertado, para o estudo da contía dos módulos de concerto que valore o custo total da impartición das ensinanzas en condicións de gratuidade. As súas conclusións deberán incorporarse no plan de incremento do gasto público previsto no artigo 155.2 e recollido na disposición adicional oitava da presente lei. »

Oitenta e catro. A disposición adicional trixésimo segunda queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo segunda. *Procedementos para o recoñecemento e a acreditación das competencias profesionais.*

O Goberno impulsará, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, os procedementos de recoñecemento e acreditación das

competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou aprendizaxes non formais e informais, de forma que permita a todos os cidadáns a obtención dunha acreditación das súas competencias profesionais. Para tal fin, as administracións competentes promoverán un incremento dos procedementos para o recoñecemento e a axilización e a flexibilización dos procesos. Estes basearanse nos principios de simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, e eficiencia e adecuación dos medios aos fins institucionais.

De acordo coa disposición adicional sétima da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, as administracións competentes promoverán a oferta de programas específicos de formación dirixidos ás persoas que, unha vez acreditadas determinadas competencias profesionais, queiran completar a formación e titulación que as prepare e facilite a súa inserción laboral.»

Oitenta e cinco. A disposición adicional trixésimo terceira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo terceira. *Exención da proba de acceso á universidade.*

1. Poderán acceder á universidade sen necesidade de realizar a proba de acceso regulada no artigo 38 desta lei:

a) Os alumnos e alumnas que obtivesen un título de técnico superior de formación profesional, de técnico superior de artes plásticas e deseño e técnico deportivo superior, a que se refiren os artigos 44, 53 e 65.

b) Os alumnos e alumnas procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou os doutros Estados con que se subscribisen acordos internacionais aplicables en materia de acceso á universidade, en réxime de reciprocidade, sempre que o dito alumnado cumpra os requisitos académicos exixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas universidades.

c) En virtude das disposicións contidas no Convenio polo que se establece o Estatuto das escolas europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994, os estudantes que se encontren en posesión do título de bacharel europeo.

d) Quen obtivese o diploma do bacharel internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza).

2. O Ministerio de Educación e Formación Profesional regulará a equivalencia de cualificacións que se utilizará no acceso á universidade para o alumnado mencionado nas letras b), c) e d) do número anterior.

3. O alumnado a que se refire o número primeiro participará nos procesos de admisión nos termos establecidos no número sexto do artigo 38 desta lei.»

Oitenta e seis. A disposición adicional trixésimo cuarta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo cuarta. *Bolsas e axudas ao estudo convocadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.*

1. As notificacións e publicacións que deban efectuarse con ocasión da tramitación dos procedementos de outorgamento, resolución de recursos administrativos, revogación, revisión de oficio e reintegro de ingresos indebidos sobre bolsas e axudas ao estudo, financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado e cuxa competencia estea atribuída ao Ministerio de Educación e Formación Profesional, practicaranse por medios electrónicos na forma que se estableza regulamentariamente, en aplicación do previsto no capítulo II do título III da

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De acordo co previsto no dito capítulo II, as notificacións que se practiquen en relación cos procedementos sobre bolsas e axudas ao estudo a que se refire o parágrafo anterior irán precedidas dun aviso da posta á disposición da dita notificación ás persoas interesadas polos medios que se establezan na correspondente convocatoria.

Transcorridos dez días naturais desde que a notificación se poña á disposición do interesado sen que acceda ao seu contido, entenderase rexeitada, darase por cumprido o dito trámite e continuarase co procedemento.

2. As bolsas e axudas ao estudo que se concedan para cursar estudos universitarios ou non universitarios con validez académica oficial serán inembargables en todos os casos.

3. Procederá o reintegro das cantidades percibidas en concepto de bolsas e axudas ao estudo, de conformidade co disposto no artigo 37.1.i) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, naqueles casos en que as persoas beneficiarias non reúnan algún ou algúns dos requisitos establecidos para a obtención das bolsas ou axudas ou non os acreditasen debidamente.

4. A identificación dos solicitantes de bolsas e axudas do sistema estatal de bolsas, así como dos membros computables da súa unidade familiar, a que se refire o artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá efectuarse mediante a consignación na solicitude de bolsa, na sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional, dos datos do DNI ou NIE que estableza a convocatoria. O Ministerio de Educación e Formación Profesional poderá verificar a autenticidade deses datos mediante consulta á Dirección Xeral da Policía ou requirir ao solicitante e aos membros computables da súa unidade familiar a presentación do documento identificativo orixinal.

De conformidade co establecido no artigo 10 da referida Lei 39/2015, o anterior sistema de identificación será, así mesmo, admitido como sistema de sinatura tanto da solicitude de bolsa e axuda como da autorización para obter das administracións públicas a información que resulte precisa para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos de identificación, persoais, de residencia, académicos e familiares do solicitante, así como dos datos de renda e patrimonio dos membros computables da súa unidade familiar.»

Oitenta e seis bis. Modifícase a disposición adicional trixésimo quinta, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo quinta. *Promoción da investigación e innovación educativas.*

O ministerio responsable de educación e as administracións educativas facilitarán a identificación de grupos de investigación e innovación educativas, fomentarán a creación de bases unificadas de coñecemento, evidencias e boas prácticas, e promoverán o desenvolvemento de centros de investigación que sexan referentes especializados, co fin de mellorar as prácticas docentes e os procesos educativos, elevar os resultados e asegurar a calidade da educación con maior equidade e inclusión.

Así mesmo, promoverán a difusión de experiencias e o intercambio dos resultados relevantes da investigación e innovación educativas entre redes de centros educativos e as universidades.»

Oitenta e sete. A disposición adicional trixésimo sexta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo sexta. *Acceso e admisión de alumnos e alumnas á universidade en posesión dun título, diploma ou estudo de sistemas educativos estranxeiros homologados ou declarados equivalentes ao título de bacharel.*

1. O Goberno establecerá a normativa básica que regule o acceso e admisión á universidade do alumnado en posesión dun título, diploma ou estudo equivalente ao título de bacharel, obtido ou realizado en sistemas educativos de países estranxeiros non incluídos nas letras b), c) e d) da disposición adicional trixésimo terceira. Os alumnos que poden acollerse a esta disposición adicional trixésimo sexta son:

a) Estudantes que estean en posesión de títulos, diplomas ou estudos, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea cos cales non se subscribisen acordos internacionais aplicables en materia de acceso á universidade en réxime de reciprocidade, homologados ou declarados equivalentes ao título de bacharel do Sistema educativo español.

b) Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de bacharel do Sistema educativo español, procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou os doutros Estados cos cales se subscribisen acordos internacionais aplicables en materia de acceso á universidade, en réxime de reciprocidade, cando os ditos estudantes non cumpran os requisitos académicos exixidos nos seus sistemas educativos para acceder ás súas universidades.

c) Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ou declarados equivalentes aos títulos oficiais de técnico superior de formación profesional, de técnico superior de artes plásticas e deseño, ou de técnico deportivo superior do Sistema educativo español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea cos cales non se subscribisen acordos internacionais para o recoñecemento do título de bacharel en réxime de reciprocidade.

2. Para o seu acceso á universidade, o alumnado recollido nesta disposición adicional trixésimo sexta deberá cumprir os requisitos establecidos para a homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado no estranxeiro.

3. Estes estudantes deberán superar unha proba de acceso cuxa estrutura e cualificación será establecida polo Goberno tendo en conta as características deste alumnado. Así mesmo, o Goberno regulará o procedemento de cálculo da cualificación para o acceso á universidade para os alumnos mencionados nesta disposición.

4. De acordo co disposto no artigo 42 da Lei orgánica 6/2001, de universidades, e o número 1 deste artigo, o Goberno establecerá a normativa básica que permita ás universidades fixar os procedementos de admisión de quen superase a proba de acceso.»

Oitenta e oito. A disposición adicional trixésimo sétima queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo sétima. *Profesorado visitante.*

O Goberno regulará os requisitos, funcións e réxime do profesorado visitante procedente dos países cos cales subscribíse o correspondente convenio e que, con carácter temporal, se incorpore aos centros docentes.»

Oitenta e nove. A disposición adicional trixésimo oitava queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo oitava. *Lingua castelá, linguas cooficiais e linguas que gocen de protección legal.*

1. As administracións educativas garantirán o dereito dos alumnos e das alumnas a recibir ensinanzas en castelán e nas demais linguas cooficiais nos seus respectivos territorios, de conformidade coa Constitución española, os estatutos de autonomía e a normativa aplicable.

2. Ao finalizar a educación básica, todos os alumnos e alumnas deberán alcanzar o dominio pleno e equivalente na lingua castelá e, se for o caso, na lingua cooficial correspondente.

3. As administracións educativas aplicarán os instrumentos de control, avaliación e mellora propios do sistema educativo e promoverán a realización de análises por parte dos centros, de modo que se garanta que todo o alumnado alcance a competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e, se for o caso, nas linguas cooficiais, no grao requirido. Así mesmo, impulsarán a adopción por parte dos centros das medidas necesarias para compensar as carencias que poidan existir en calquera das linguas.

4. Tanto a materia Lingua castelá e literatura como a Lingua cooficial e literatura deberán impartirse nas linguas correspondentes.

5. Aquelas comunidades autónomas en que existan linguas cooficiais que non teñen ese carácter en todo o seu territorio ou linguas non oficiais que gocen de protección legal poderán ofrecelas nos termos que determine a súa normativa reguladora.»

Noventa. A disposición adicional trixésimo novena queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional trixésimo novena. *Centros dependentes doutras administracións públicas.*

1. O Goberno regulará as condicións de aplicación, nos centros dependentes doutras administracións públicas, do establecido na presente lei e na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, para os órganos de goberno e participación dos centros públicos.

2. Os centros docentes militares, autorizados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, que dispoñan de núcleos de formación profesional que impartan ensinanzas de formación profesional do sistema educativo rexeranse pola presente lei, pola Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e polo establecido na normativa específica no referente á súa denominación, normas internas de organización, funcionamento, goberno e autonomía. Así mesmo, estableceranse mecanismos de coordinación entre os ministerios correspondentes, co obxectivo de definir as necesidades e os requisitos precisos, todo isto encamiñado ao cumprimento do currículo dos títulos de formación profesional.

3. O Goberno determinará as condicións de experiencia e formación pedagóxica para que o persoal da escala de suboficiais das Forzas Armadas poida impartir ensinanzas de formación profesional como profesor técnico para determinados ciclos formativos relacionados coa súa especialidade, exclusivamente dentro do ámbito do Ministerio de Defensa nos centros docentes militares.»

Noventa e un. A disposición adicional cuadraxésima queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional cuadraxésima. *Sistema de axudas e préstamo de libros de texto e outros materiais curriculares.*

O Ministerio de Educación e Formación Profesional promoverá, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, programas que faciliten a dispoñibilidade de forma gratuíta de libros de texto e outros materiais curriculares a través dun sistema de préstamo ou de axudas.»

Noventa e dous. A disposición adicional cuadraxésimo primeira queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional cuadraxésimo primeira. *Valores que sustentan a democracia e os dereitos humanos e prevención e resolución pacífica de conflitos.*

No currículo das diferentes etapas da educación básica atenderase á aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e dos valores que sustentan a democracia e os dereitos humanos, que debe incluír, en todo caso, a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato e a non discriminación, así como a prevención da violencia de xénero e o acoso escolar ou calquera outra manifestación de violencia. Recollerase, así mesmo, o coñecemento da historia da democracia en España desde as súas orixes á actualidade e a súa contribución ao fortalecemento dos principios e valores democráticos definidos na Constitución española.

Da mesma forma, considerarase o estudo e respecto doutras culturas, particularmente a propia do pobo xitano e a doutros grupos e colectivos, contribuíndo á valoración das diferenzas culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos. Atenderase, tamén, ao coñecemento de feitos históricos e conflitos que atentaron gravemente contra os dereitos humanos, como o Holocausto xudeu e a historia de loita polos dereitos das mulleres.»

Noventa e tres. Engádese unha disposición adicional cuadraxésimo cuarta, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional cuadraxésimo cuarta. *Requisitos para ser nomeado director ou directora de centros públicos.*

As habilitacións e acreditacións de directores ou directoras de centros públicos expedidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei consideraranse equivalentes á certificación acreditativa de ter superado o programa de formación sobre o desenvolvemento da función directiva, indicada no número 1 do artigo 135 e no número 1 do artigo 136 desta lei.»

Noventa e catro. Engádese unha disposición adicional cuadraxésimo quinta, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional cuadraxésimo quinta. *Probas de acceso á universidade establecidas en normativas anteriores.*

Quen superase as probas de acceso á universidade establecidas en normativas anteriores manterá a cualificación obtida no seu momento segundo os criterios e condicións que estableza o Goberno, ben que poderá presentarse aos procedementos de admisión fixados polas universidades para elevar a dita cualificación.»

Noventa e cinco. Engádesse unha disposición adicional cuadraxésimo sexta, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional cuadraxésimo sexta. *Promoción da actividade física e a alimentación saudable.*

As administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a alimentación saudable formen parte do comportamento infantil e xuvenil. Co obxectivo de fomentar e consolidar hábitos de vida saudables, as ditas administracións promoverán a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida sa e autónoma, para promover hábitos saudables de alimentación e a mobilidade activa e reducir o sedentarismo.

Os centros impulsarán o desenvolvemento de actividades docentes en espazos abertos e contornos naturais. O deseño, coordinación e supervisión das medidas que, para estes efectos, se adopten serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización adecuada nestes ámbitos.»

Noventa e seis. Engádesse unha nova disposición adicional cuadraxésimo sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuadraxésimo sétima. *Estudos incompletos.*

O Goberno regulará as condicións de promoción dun curso que non fose superado na súa totalidade ao seguinte, cando entre un e outro se apliquen as modificacións introducidas por esta lei relativas ao currículo, á organización e aos obxectivos.»

Noventa e seis bis. Engádesse unha nova disposición adicional cuadraxésimo oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuadraxésimo oitava. *Cambio das funcións do persoal docente.*

Os funcionarios docentes que mostren unha manifesta falta de condicións para ocupar un posto docente ou unha notoria falta de rendemento que non comporte inhibición poderán ser removidos do seu posto de traballo e realizar outras tarefas que non requiran atención directa co alumnado. A remoción debe ser consecuencia dun expediente contradictorio que finalice cunha avaliación negativa realizada pola inspección educativa.»

Noventa e seis ter. Engádesse unha nova disposición adicional cuadraxésimo novena, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuadraxésimo novena. *Programas e estratexias de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.*

As administracións educativas e a Administración local poderán desenvolver programas e estratexias de atención educativa complementaria de apoio á escolarización para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, mediante fórmulas non contractuais, con entidades privadas sen ánimo de lucro, institucións ou asociacións.»

Noventa e sete. A disposición derradeira terceira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira terceira. *Referencias contidas nesta lei.*

1. Todas as referencias contidas nas disposicións vixentes ás ensinanzas comúns entenderanse realizadas aos aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas.

2. Todas as referencias contidas nas disposicións vixentes aos títulos de graduado entenderanse referidas tanto a graduado como a graduada. Así mesmo, as referencias aos títulos de técnico entenderanse referidas tanto a técnico como a técnica.»

Noventa e oito. A disposición derradeira quinta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

1. A presente lei dítase con carácter básico ao abeiro da competencia que corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución. Exceptúanse do referido carácter básico os seguintes preceptos: artigos 7; 8.1 e 8.3; 9; 11.1 e 11.3; 12.4; 14.6; 15.3; 18.4; 18.5; 22.8; 24.6; 24.7; 26.1; 26.2; 35; 42.3; 47; 58.4, 58.5, 58.6, 58.7 e 58.8; 60.3 e 60.4; 66.2 e 66.4; 67.2, 67.3, 67.6, 67.7 e 67.8; 68.3; 72.4 e 72.5; 89; 90; 100.3; 101; 102.3 e 102.4; 103.1; 105.2; 106.2 e 106.3; 111 bis.4; 112.2, 112.4; 112.5 e 112.6; 113.3 e 113.4; 122.2 e 122.3; 122 bis; 123.2, 123.3, 123.4 e 123.5; 124.1, 124.2 e 124.4; 125; 130.1; 131.2 e 131.5; 144.3; 145; 146; 147.2; 154; disposición adicional décimo quinta, números 1, 4, 5 e 7; disposición adicional cuarta, disposición adicional cuaxaxésima, disposición adicional cuaxaxésimo primeira, disposición derradeira terceira e disposición derradeira cuarta.

2. Os artigos 30.4; 31.1 e 2; 37; 39.6, primeiro inciso; 41.2 e 3; 44.1, 2 e 3; 50; 53; 54.2 e 3; 55.2 e 3; 56; 57.2, 3 e 4, e 65 dítanse ao abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.»

Noventa e nove. A disposición derradeira sétima queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira sétima. *Carácter de lei orgánica da presente lei.*

Teñen carácter de lei orgánica o capítulo I do título preliminar; os artigos 3; 4; 5.1, 5.2; o capítulo III do título preliminar; os artigos 16; 17; 18.1, 18.2, 18.3; 19.1; 22; 23; 24; 25; 27; 30; 32; 33; 34; 36; 38; 39; 40; 41; 43; 44; 68; 71; 74; 78; 79 bis; 80; 81.3 e 81.4; 82; 83; 84.1, 84.2, 84.3, 84.4, 84.5, 84.6, 84.7, 84.8 e 84.9; 85; 86; 87; 108; 109; 110; 115; o capítulo IV do título IV; os artigos 118; 119; 126.1 e 126.2; 127; 128; 129; 131; 132; 133; 148; 149; 150; 151; 152; 153; as disposicións adicionais décimo sexta, décimo sétima, trixésimo terceira e trixésimo sexta; o número un da disposición adicional trixésimo novena; a disposición transitoria sexta, número terceiro; a disposición transitoria décima; as disposicións derradeiras primeira, sexta e sétima, e a disposición derogatoria única.»

**Disposición adicional primeira.** *Centros autorizados para impartir a modalidade de Ciencias e Tecnoloxía en bacharelato.*

Os centros docentes privados de bacharelato que no momento da entrada en vigor da presente lei impartan a modalidade de Ciencias, quedarán automaticamente autorizados para impartir a modalidade de Ciencias e Tecnoloxía, establecida nesta lei.

**Disposición adicional segunda.** *Vixencia das titulacións.*

1. O título profesional básico das ensinanzas de formación profesional regulado pola Lei orgánica 3/2006, de educación, tras a redacción da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, será equivalente para efectos laborais ao título de técnico básico regulado no artigo 30 desta lei.

2. O título de técnico ou técnica das ensinanzas profesionais de música ou de danza regulado pola Lei orgánica 3/2006, de educación, tras a redacción da Lei 8/2013, do 9 de



decembro, para a mellora da calidade educativa, será equivalente para todos os efectos ao título profesional a que se refire o número 1 do artigo 50 desta lei.

**Disposición adicional terceira.** *Extensión da educación infantil.*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno, en colaboración coas administracións educativas, elaborará un plan de oito anos de duración para a extensión do primeiro ciclo de educación infantil de maneira que avance cara a unha oferta pública suficiente e accesible con equidade e calidade e garanta o seu carácter educativo. Na súa progresiva implantación tenderase á extensión da súa gratuidade, priorizando o acceso do alumnado en situación de risco de pobreza e exclusión social e a situación de baixa taxa de escolarización.

**Disposición adicional cuarta.** *Evolución da escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais.*

As administracións educativas velarán para que as decisións de escolarización garantan a resposta máis adecuada ás necesidades específicas de cada alumno ou alumna, de acordo co procedemento que se recolle no artigo 74 desta lei. O Goberno, en colaboración coas administracións educativas, desenvolverá un plan para que, no prazo de dez anos, de acordo co artigo 24.2.e) da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade de Nacións Unidas e en cumprimento do cuarto obxectivo de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, os centros ordinarios conten cos recursos necesarios para poder atender nas mellores condicións o alumnado con discapacidade. As administracións educativas continuarán prestando o apoio necesario aos centros de educación especial para que estes, ademais de escolarizaren os alumnos e alumnas que requiran unha atención moi especializada, desempeñen a función de centros de referencia e apoio para os centros ordinarios.

**Disposición adicional quinta.** *Prioridades nos programas de cooperación territorial.*

Co fin de alcanzar as metas do obxectivo 4 da Axenda 2030, o Goberno, en colaboración coas administracións educativas, promoverá durante o período de implantación desta lei os programas de cooperación territorial como liña estratéxica de actuación, con especial atención a mellorar os niveis de escolarización accesible e alcanzable no primeiro ciclo de educación infantil e en formación profesional, así como para promover o desenvolvemento das competencias, a educación inclusiva, a prevención e redución do abandono temperán da educación e a formación, o plurilingüismo, o fortalecemento da escola rural e insular e o desenvolvemento profesional docente.

**Disposición adicional sexta.** *Educación para o desenvolvemento sustentable e para a cidadanía mundial.*

Tal como se establece no cuarto obxectivo de desenvolvemento sustentable e da Axenda 2030, a educación para o desenvolvemento sustentable e para a cidadanía mundial terase en conta nos procesos de formación do profesorado e no acceso á función docente. De acordo co anterior, para o ano 2022 os coñecementos, habilidades e actitudes relativos á educación para o desenvolvemento sustentable e para a cidadanía mundial terán sido incorporados ao sistema de acceso á función docente. Así mesmo, en 2025 todo o persoal docente deberá ter recibido cualificación nas metas establecidas na Axenda 2030.

**Disposición adicional sétima.** *Normativa sobre o desenvolvemento da profesión docente.*

Co fin de que o sistema educativo poida afrontar en mellores condicións os novos retos demandados pola sociedade e impulsar o desenvolvemento da profesión docente, o Goberno, consultadas as comunidades autónomas e os representantes do profesorado,

presentará, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, unha proposta normativa que regule, entre outros aspectos, a formación inicial e permanente, o acceso e o desenvolvemento profesional docente.

**Disposición adicional oitava.** *Plan de incremento do gasto público educativo.*

Co fin de dar cumprimento ao establecido na presente lei para dotar o conxunto do sistema educativo dos recursos económicos vinculados aos obxectivos previstos nela, o plan de incremento do gasto público previsto no artigo 155.2 formularase no prazo de dous anos a partir do momento de entrada en vigor da lei. En todo caso, o dito plan recollerá o incremento do gasto público educativo mencionado até un mínimo do 5 por cento do produto interior bruto.

**Disposición adicional novena.** *Regulación das ensinanzas artísticas superiores.*

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e oído o Consello de Universidades, presentará unha proposta normativa para a regulación das condicións básicas para a organización das ensinanzas artísticas superiores previstas no artigo 58, ademais das que se refiren ás titulacións e requisitos do profesorado derivados das condicións de inserción destas ensinanzas no marco da educación superior.

Do mesmo modo, o Goberno incluírá na dita proposta a organización e equivalencias das ensinanzas artísticas profesionais e a súa relación co Catálogo nacional das cualificacións profesionais.

**Disposición adicional décima.** *Plan de continxencia para situacións de emerxencia.*

O Ministerio de Educación e Formación Profesional, en colaboración coas administracións educativas, definirá un modelo de Plan de continxencia para dar continuidade á actividade educativa, de modo que garanta o dereito á educación do alumnado en calquera circunstancia. Así mesmo, velará polo seu desenvolvemento, cumprimento e actualización en todos os centros educativos.

Este plan incluírá aspectos organizativos e de funcionamento do centro, a coordinación dos órganos de goberno e de coordinación docente e as medidas que faciliten a comunicación coa comunidade educativa. Así mesmo, recollerá, se for o caso, a participación dos distintos membros da comunidade educativa na mitigación e resposta ante a situación de emerxencia.

De igual modo, conterá as medidas que garantan a competencia dixital do alumnado e profesorado, reducindo no posible as fendas dixitais de acceso e uso, e as previsións para a revisión dos elementos do currículo e das programacións didácticas centradas nos aspectos máis competenciais do currículo.

Para tal fin, o Goberno regulará as normas necesarias para a aplicación das medidas excepcionais e transitorias derivadas do Plan de continxencia para situacións de emerxencia.

**Disposición adicional décimo primeira.** *Profesorado do corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional.*

1. Intégranse no corpo de profesores de ensino secundario as especialidades de formación profesional incluídas no corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional, mantendo a atribución docente recoñecida pola normativa vixente.

2. O Goberno, de acordo coas administracións educativas, establecerá o procedemento para o ingreso neste corpo, así como para o acceso a el do profesorado técnico de formación profesional que estea en posesión na data de entrada en vigor desta lei orgánica da titulación de grao universitario, ou equivalente para efectos de acceso á función pública, nas condicións que se determinen.

3. Os funcionarios de carreira do corpo de profesores técnicos de formación profesional que, por non reuniren os requisitos de titulación exixidos na data de entrada en vigor desta lei, non poidan acceder ao corpo de profesores de ensino secundario permanecerán no corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional. Estes profesores manterán a súa especialidade e a atribución docente recoñecida pola normativa vixente.

**Disposición transitoria primeira.** *Probas finais de etapa.*

1. Co fin de posibilitar o diagnóstico de debilidades e o deseño e implantación de medidas de mellora da calidade do sistema educativo español, e mentres non se implanten as avaliacións xerais do sistema educativo previstas no artigo 143 desta lei, o Goberno regulará o calendario e as características das ditas probas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria correspondentes a este período.

2. Até o inicio do curso seguinte á entrada en vigor desta lei, a avaliación de bacharelato para o acceso aos estudos universitarios terá as seguintes características:

a) A avaliación unicamente se terá en conta para o acceso á universidade, pero a súa superación non será necesaria para obter o título de bacharel.

b) Poderá presentarse á avaliación o alumnado que estea en posesión do título de bacharel, así como o alumnado que se encontre nalgunha das situacións previstas na disposición adicional terceira do Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

c) As administracións educativas, en colaboración coas universidades, de acordo coas súas competencias en materia de acceso á universidade, que asumirán as mesmas funcións e responsabilidades que tiñan en relación coas probas de acceso á universidade, organizarán a realización material da proba para o acceso á universidade e garantirán a súa adecuación ao currículo de bacharelato. Non obstante, cada Administración educativa poderá delimitar o alcance da colaboración das súas universidades na realización da proba. A dita avaliación terá validez para o acceso ás distintas titulacións das universidades españolas.

d) A adquisición das competencias avaliarase a través das materias de segundo curso e, se for o caso, da materia Lingua cooficial e literatura. Os alumnos que queiran mellorar a súa nota de admisión poderán examinarse de até catro materias de opción do bloque das materias de modalidade de segundo curso.

3. Até a aplicación das modificacións introducidas nesta lei en relación coas condicións de titulación en educación secundaria obrigatoria e bacharelato, para a obtención dos títulos correspondentes non será necesaria a superación das avaliacións finais destas etapas.

**Disposición transitoria segunda.** *Acceso á universidade.*

Até a implantación das modificacións previstas nesta lei en relación co acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, realizarase da seguinte forma:

a) Os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do alumnado que obtivese o título de bacharel serán os seguintes:

A cualificación obtida na proba que realicen os alumnos que queiran acceder á universidade a que se refire o artigo 36 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, tras a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, será a media aritmética das cualificacións numéricas de cada unha das materias e, se for o caso, da materia Lingua cooficial e literatura, expresada nunha escala de 0 a 10 con dúas cifras decimais e arredondada á centésima. Esta cualificación deberá ser igual ou superior a 4 puntos, para que poida ser tida en conta no acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

A cualificación para o acceso a estudos universitarios deste alumnado calcularase ponderando un 40 por 100 a cualificación da proba sinalada no parágrafo anterior e un 60 por 100 a cualificación final da etapa. Entenderase que se reúnen os requisitos de acceso cando o resultado desta ponderación sexa igual ou superior a cinco puntos.

A cualificación obtida en cada unha das materias de modalidade da proba sinalada anteriormente poderá ser tida en conta para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao cando teña lugar un procedemento de concorrencia competitiva.

As administracións educativas, en colaboración coas universidades, de acordo coas súas competencias en materia de acceso á universidade, asumirán as mesmas funcións e responsabilidades que tiñan en relación coas probas de acceso á universidade, organizarán a realización material da proba sinalada no parágrafo anterior para o acceso á universidade e garantirán a súa adecuación ao currículo de bacharelato. Non obstante, cada Administración educativa poderá delimitar o alcance da colaboración das súas universidades na realización da proba. A dita avaliación terá validez para o acceso ás distintas titulacións das universidades españolas.

b) Poderá acceder á universidade sen necesidade de realizar as probas finais reguladas no número tres da disposición transitoria primeira o alumnado a que se refire a disposición adicional trixésimo terceira.

**Disposición transitoria segunda bis.** *Estándares de aprendizaxe avaliáveis.*

Até a implantación das modificacións introducidas nesta lei relativas ao currículo, á organización e aos obxectivos de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, a que se refire o artigo 6 bis, tras a redacción da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, terán carácter orientativo.

**Disposición transitoria terceira.** *Obtención do título de educación secundaria obrigatoria ao superar a formación profesional básica.*

Até a implantación das modificacións introducidas nesta lei relativas á avaliación e titulación dos ciclos formativos básicos, o alumnado que obteña o título profesional básico poderá lograr o título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria, sempre que superase as ensinanzas dos bloques e módulos en que están organizados estes ciclos e o equipo docente considere que se alcanzaron os obxectivos de educación secundaria obrigatoria e adquiriron as competencias correspondentes.

**Disposición transitoria cuarta.** *Adaptación dos centros.*

Os centros que atendan de maneira regular nenos e nenas menores de tres anos e que no momento da entrada en vigor desta lei non estean autorizados como centros de educación infantil disporán para adaptarse aos requisitos mínimos previstos no artigo 14.7 do prazo máximo que se estableza.

**Disposición transitoria quinta.** *Aplicación das normas regulamentarias.*

Nas materias cuxa regulación remite a presente lei a posteriores disposicións regulamentarias, e mentres estas non sexan ditadas, serán de aplicación en cada caso as normas deste rango até agora vixentes.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

2. Queda derogado o Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

3. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.*

Modifícanse os seguintes artigos e disposicións da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, que quedan redactado da seguinte maneira:

Un. Artigo cuarto.

«1. Os pais, nais ou titores, en relación coa educación dos seus fillos e fillas ou pupilos e pupilas, teñen os seguintes dereitos:

a) A que reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme cos fins establecidos na Constitución, no correspondente estatuto de autonomía e nas leis educativas.

b) A escollerem centro docente tanto público como distinto dos creados polos poderes públicos.

c) A que reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

d) A estaren informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos e fillas.

e) A participaren no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

f) A participaren na organización, funcionamento, goberno e avaliación do centro educativo, nos termos establecidos nas leis.

g) A seren oídos naquelas decisións que afecten a orientación académica e profesional dos seus fillos e fillas.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos e fillas ou pupilos e pupilas, correspóndelles:

a) Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos e fillas ou pupilos e pupilas cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase.

b) Proporcionar, na medida das súas dispoñibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar. Así mesmo, deberán informar das dificultades que poidan ter os seus fillos ou fillas nos seus procesos de aprendizaxe ou socialización.

c) Estimularlos para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden.

d) Participar de maneira activa nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros establezan coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos e fillas.

e) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e os centros.

f) Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado.

g) Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.

h) Participar de forma cooperativa naqueles proxectos e tarefas que se lles propoñan desde o centro educativo.»

Dous. Número 5 do artigo quinto.

«As administracións educativas favorecerán o exercicio do dereito de asociación de nais e pais, así como a formación de federacións e confederacións.»

Tres. Artigo sexto.

«1. Todos os alumnos e alumnas teñen os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean cursando.

2. Todos os alumnos e alumnas teñen o dereito e o deber de coñecer a Constitución española e o respectivo estatuto de autonomía, co fin de formarse nos valores e principios recoñecidos neles.

3. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos:

a) A recibir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.

d) A recibir orientación educativa e profesional.

e) A unha educación inclusiva e de calidade.

f) A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e as súas conviccións morais, de acordo coa Constitución.

g) Á protección contra toda intimidación, discriminación e situación de violencia ou acoso escolar.

h) A expresar as súas opinións libremente, respectando os dereitos e a reputación das demais persoas, no marco das normas de convivencia do centro.

i) A participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto nas normas vixentes.

j) A recibir as axudas e os apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo.

k) Á protección social, no ámbito educativo, nos casos de infortunio familiar ou accidente.

4. Son deberes básicos dos alumnos e as alumnas:

a) Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo as súas capacidades.

b) Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas escolares e nas complementarias gratuítas.

c) Seguir as directrices do profesorado.

d) Asistir á clase con puntualidade.

e) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación e á autoridade e orientacións do profesorado.

f) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, e a diversidade, dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

g) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro educativo,

h) Conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e materiais didácticos.»

Catro. O número 3 do artigo sétimo queda redactado nos seguintes termos:

«3. As administracións educativas favorecerán o exercicio do dereito de asociación dos alumnos e alumnas, así como a formación de federacións e confederacións.»

Cinco. O último parágrafo do artigo oitavo queda redactado nos seguintes termos:

«Co fin de estimular o exercicio efectivo da participación do alumnado nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaboraren as súas normas de organización e funcionamento, as condicións en que os seus alumnos e alumnas poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia a clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas sexan resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro.»

Seis. O artigo vixésimo quinto queda redactado nos seguintes termos:

«Dentro das disposicións da presente lei e normas que a desenvolven, os centros privados non concertados gozarán de autonomía para establecer o seu réxime interno, seleccionar o seu profesorado de acordo coa titulación exixida pola lexislación vixente, elaborar o proxecto educativo, organizar a xornada en función das necesidades sociais e educativas dos seus alumnos e alumnas, ampliar o horario lectivo de áreas ou materias, determinar o procedemento de admisión do alumnado, establecer as normas de convivencia e definir o seu réxime económico.»

Sete. O artigo quincuaxésimo queda redactado nos seguintes termos:

«Os centros concertados cuxa titularidade sexa recoñecida como entidade sen ánimo de lucro ou en réxime de cooperativa consideraranse asimilados ás fundacións benéfico-docentes para efectos da aplicación a estes dos beneficios, fiscais e non fiscais, que estean recoñecidos ás citadas entidades, con independencia de cantos outros poidan corresponderlles en consideración coa actividade educativa que desenvolven.»

Oito. O número 2 do artigo quincuaxésimo cuarto queda redactado nos seguintes termos:

«2. As facultades do director ou directora serán:

- a) Dirixir e coordinar todas as actividades educativas do centro, de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das funcións do consello escolar do centro.
- b) Exercer a xefatura do persoal docente.
- c) Convocar e presidir os actos académicos e as reunións de todos os órganos colexiados do centro.
- d) Visar as certificacións e documentos académicos do centro.
- e) Executar os acordos dos órganos colexiados no ámbito das súas facultades.
- f) Impor as medidas correctoras que correspondan aos alumnos e alumnas en cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ao consello escolar.
- g) Cantas outras facultades lle atribúan as normas de organización e funcionamento do centro.»

Nove. O número 1 do artigo quincuaxésimo sexto queda redactado nos seguintes termos:

«1. O consello escolar dos centros privados concertados estará constituído:

Polo director ou directora.

Por tres representantes do titular do centro. Catro representantes do profesorado.

Por catro representantes dos pais, nais ou titores dos alumnos e alumnas, elixidos por e entre eles.

Por dous representantes do alumnado elixidos por e entre este, a partir do primeiro curso de educación secundaria obrigatoria.

Por un representante do persoal de administración e servizos.

Por un representante do concello en cuxo termo municipal estea radicado o centro, nas condicións que dispoñan as administracións educativas.

Na composición do consello escolar deberase promover a presenza equilibrada de mulleres e homes.

Unha vez constituído o consello escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva de mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero, promovendo os instrumentos necesarios para facer un seguimento das posibles situacións de violencia de xénero que se poidan dar no centro.

Ademais, nos centros específicos de educación especial e naqueles que teñan aulas especializadas, formará parte tamén do consello escolar un representante do persoal de atención educativa complementaria.

Un dos representantes das familias no consello escolar será designado pola asociación de nais e pais máis representativa no centro.

Así mesmo, os centros concertados que impartan formación profesional poderán incorporar ao seu consello escolar un representante do mundo da empresa, designado polas organizacións empresariais, de acordo co procedemento que as administracións educativas establezan.»

Dez. O artigo quincuaxésimo sétimo terá a seguinte redacción nas súas letras c), d), f) e n), e engádese unha nova letra d bis):

«c) Participar no proceso de admisión do alumnado, garantindo a suxeición ás normas sobre este.

d) Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos das persoas menores de idade.

d bis) Coñecer as condutas contrarias á convivencia no centro e a aplicación das medidas correctoras, velando por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o consello escolar, por instancia de nais, pais ou titores, poderá valorar a situación e propor, se for o caso, as medidas oportunas.

f) Emitir informe e avaliar a programación xeral do centro que, con carácter anual, elaborará o equipo directivo.

n) Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade de trato e a non discriminación, a igualdade de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.»

Once. O número 1 do artigo quincuaxésimo noveno queda redactado nos seguintes termos:

«1. O director ou directora dos centros concertados será nomeado polo titular, de entre o profesorado do centro cun ano de permanencia neste ou tres de docencia noutro centro docente da mesma entidade titular, logo de informe do consello escolar do centro, que será adoptado por maioría dos seus membros.»

Doce. O artigo sexaxésimo queda redactado nos seguintes termos:

«1. As vacantes do persoal docente que se produzan nos centros concertados anunciaranse publicamente.



2. Para efectos da súa provisión, o consello escolar do centro, por proposta do titular, establecerá os criterios de selección, que atenderán basicamente aos principios de mérito e capacidade en relación co posto docente que vaian ocupar.

3. O titular do centro xunto co director ou directora seleccionará o persoal, de acordo cos criterios de selección establecidos.

4. O titular do centro dará conta ao consello escolar deste da provisión de profesores ou profesoras que efectúe.

5. A extinción da relación laboral de profesores ou profesoras dos centros concertados deberá ser comunicada ao consello escolar do centro para que, se for o caso, poidan establecerse os procesos de conciliación necesarios.

6. A Administración educativa competente verificará que os procedementos de selección e extinción da relación laboral do profesorado se realicen de acordo co disposto na normativa e procedementos que resulten de aplicación.»

**Disposición derradeira segunda.** *Modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.*

Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 42 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, que quedan redactados como segue:

«2. Para o acceso á universidade será necesario estar en posesión do título de bacharel ou equivalente e ter superado a proba a que se refire o artigo 38 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.»

«3. Corresponde ao Goberno, logo de informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria, establecer as normas básicas para a admisión dos estudantes que soliciten ingresar nos centros universitarios, sempre con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade, e en todo caso de acordo co indicado no artigo 38 e nas disposicións adicionais trixésimo terceira e trixésimo sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.»

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.*

Modifícanse os seguintes artigos e disposicións da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, que quedan redactados da seguinte maneira:

Un. O número 1.a) do artigo cuarto queda redactado nos seguintes termos:

«a) O Catálogo nacional de cualificacións profesionais, que ordenará as identificadas no sistema produtivo en función das competencias apropiadas para o exercicio profesional que sexan susceptibles de recoñecemento e acreditación.»

Dous. O número 3 do artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«3. O Instituto Nacional das Cualificacións, creado polo Real decreto 375/1999, do 5 de marzo, é o órgano técnico de apoio ao Consello Xeral da Formación Profesional responsable de definir, elaborar e manter actualizado o Catálogo nacional de cualificacións profesionais.»

Tres. Os números 1, 3 e 4.a) do artigo 7 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Coa finalidade de facilitar o carácter integrado e a adecuación entre a formación profesional e os requirimentos de cualificación do sistema produtivo, así como a formación ao longo da vida, a mobilidade dos traballadores e a unidade de mercado laboral, créase o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, aplicable a todo o territorio nacional, que estará constituído polas cualificacións identificadas no sistema produtivo.

Así mesmo, existirá un catálogo modular de formación profesional, que incorporará a formación asociada ás unidades de competencia das cualificacións profesionais. Estará organizado en módulos de formación asociada e constituirá o referente para o deseño dos títulos de formación profesional do sistema educativo, os certificados de profesionalidade e outras formacións que recolla o sistema de formación profesional.»

«3. O Ministerio de Educación e Formación Profesional adecuará os módulos dos títulos de formación profesional e dos certificados de profesionalidade, así como calquera outra formación, ás modificacións de aspectos puntuais das cualificacións e unidades de competencia recollidas no Catálogo nacional de cualificacións profesionais aprobadas, logo de consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional.»

«4.a) Cualificación profesional: o conxunto de estándares de competencia con significación para o emprego que pode ser adquirido mediante formación modular ou outros tipos de formación e a través da experiencia laboral.»

Catro. Suprímese o número 5 e modifícase o número 1 do artigo 10, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A Administración xeral do Estado, de conformidade co que se establece no artigo 149.1.30.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup> da Constitución e logo de consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional, determinará os títulos, os certificados de profesionalidade e demais ofertas formativas que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade poderán incluír formacións complementarias non asociadas ao Catálogo para cumprir con outros obxectivos específicos destas ensinanzas ou as recomendacións da Unión Europea.»

**Disposición derradeira cuarta.** *Modificación da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

O artigo 83.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, queda redactado da seguinte maneira:

«1. O sistema educativo garantizará a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun consumo responsable e un uso crítico e seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, a xustiza social e a sustentabilidade ambiental, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade persoal e familiar e a protección de datos persoais. As actuacións realizadas neste ámbito terán carácter inclusivo, en particular no que respecta ao alumnado con necesidades educativas especiais.

As administracións educativas deberán incluír no desenvolvemento do currículo a competencia dixital a que se refire o número anterior, así como os elementos relacionados coas situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede.»

**Disposición derradeira quinta.** *Calendario de implantación.*

1. No momento de entrada en vigor desta lei aplicaranse as modificacións relativas:
  - a) Á participación e competencias de consello escolar, claustro e director ou directora.
  - b) Á autonomía dos centros docentes.
  - c) Á selección do director ou directora nos centros públicos.
  - d) Á admisión de alumnos.

Os procesos relativos ás letras c) e d) que se iniciasen con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento de iniciarse.

2. Ao inicio do curso seguinte á entrada en vigor desta lei implantaranse:

a) As modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativas.

b) As modificacións introducidas nas condicións de titulación de educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos de grao básico e bacharelato.

c) A titulación das ensinanzas profesionais de música e danza.

d) As condicións de acceso ás diferentes ensinanzas.

3. As modificacións introducidas no currículo, a organización e obxectivos de educación primaria implantaranse, para os cursos primeiro, terceiro e quinto, no curso escolar que se inicie un ano despois da entrada en vigor desta lei, e para os cursos segundo, cuarto e sexto, no curso que se inicie dous anos despois da dita entrada en vigor.

4. As modificacións introducidas no currículo, a organización, obxectivos e programas de educación secundaria obrigatoria implantaranse, para os cursos primeiro e terceiro, no curso escolar que se inicie un ano despois da entrada en vigor desta lei, e para os cursos segundo e cuarto, no curso que se inicie dous anos despois da dita entrada en vigor.

5. As modificacións introducidas no currículo, a organización e obxectivos de bacharelato implantaranse, para o primeiro curso no curso escolar que se inicie, un ano despois da entrada en vigor desta lei, e para o segundo curso, no curso que se inicie dous anos despois da dita entrada en vigor.

6. As modificacións introducidas no currículo, a organización e obxectivos nos ciclos formativos de grao básico implantaranse no curso que se inicie un ano despois da entrada en vigor desta lei. Neste curso suprimírase a oferta de módulos obrigatorios dos programas de cualificación profesional inicial preexistentes. O segundo curso dos ciclos formativos de grao básico implantárase no curso que se inicie dous anos despois da dita entrada en vigor. Neste curso suprimírase a oferta de módulos voluntarios dos programas de cualificación profesional inicial preexistentes.

7. As modificacións que se introducen no artigo 38 desta lei, relativas ao acceso e admisión á universidade aplicaranse no curso escolar en que se implante o segundo curso de bacharelato.

8. As avaliacións de diagnóstico a que se refiren os artigos 21 e 29 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, comezarán a aplicarse no curso escolar en que se implanten os cursos cuarto de educación primaria e segundo de educación secundaria obrigatoria.

**Disposición derradeira sexta.** *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 29 de decembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN